

ÍNDICE XERAL DO PXOM

DOC. I.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBXETIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS DETERMINACIÓNS

DOC. II.- ESTUDO DO MEDIO RURAL

DOC. III.- ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

DOC. IV.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC. V.- PLANOS DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA

DOC. VI.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC. VII.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN

DOC. VIII.- ESTUDO ECONÓMICO

DOC. IX.- CATÁLOGO DE ELEMENTOS A PROTEXER OU RECUPERAR

DOC. X.- INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

DOC. XI.- INFORME OU MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA

DOC. XII.- DOCUMENTO DE CONSULTAS

DOC. I.- MEMORIA XUSTIFICATIVA

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	4	2.6.2	Análise sobre a vivenda.....	46
1.1	EQUIPO REDACTOR.....	4	2.6.2.1	Características xerais.....	46
1.2	CONTIDO DA MEMORIA XUSTIFICATIVA.....	4	2.6.2.2	Distribución das vivendas por parroquias.....	46
2	MEMORIA DA INFORMACIÓN URBANÍSTICA.....	9	2.6.2.3	Distribución das vivendas por entidades de poboación.....	47
2.1	LOCALIZACIÓN DO MUNICIPIO E ESTRUCTURA COMARCAL.....	9	2.6.2.4	Tipos de vivenda.....	47
2.1.1	Localización.....	9	2.6.3	Evolución da vivenda.....	47
2.1.2	Estructura comarcal.....	9	2.6.4	Previsións de crecemento da vivenda.....	63
2.1.2.1	A comarca do "DEZA".....	9	2.6.5	Edificacións, elementos e conxuntos de interese.....	64
2.1.2.2	Estructura comarcal.....	9	2.7	O SOLO URBANO.....	64
2.1.2.3	Características socio-económicas.....	10	2.7.1	Características das áreas urbanas.....	64
2.1.2.4	A vivenda.....	14	2.7.1.1	Núcleo de Silleda.....	64
2.1.2.5	Modelo de asentamento de poboación.....	17	2.7.1.2	Núcleo de A Bandeira.....	65
2.2	DESCRIPCIÓN FÍSICA DO TERRITORIO.....	18	2.7.2	Estudo descritivo e identificativo da rede urbana existente.....	66
2.2.1	Características físicas.....	18	2.8	AFECCIÓNS.....	67
2.2.2	Usos do solo.....	18	2.8.1	Planeamento urbanístico.....	67
2.2.3	Áreas singulares e de interese.....	19	2.8.1.1	Planeamento urbanístico vixente.....	67
2.3	INFRAESTRUTURAS.....	19	2.8.1.2	Antecedentes da tramitación do PXOM.....	67
2.3.1	De comunicacións.....	19	2.8.1.3	Planeamento vixente e en redacción dos Concellos limítrofes.....	67
2.3.1.1	Rede Viaria.....	19	2.8.1.4	Influencia do planeamento urbanístico dos concellos limítrofes.....	67
2.3.1.2	Ferrocarril.....	21	2.8.2	Incidencia da lexislación sectorial.....	68
2.3.2	De Servizos urbanísticos.....	21	2.9	PREVISIÓN DE ACTUACIÓNS.....	68
2.3.2.1	Abastecemento de auga.....	21	3	DIAGNOSE DA SITUACIÓN URBANÍSTICA.....	69
2.3.2.2	Saneamento.....	22	3.1	CONSIDERACIÓNS PREVIAS.....	69
2.3.2.3	Enerxía eléctrica.....	23	3.1.1	Núcleos urbanos de SILLEDA e A BANDEIRA.....	69
2.3.2.4	Gas.....	23	3.1.2	Medio rural.....	69
2.3.2.5	Iluminación pública.....	23	3.2	CARACTERÍSTICAS DO PROCESO DE CRECEMENTO.....	69
2.3.2.6	Xestión de residuos sólidos.....	23	3.2.1	Estructura territorial.....	69
2.4	ESPAZOS LIBRES E EQUIPAMENTOS.....	23	3.2.2	Problemas detectados.....	70
2.4.1	Espazos libres.....	23	3.3	INFLUENZA DOS CONCELLOS LIMÍTROFES.....	70
2.4.1.1	Inventario de espazos libres existentes.....	23	3.4	CRITERIOS DE ORDENACIÓN QUE DEBEN ADOPTARSE.....	71
2.4.1.2	Estudo sobre a actual cobertura.....	25	4	DESCRIPCIÓN DA ORDENACIÓN.....	72
2.4.2	Equipamentos.....	26	4.1	OBXECTIVOS E CRITERIOS DO PXOM E DAS SOLUCIÓNS DE ORDENACIÓN ADOPTADAS.....	72
2.4.2.1	Inventario de equipamentos existentes.....	26	4.1.1	Obxectivos e criterios xerais.....	72
2.4.2.2	Estudo sobre a actual cobertura.....	29	4.1.2	Estructura xeral e orgánica do territorio.....	73
2.4.2.3	Estudo sobre os tipos de equipamento.....	29	4.1.2.1	Sistema xeral de comunicacións e as súas zonas de protección.....	73
2.5	POBOACIÓN E ACTIVIDADES ECONÓMICAS.....	34	4.1.2.2	Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes públicas.....	75
2.5.1	Poboación.....	34	4.1.2.3	Sistema Xeral de Equipamento Comunitario Público.....	79
2.5.1.1	Características xerais.....	34	4.1.2.4	Sistema Xeral de Infraestruturas de Servizos.....	82
2.5.1.2	Distribución da poboación no municipio.....	34	4.1.3	Obxectivos e criterios ambientais.....	95
2.5.1.3	Evolución da poboación.....	35	4.1.4	Clasificación de solo.....	96
2.5.1.4	Previsións da evolución demográfica.....	41	4.1.4.1	Consideracións xerais.....	96
2.5.2	Actividades económicas.....	42	4.1.4.2	Solo urbano.....	96
2.5.2.1	A poboación activa.....	42	4.1.4.3	Solo de núcleo rural.....	97
2.5.2.2	O sector primario.....	42	4.1.4.4	Solo urbanizable.....	97
2.5.2.3	Sector Secundario.....	43	4.1.4.5	Solo rústico.....	98
2.5.2.4	Sector Terciario.....	43	4.1.4.6	Distribución de superficies segundo a clasificación de solo establecida.....	98
2.6	EDIFICACIÓN E VIVENDA.....	46	4.1.5	Ordenación e determinacións establecidas en cada unha das distintas clases de solo.....	99
2.6.1	Características xerais.....	46	4.1.5.1	Solo urbano.....	99
			4.1.5.2	Solo de núcleo rural.....	100
			4.1.5.3	Solo urbanizable.....	100
			4.1.5.4	Solo rústico.....	101

5	XUSTIFICACIÓN DE DETERMINACIÓNS	104	5.8.2.2	Relativo a cuantificación e análise do parque de vivendas	126
5.1	MOTIVACIÓN DAS DECISIÓNS DE TIPO DISCRECIONAL	104	5.8.2.3	Relativo ás previsións de crecemento da vivenda	127
5.2	XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS ESTÁNDARES RESULTANTES DA ORDENACIÓN DO PXOM COS ESTABLECIDOS POLA LOUG	104	5.8.2.4	Relativos á clasificación de solo	127
	104	5.8.2.5	Obxectivos e criterios ambientais adoptados	128
5.2.1	Consideracións xerais.....	104	5.8.2.6	Estudo da paisaxe urbana.....	130
5.2.2	Capacidade máxima residencial	104			
5.2.3	Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes.....	109			
5.2.4	Sistema xeral de equipamento comunitario	109			
5.3	XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS SUPERFICIES DOTACIONAIS LOCAIS EN SOLO URBANO E EN SOLO URBANIZABLE DELIMITADO.....	110			
5.3.1	Consideracións xerais.....	110			
5.3.2	Dotacións locais en solo urbano	110			
	5.3.2.1 Sistema de espazos libres públicos	110			
	5.3.2.2 Sistema de equipamentos públicos.....	110			
	5.3.2.3 Prazas de aparcadoiro de vehículos	110			
5.3.3	Dotacións locais en solo urbanizable delimitado	111			
5.4	XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS INDICADORES DE INTENSIDADES EDIFICATORIAS E CONSOLIDACIÓN	111			
5.4.1	Xustificación da consolidación dos núcleos rurais	111			
5.4.2	Solo urbano non consolidado.....	117			
5.4.3	Solo urbanizable.....	117			
5.5	XUSTIFICACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS EN MATERIA DE XESTIÓN URBANÍSTICA	117			
5.5.1	Consideracións xerais.....	117			
5.5.2	Criterios xerais de xestión	117			
	5.5.2.1 SOLO URBANO	117			
	5.5.2.2 SOLO URBANIZABLE	118			
5.5.3	Coefficientes de ponderación e aproveitamento tipo	118			
5.5.4	Criterios para a determinación do aproveitamento	119			
5.6	XUSTIFICACIÓN DAS RESERVAS DE SOLO PARA VIVENDA PROTEXIDA	119			
5.7	XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS CRITERIOS E LÍMITES ESTABLECIDOS POLA LEXISLACIÓN URBANÍSTICA E SECTORIAL VIXENTES.....	119			
5.7.1	Respecto aos criterios establecidos nos Arts. 46º.1, 47º.3 e 48º da LOUG	119			
5.7.2	Congruencia da ordenación cos obxectivos e fins pretendidos polo PXOM	120			
5.7.3	Xustificación das proteccións establecidas en solo rústico	120			
5.7.4	Xustificación da aptitude para o desenvolvemento urbanístico das áreas clasificadas como solo urbanizable	121			
5.7.5	Xustificación das medidas adoptadas en materia de xestión urbanística.....	121			
5.7.6	Xustificación detallada do cumprimento da lexislación sectorial que afecta á ordenación urbanística.....	121			
	5.7.6.1 Medio ambiente.....	121			
	5.7.6.2 Espazos naturais.....	121			
	5.7.6.3 Paisaxe	122			
	5.7.6.4 Augas.....	122			
	5.7.6.5 Estradas.....	122			
	5.7.6.6 Ferrocarril	122			
	5.7.6.7 Aeroportos.....	122			
	5.7.6.8 Patrimonio cultural	122			
	5.7.6.9 Cemiterios.....	123			
	5.7.6.10 Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.....	123			
	5.7.6.11 Habitabilidade.....	125			
5.7.7	Xustificación do cumprimento da lei de comercio interior	125			
5.7.8	Xustificación das infraestruturas de telecomunicacións	126			
5.8	XUSTIFICACIÓN DA COHERENCIA DAS DETERMINACIÓNS DO PXOM	126			
5.8.1	Co contido dos instrumentos de ordenación do territorio	126			
5.8.2	Coas Directrices de ordenación do territorio de Galicia.....	126			
	5.8.2.1 Relativo ás actividades socioeconómicas	126			

1 INTRODUCCIÓN

O presente documento constitúe a "**MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ORDENACIÓN**", integrante do "**Plan Xeral de Ordenación Municipal de SILLEDA**", de conformidade coas disposicións contidas no Art. 61º.a) da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en diante LOUG.).

A presente Memoria, de acordo co establecido no Prego de Condicións Técnicas para a redacción do presente Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante PXOM), contén: a información urbanística xeral, a súa diagnose e a exposición e xustificación das solucións de ordenación adoptadas. Así mesmo contén, para cada fase, o resultado dos trámites anteriormente realizados (exposicións ao público, informes sectoriais, etc.).

1.1 EQUIPO REDACTOR

Relaciónase a continuación o persoal que formou parte do equipo redactor do presente PXOM de Silleda:

Director dos traballos:	Alfonso Botana Castelo <i>Arquitecto</i>
Responsables:	Alfonso Botana Castelo <i>Arquitecto</i> Beatriz García Becerra <i>Arquitecta</i> Paula Fernández Otero <i>Bióloga</i>
Equipo técnico:	Adrián Lorenzo Castiñeiras <i>Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos</i> Mª Carmen Airado Insua <i>Licenciada en C.C. Económicas</i> Mª Pilar Fernández Pintos <i>Arqueóloga. Licenciada en Historia</i> Ana Badía del Río <i>Licenciada en Dereito</i> Xurxo Rodríguez Baña <i>T.S. en desenvolvemento de proxectos de urbanismo e operación topográficas</i> Natalia Vilariño Pita <i>T.S. en Proxectos de Obra Civil</i>

1.2 CONTIDO DA MEMORIA XUSTIFICATIVA

Esta memoria xustificativa está integrada por:

a) INFORMACIÓN URBANÍSTICA XERAL

a-1) MEMORIA INFORMATIVA

Recolle toda a información urbanística que resulta necesaria para a elaboración do PXOM, en todo o relativo ao medio físico, poboación, infraestruturas, edificacións e construcións, usos do solo, relacións municipais e comarcais, etc. A recompilación dos datos realizouse en arquivos, bibliotecas e no Concello, os cales se cumprimentaron cos traballos de campo precisos para a actualización ou complemento de ditos datos.

a-2) DIAGNOSE

Sobre a base da información urbanística recollida, elaborouse unha primeira diagnose da situación, expresando a estrutura territorial básica, mostrando os problemas detectados e ofrecendo unha primeira aproximación dos criterios de ordenación que deban adoptarse, sinalando, no seu caso, as diversas alternativas. Todo elo coa finalidade de sentar as bases para a definición do modelo urbanístico que se pretende para o municipio.

Porén hai que ter en conta que SILLEDA se atopa inmersa na comarca do "Deza", e polo tanto suxeita a toda unha serie de influencias externas que é necesario analizar.

Por elo, a diagnose urbanística do municipio de SILLEDA realízase tendo en conta tanto as influencias urbanísticas de municipios limítrofes, como a dos municipios que integran a comarca. Todo elo coa finalidade de aproximarnos o máis posible á realidade do papel que desempeña o municipio de SILLEDA no conxunto comarcal.

b) DESCRIPCIÓN DA ORDENACIÓN

Neste apartado descríbense os obxectivos e criterios do PXOM, así como as solucións de ordenación adoptadas para cada unha das súas determinacións básicas: estrutura xeral e orgánica do territorio, clasificación do solo, ordenación e determinacións establecidas en cada unha das distintas clases de solo, determinacións relativas á xestión e execución do PXOM, estratexia.

c) XUSTIFICACIÓN DAS DETERMINACIÓNS

A xustificación do contido do presente PXOM realízase dende tres enfoques:

c-1) Motivación das decisións de tipo discrecional: razóns polas que se adoptou por unha ou outra alternativa das diferentes posibles ao respecto de cada determinación básica.

c-2) Xustificación de cumprimento dos estándares, indicadores, criterios ou límites establecidos pola lexislación urbanística e sectorial vixente.

c-3) Xustificación da coherencia das determinacións do PXOM co contido dos instrumentos de ordenación do territorio, e especificamente coas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

d) TRAMITACIÓN DO PLAN XERAL

Neste apartado descríbese detalladamente para cada fase: Avance de Planeamento, Documento para Aprobación Inicial, Documento para Aprobación Provisional e Documento para Aprobación

Definitiva, o resultado da tramitación (exposicións públicas, informes da C.P.T.O.P.T., informes de carácter sectorial, etc.

O presente PXOM redactouse de acordo co contido dos textos legais, cuxas abreviaturas serán en diante as seguintes:

ESTATAL	TIPO	Abreviado	Denominación do texto legal
AEROPORTOS	ESTATAL	DSA	Decreto 584/72, de 24 de febreiro (B.O.E. nº 69, de 21 de marzo) de Servidumes Aeronáuticas, modificado polo Real Decreto 1189/2011, de 19 de agosto (B.O.E. nº 204, de 25 de agosto) E POLO Real Decreto 297/2013, de 26 de abril (B.O.E. nº 118, de 17 de maio).
		RDSAS	Real Decreto 799/1991, de 31 de Xullo, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago de Compostela (B.O.E. nº 122, de 22 de maio).
		RDOA	Real Decreto 2591/1998, de 4 de decembro, de Ordenación dos Aeroportos de Interese Xeral e a súa Zona de Servizo (B.O.E. nº 292, de 7 de decembro) modificado por Real Decreto 297/2013, de 26 de abril (B.O.E. nº 118, de 17 de maio).
		PDAS	Orde FOM/3416/2010 do Ministerio de Fomento de 29 de novembro de 2010 pola que é aprobado o Plan Director do Aeroporto de Santiago (B.O.E nº 2, de 3 de xaneiro de 2011).
		ORA	Orde FOM/926/2005, de 21 de marzo (B.O.E. nº 88, de 13 de abril), pola que se regula a revisión das pegadas de ruído dos aeroportos de interese xeral.
		LNA	Lei 48/60, de 21 de xullo, sobre Navegación Aérea
		LSA	Lei 21/2003, de 7 de xullo, de Seguridade Aérea
		AUGAS	AUTONOMICA
LA	Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.		
ESTATAL	RDLA		Real decreto legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.
	RDPH		RD 9/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do dominio público hidráulico.
EDIFICACION	ESTATAL	CTE	Real Decreto 316/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.
		CAEPE	RD 505/2007, de 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.
		LRRRU	Lei 8/2013, de 26 de xuño de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas
	AUTONOMICA	LASB	Lei 8/1.997 do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia


ESTATAL	TIPO	Abreviado	Denominación do texto legal
		RASB	Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e de execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
		LVG	Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
		NHVG	Decreto. 29/2010, de 4 de Marzo, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia
ELECTRICAS	ESTATAL	LSE	Lei 24/2013, de 26 de decembro do sector eléctrico (BOE 27/12/2013).
ESTRADAS	ESTATAL	RCE	D. 1812/1994, de 2 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas estatais.
		LCE	Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas estatais.
	AUTONOMICA	LEG	Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
		RCG	DECRETO 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia.
FERROCARRIL	ESTATAL	OFOM/2230	Orde FOM/2230/2005, de 6 de xullo, pola que se reduce a liña límite de edificación nos tramos das liñas da rede ferroviaria de interese xeral que discorran por zonas urbanas.
		RLOTT	Real Decreto 780/2001, de 6 de xullo, polo que se modifica o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres en materia de pasos a nivel.
		LSF	Lei 38/2015, de 29 de Setembro, do sector ferroviario
		RSF	Real Decreto 2387/2004, de 29 de marzo, polo que se aproba o regulamento do sector ferroviario.
INDUSTRIA	ESTATAL	LTG	Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións
		LMG	Lei 3/2008, de 23 maio, de Mina de Galicia (DOG 6/6/2008, BOE 9/7/2008). Desenvolvida por Resolución de 22 de decembro de 2008 (DOG 29/1/2009; rect. DOG 9/2/2009).
	AUTONOMICA	LMN	Lei 22/1973, de 21 de xullo, de Minas
		LAM	Lei 5/1995 do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termas, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia
		LTG	Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia
		LCA	Lei 16/2002 de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (DOG n.º 157 de 2/7/2002).
M.AMBIENTE	ESTATAL	LR	Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído
		LM	Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes (BOE 22/11/2003), (modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril).
		LCPA	Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.
		LPN	Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio natural e da biodiversidade (BOE 14/12/2007).
		CAPC	Real Decreto 100/2011, do 28 de xaneiro, polo que se actualiza o catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera e se establecen as disposicións básicas para a súa aplicación.

ESTATAL	TIPO	Abreviado	Denominación do texto legal
		LEA	Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental
	AUTONOMICA	LPNB	Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
		LPAG	Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia (DOG 31/12/2002, BOE 21/1/2003).
		LDIG	Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
		LPPG	Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
		LRSSCG	Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia (BOE 01/04/2021).
		DOT	Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio.
		PSM	Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.
OUTROS	ESTATAL	LMF	Lei 13/1996, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social. (B.O.E nº 315, de 31 de decembro)
		NSPI	D. 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade en parques infantís.
		RSCI	Real Decreto 2267/2004, de 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento de seguridade contra incendios dos establecementos industriais.
	AUTONOMICA	LT	Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia (DOG 11/11/2011, BOE 03/12/2011).
		LCIG	Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia
		LOT	Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
PATRIMONIO	ESTATAL	PHA	Decreto 571/1963 de 14 de marzo sobre protección de escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico
		LPHE	Lei 16/1985, de 25 de xuño do patrimonio histórico español.
		LPCS	Lei 3/1996, de 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago.
		PHC	Decreto 449/73 de 22 de febreiro polo que se colocan baixo a protección do estado os hórreos e cabazos antigos existentes en Galicia e Asturias
	AUTONOMICA	LPCG	Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

ESTATAL	TIPO	Abreviado	Denominación do texto legal
		AAG	Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a Actividade Arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
URBANISMO	ESTATAL	LS	Real Decreto lexislativo 7/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
	AUTONOMICA	LOUG	Lei 9/2002 de 30 de Decembro, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

e) POSICIÓN DE SILLEDA NO SISTEMA DE ASENTAMENTOS DE GALICIA

A continuación analízase o papel que asignan as Directrices de Ordenación do Territorio (no sucesivo DOT) a SILLEDA .



As DOT establecen o "Sistema de Asentamentos de Galicia" que está configurado por:

1. O SISTEMA DAS GRANDES CIDADES.
2. O SISTEMA URBANO INTERMEDIO.
3. OS NODOS PARA O EQUILIBRIO DO TERRITORIO E AS SUBCABECEIRAS DO SISTEMA URBANO INTERMEDIO
4. OS NÚCLEOS PRINCIPAIS DOS RESTANTES CONCELLOS E DAS PARROQUIAS RURAIS.

e-1) O SISTEMA CENTRAL LALÍN-A ESTRADA:

As vilas de Lalín e A Estrada son dous núcleos dinámicos, que historicamente desenvolveron funcións como centros comarcais. Constitúen elementos de relación e conexión costa-interior do sistema urbano de Galicia pois ocupan unha posición central no territorio da Comunidade. Lalín é a encrucillada das rutas de conexión de Lugo coas Rías Baixas e de Ourense con Santiago e a Rexión urbana Ártabra, o que, unido á boa dotación de solo empresarial, contribúe a reforzar o seu papel como posible nodo loxístico do interior de Galicia; mentres que A Estrada ocupa unha posición moi próxima ao denominado eixo urbano do Atlántico e é o principal centro urbano entre Santiago e Pontevedra, polo interior. A conexión, mediante unha nova autovía, entre Santiago e A Estrada, a conexión Dozón-Ourense, Dozón-Santiago, Cerdedo-Forcarei, mediante autovía, e os eixos Pontevedra-Cerdedo-Lalín e a prolongación da vía de altas prestacións Santiago-A Estrada ata Cerdedo/Forcarei son infraestruturas que fortalecerán aínda máis os vínculos deste espazo coas dinámicas do

Eixo Atlántico. Este conxunto territorial reforzará a súa centralidade coa futura autovía de conectividade entre Pontevedra e Lugo.

A localización destas vilas, a súa dimensión urbana e o seu dinamismo económico configúranas como cabeceiras dun ámbito que debe potenciarse coas novas conexións de gran capacidade previstas para comunicar entre si as principais cidades de Galicia. Silleda, a medio camiño entre ambas, é un núcleo con vocación de subcabeceira neste espazo.

Conta este subsistema cunha base económica diversificada, cun conglomerado de PEMES especializadas e competitivas e unha valorización dos recursos endóxeos, entre as que destaca o sector do moble na Estrada e o da moda en Lalín.


Trátase de núcleos dinámicos que poden potenciarse a través de melloras na súa calidade urbana e na súa oferta de servizos. A clave é estimular as actividades produtivas e mellorar a súa capacidade competitiva. As melloras infraestruturas que se suxiren neste documento serán decisivas para sacar partido ás súas vantaxes de localización no centro de gravidade de Galicia e a pouca distancia dos principais centros urbanos da Comunidade. A oferta de solo empresarial convértese así nunha estratexia de interese para o asentamento de novas empresas.

e-2) O SISTEMA URBANO INTERMEDIO

No territorio de Galicia aparece un interesante conxunto de núcleos de pequeno e mediano tamaño, con poboacións que oscilan entre os 7.000 e os 40.000 habitantes, que enriquecen e achegan variedade ao Sistema urbano da Comunidade. Estas cidades medias do Sistema urbano galego localízanse tanto nas zonas menos centrais da Comunidade, onde a menor influencia das principais cidades permite a estes núcleos asumir unha maior centralidade e protagonismo, como en ámbitos litorais, onde a densidade de poboación deu lugar a complexos continuos urbanos (subsistemas urbanos policéntricos). Trátase de centros que experimentaron un crecemento demográfico relativo notable, que os diferencia claramente da tónica de declive poboacional que marca a maior parte do territorio galego desde as décadas centrais do século XX.

Neste documento denomínanse estas vilas e cidades "Sistema urbano intermedio". Xunto coas principais vilas e pequenas cidades integradas nas Rexións e Áreas urbanas constitúen o segundo chanzo na xerarquía do sistema urbano, tras as sete cidades principais, de grande importancia para as estratexias de integración e fortalecemento do modelo territorial, facendo posible que todo o territorio participe nas iniciativas de desenvolvemento. Son ámbitos clave para o equilibrio territorial, a cohesión social, e posibilitar un aproveitamento integral das oportunidades de actividade de todo o territorio.

Neste sentido poden e deben realizar funcións decisivas na organización do territorio de Galicia:



Son determinantes para dinamizar os procesos de desenvolvemento e asegurar a dispoñibilidade de servizos urbanos de certo nivel nas zonas máis débiles do territorio de Galicia. Estas cabeceiras constitúen referencias territoriais imprescindibles para previr o despoboamento e a agudización dos desequilibrios territoriais en amplas zonas do interior. A especialización produtiva que singulariza moitos destes centros é un dos aspectos clave para a fortaleza económica da Comunidade. Polo seu tamaño, a súa distribución territorial, e en moitos casos polas súas dinámicas económicas, proporcionan unha oferta urbana variada de núcleos dotados dunha forte identidade, cuxo fortalecemento permite evitar moitos dos riscos asociados a unha excesiva concentración da poboación nun número reducido de grandes centros, cos custos funcionais, ambientais, sociais e económicos que se derivan das situacións de conxestión.

Proporcionan un referente territorial ao redor do cal organizar crecementsos residenciais e de espazos de actividade, reducindo os riscos de proliferación da urbanización difusa, de aparición de crecementsos desestruturados e de falta de áreas de centralidade.

Noutros casos trátase de ámbitos importantes para consolidar as estratexias de articulación territorial entre as principais Áreas urbanas de Galicia.

Nalgúns casos, pola súa posición dentro de Rexións urbanas consolidadas, ofertan funcións especializadas e complementarias para o conxunto do espazo no que se integran

Densifican as mallas urbanas das Rexións urbanas da Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra.

Silleda é un núcleo con vocación de subcabeceira pola súa influencia supramunicipal. Atópase dentro do sistema urbano intermedio, a medio camiño entre Lalín e A Estrada, que son núcleos dinámicos que desenvolveron funcións como centros comarcais e sitúanse como cabeceiras. As cidades do sistema urbano intermedio son cidades que experimentan un crecemento demográfico relativo notable e son ámbitos clave para o equilibrio territorial. As estradas constitúen un dos compoñentes esenciais para a articulación interna de Galicia. Considéranse como conexións internas fundamentais as vías de altas prestacións, entre elas a conexión Santiago Lalín-Ourense. A liña de alta velocidade é unha infraestrutura de enorme transcendencia para o desenvolvemento territorial de Galicia. Entre as conexións clave encontrese a liña Santiago Ourense que comunica con Madrid.

Respecto aos instrumentos territoriais poderán desenvolverse plans territoriais integrados (PTI) para os ámbitos de influencia das cabeceiras do sistema urbano intermedio no cal quedaran incluídas as subcabeceiras que corresponda en cada caso. Os PTI incorporan os obxectivos seguintes:

Determinar as áreas que, polo seus valores e funcións ambientais, deban ser obxecto de protección. Procurarase a formación de Corredores Verdes e prestarase especial atención aos espazos naturais e as zonas costeiras.

Fixación dos usos do solo equilibrio entre as distintas partes do territorio baixo a perspectiva da súa sostibilidade baseándose para iso na capacidade de carga entendida como a aptitude dun territorio para soportar un nivel de intensidade de usos sen que se produza un proceso de deterioración ambiental, social ou cultural.

Establecer as medidas ou normas de coordinación precisas para que as determinacións dos instrumentos de planeamento urbanístico municipal sexan congruentes entre si, tanto no relativo á clasificación do solo como na previsión de redes de infraestruturas e servizos, equipamentos, e na localización de novos desenvolvementos residenciais, industriais ou terciarios.

Establecer as condicións para que o planeamento urbanístico municipal interveña na actual dispersión do asentamento, procurando a compactación e densificación para acadar novas centralidades urbanas de densidade suficiente.

Estimar as necesidades de reserva de solo para vivenda sometida a algún réxime de protección pública.



Paisaxe do Deza

e-3) ESTRATEXIAS DE FORTALECEMENTO DO SISTEMA URBANO INTERMEDIO

Para que o Sistema urbano intermedio poida desenvolver adecuadamente estas funcións no Modelo territorial de Galicia é imprescindible aumentar o seu rango urbano, de forma que se incremente a calidade e variedade dos seus servizos e o atractivo destas poboacións como espazos de residencia e actividade. Para iso, neste documento expóñense catro estratexias fundamentais:

Impulso de iniciativas de cooperación entre concellos, para que a suma de diferentes municipios moi interrelacionados permita aumentar o seu rango urbano e abordar proxectos e solucións que non son posibles desde a óptica local de cada un deles por separado. A estratexia básica pasa por articular os ámbitos de integración entre os diferentes municipios e xerar elementos que faciliten a unificación dos mercados laborais e das áreas de prestación de servizos. Unha iniciativa deste tipo xurdida en 2008, que cómpre apoiar, difundir e fomentar como exemplo que hai que seguir, é a Agrupación voluntaria de municipios de Galicia Central, composta por Lalín, Melide, O Carballiño e Monforte de Lemos, cunha clara vocación estratéxica. Ten como finalidade mobilizar a intelixencia colectiva destes territorios a través da participación dos diferentes actores territoriais, públicos, asociativos e privados, na definición de obxectivos, estratexias e prioridades de intervención, coa vista posta na valorización dos recursos territoriais, tanto mediante o desenvolvemento de

sistemas produtivos locais como na creación de produtos turísticos integrados e tamén no campo da sostibilidade ambiental.

Fortalecemento da base produtiva, que constitúe a referencia fundamental para soste calquera outra iniciativa de mellora urbana e da calidade de vida dos cidadáns. É moi importante apoiar iniciativas que favorezan a implantación de actividade económica e o aumento do nivel formativo e a capacidade de innovación, especialmente en relación coas actividades máis importantes para o desenvolvemento local. Unha maior dimensión e complexidade da base produtiva é, ademais, un factor decisivo para a aparición de infraestruturas, servizos e dinámicas urbanas que son determinantes para fortalecer o rango das cidades e ampliar a calidade e diversidade da oferta urbana.

Aumento do atractivo urbano. Este é outro dos aspectos relevantes para fortalecer o Sistema urbano intermedio de Galicia. A mellora da imaxe das vilas e a súa contorna, o aumento na calidade e variedade das posibilidades educativas, comerciais, de lecer, etc., son fundamentais para incrementar o atractivo e as oportunidades destes centros urbanos. Espazos singulares que aparecen na maior parte desas vilas pequenas e medias, como centros históricos, portos, áreas industriais ou espazos ferroviarios, etc., proporcionan con frecuencia oportunidades singulares para acometer proxectos de renovación que poden constituir importantes experiencias de dinamización urbana. A consecución de Áreas de rehabilitación integral para estes núcleos tórnase como unha boa estratexia para levar a cabo procesos de recuperación das funcións produtivas, residenciais, sociais e estéticas de moitos dos seus sectores interiores que viviron intensos procesos de abandono e deterioración social, económica e ambiental.

Articulación da malla viaria mediante a consolidación e mellora dos eixos de acceso ao territorio, para configurar vías máis atractivas, con posibilidades de permeabilidade transversal e sobre os que se desenvolvan programas de recuperación paisaxística recualificando uns espazos clave para a estruturación do territorio e a calidade de vida dos seus habitantes, así como desenvolvendo proxectos de mellora e sostibilidade da mobilidade e da cohesión.

2 **MEMORIA DA INFORMACIÓN URBANÍSTICA**

2.1 **LOCALIZACIÓN DO MUNICIPIO E ESTRUTURA COMARCAL**

2.1.1 **Localización**

O municipio de SILLEDA conta cunha superficie de 168,14 Km² e sitúase, como se reflicte no plano N° IV.1, na parte noroeste da provincia de PONTEVEDRA.

SILLEDA limita, ao norte co municipio de Vila de Cruces, ao leste con Lalín, e ao oeste con A Estrada e Forcarei.

A capital do municipio está emprazada ao borde da estrada nacional N-525, Santiago-Ourense, e dista 36 km de Santiago de Compostela.

2.1.2 **Estrutura comarcal**

2.1.2.1 **A comarca do "DEZA"**

O municipio de SILLEDA pertence á comarca do "DEZA", que está integrada polos municipios de A Vila de Cruces, A Golada, Lalín, Rodeiro, Dozón e Silleda.

A cabeceira comarcal está situada na capital do municipio de LALIN que se configura como o principal centro urbano do conxunto comarcal.

Pertencente ao partido xudicial de Lalín, forma parte da histórica "Terra de Trasdeza" que actualmente se integra na comarca do "DEZA".

2.1.2.2 **Estrutura comarcal**

a) **SISTEMA DE COMUNICACIÓNS**

As comunicacións da comarca co exterior baséanse fundamentalmente na rede viaria e en menor medida no ferrocarril (a liña Ourense- Santiago de Compostela).

a-1) **REDE VIARIA**

As comunicacións de comarca co exterior establécense en base ás seguintes vías:

- o **AUTOESTRADA**
 - Autoestrada Central Galega AP-53 (tramo Santiago-Dozón)

Atravesa os municipios de Lalín, Silleda e A Estrada de leste a oeste. Enlaza a estrada nacional N-525 en Dozón con Santiago de Compostela.

- o **Estradas Nacionais**
 - Estrada N-525 (Benavente – Santiago de Compostela).

Esta vía discorre de leste a noroeste atravesando os municipios de Lalín, Silleda e A Estrada, permitindo desta maneira a comunicación entre eles e da comarca con Ourense e Santiago.

- Estrada N-640 (Vegadeo – Porto de Vilagarcía de Arousa).

Esta estrada pasa polo municipio de Silleda procedente de A Estrada, e entronca coa estrada N-525 ata o núcleo de Lalín, onde se separa para dirixirse cara o nordeste, ata finalizar en Vegadeo.

- o **ESTRADAS AUTONÓMICAS, DA DEPUTACIÓN E MUNICIPAIS.**

As demais estradas da comarca, dependen da Xunta de Galicia, da Deputación Provincial ou dos correspondentes municipios que a integran. Estas estradas conforman un importante entramado viario que complementa as comunicacións entre municipios, entre núcleos de poboación, así como as destes coas áreas produtivas.

Dentro deste grupo destacan polo seu importante papel nas comunicacións comarcais as seguintes vías:

- Vía de Alta Capacidade CRG2.1 (Monforte – Lalín).

Comunica a comarca cara o leste coa provincia de Lugo, conectando o núcleo de Lalín co de Monforte de Lemos.

- Estrada autonómica PO-505 (Milladoiro- O Formigueiro).

Adéntrase no municipio pola zona leste e establece a comunicación entre a estrada N-640 á altura do núcleo de Milladoiro no municipio de A Estrada co acceso á estrada AP-53 no núcleo de O Formigueiro.

- Estrada autonómica PO-534 (Lalín – Folgoso).

Atravesa o municipio pola zona sur, de leste a oeste e establece a comunicación entre a estrada N-541 á altura do núcleo de Folgoso no municipio de Cerdedo coa estrada N-525 no núcleo de Lalín.

- Estrada autonómica PO-960 (A Susana (N-525) – Vila de Cruces).

Transcorre polo norte da comarca, comunicando a estrada N-525 á altura de A Susana co núcleo de Vila de Cruces.

- Estrada autonómica PO-905 (Vila de Cruces – límite provincia de Arzúa).

Comunica o núcleo de Lalín desde a N-525 coa provincia de Ourense, ata o núcleo de O Carballiño, onde entronca coa estrada N-541.

- Estrada autonómica PO-201 (Silleda – Laro).

Atravesa o municipio de Silleda pola zona leste, de norte a sur, e establece a comunicación polo interior da comarca desde o núcleo de Silleda ata Laro no municipio de Lalín.

- Estrada autonómica PO-203 (Vilatuxe (PO-534 – Límite provincia).

Comunica a estrada PO-534 (Lalín-Folgoso) que discorre polo sur da comarca coa provincia de Ourense, onde entronca coa estrada PO-902.

- Estrada autonómica PO-204 (A Bandeira – Vila de Cruces).

Comunica o núcleo de A BANDEIRA desde a N-525 co municipio de Vila de Cruces.

- Estrada autonómica PO-205 (Silleda N-525 – Vila de Cruces).

Comunica o municipio de Vila de Cruces co municipio de Silleda, de modo que enlaza coa estrada N-525.

- Antiga Estrada autonómica PO-211, (Silleda – Estación de FF.CC. de Silleda), de titularidade municipal.

Atravesa o municipio pola zona este, de sur a norte, e establece a comunicación do núcleo de Silleda coa estación do ferrocarril en Silleda.

Estrada autonómica PO-201

- Estrada provincial EP-6502 (Silleda – Castro – Merza).

Discorre cara ao norte do municipio e comunica o núcleo de O Castro, desde a antiga PO-211, co Ponte de A Carixa no núcleo de Merza.

- Estrada provincial EP-7019 (Callobre – Ponte Ledesma).

Cruza o municipio de Silleda polo noroeste e comunica Ponte Ledesma, no municipio de Boqueixón, coa estrada N-640 no núcleo de Callobre, no municipio de A Estrada.

- Estrada provincial EP-7201 (Cachafeiro – Silleda).

Comunica o núcleo de Cachafeiro, situado no municipio de Forcarei con Silleda.

- Estrada provincial EP-6501 (Escuadro – EP-7201).

Comunica o núcleo de Escuadro coa estrada provincial EP-7201.

- Estrada provincial EP-6502 (O castro – Carboeiro).

Comunica as parroquias de Carboeiro (Santa María) e O Castro (San Mamede)

Tódolos municipios da comarca atópanse integrados na rede viaria descrita anteriormente. Esta rede complementase coas estradas municipais que completan as comunicacións da comarca cos municipios limítrofes.

α-2) FERROCARRIL

Os municipios de Lalín, SILLEDA e A Estrada encóntranse atravesados polo trazado do Ferrocarril de Alta Velocidade (Santiago de Compostela-Ourense).

A incidencia do ferrocarril no que respecta ás comunicacións co exterior é bastante baixa e irrelevante no interior da comarca.

b) SISTEMA DE EQUIPAMENTOS

No plano dos equipamentos e servizos do municipio destacan Silleda e A Bandeira, principais centros urbanos que polarizan a oferta comercial, os servizos e nos principais equipamentos culturais, sanitarios, docentes, deportivos, etc., do municipio e segundo da comarca por debaixo de Lalín.

A nivel sanitario, a práctica totalidade dos municipios dispón de instalacións sanitarias.

c) SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

Tendo en conta que en SILLEDA conta cunha extensa rede hidrográfica e que a lexislación de carácter sectorial obriga a protexer as marxes dos ríos, parece lóxico pensar que no futuro poidan conformarse espazos libres e verdes vinculados a estes.

Neste sentido considérase que debe fomentarse a formación dun sistema xeral de espazos libres e verdes de carácter comarcal, complementado cun sistema de carácter municipal integrado polas dotacións de espazos libres e verdes existentes en cada uno dos municipios que integran a comarca.

d) SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS

A supramunicipalidade destes servizos é practicamente nula, xa que tódalas infraestruturas de servizos discorren integramente polo territorio do municipio de SILLEDA, dado que por outro lado, estas se atopan pouco desenvolvidas.

d-1) ABASTECIMENTO DE AUGA

O resto dos recursos de auga empregados no municipio proveñen das captacións de mananciais e pozos individuais, todos eles dentro dos límites do municipio, e soamente se bombea do río na época estival.

d-2) SANEAMENTO

En canto ao saneamento, non existe actualmente ningunha relación cos municipios veciños con respecto a este servizo, dado que tanto a rede de saneamento en Silleda como a de A Bandeira teñen as súas instalacións dentro do propio municipio.

2.1.2.3 Características socio-económicas

a) A POBOACIÓN

α-1) CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS XERAIS

Atendendo aos datos demográficos xerais contidos no cadro nº 2.1.2.3.1 a comarca do "DEZA" contaba no ano 2010 con 44.769 habitantes, dos cales o (20,6%) se asentaba no municipio de SILLEDA e o 79,4% restante se repartía entre os demais municipios da comarca na seguinte proporción: A Golada (6,7%), Dozón (4,0%), Lalín o de máis poboación (47,3%), Rodeiro (6,9%) e Vila de Cruces (14,5%).

No conxunto da comarca, sobresaie o municipio de LALÍN por ser o que posúe maior densidade de poboación (64,9 hab/Km²), séguese SILLEDA con (55,0 hab/Km²). Nos demais municipios a densidade poboacional descende, xa que o seguinte municipio máis denso é o de Vila de Cruces e a súa densidade baixa ata os (41,5 hab/Km²). Ségueno en orde decrecente os municipios de Dozón (24,0 hab/Km²), A Golada (20,3 hab/Km²) e Rodeiro (20,0 hab/Km²).

Atendendo ao grao de dispersión da poboación, medido en habitantes/entidade, volve a sobresaír o municipio de LALÍN por presentar a maior concentración de poboación de toda a comarca, con 63,3 hab/entidade. Ségueno en orde descendente os municipios de Vila de Cruces con 45,7 hab/entidade, Dozón 32,4 hab/entidade, Silleda 31,6 hab/entidade, A Golada e Rodeiro presentan ámbolos dous un grao de dispersión de 21,5 hab/entidade.

En síntese no conxunto comarcal, destaca o municipio de Lalín, que posúe o maior tamaño habitacional, e tamén o maior grao de densidade, cunha importante ocupación pero á vez cun grao de concentración poboacional destacado.

a-2) TRAXECTORIA DEMOGRÁFICA

Atendendo á traxectoria demográfica, desde o ano 1996 a poboación da comarca perdeu poboación progresivamente. Así desde 1996 ata 2010 a comarca perdeu 4.928 habitantes o que supón un descenso dun 9,92 %.

A tendencia regresiva da comarca é común a tódolos municipios que a integran, excepto Lalín que medrou nese período un 3,92% (ver cadro nº 2.1.2.3.2). Tódolos demais municipios, perden poboación incluído o de Silleda, obxecto do Plan Xeral.

Se observamos o último período analizado (2.006-2.010), tódolos municipios perden poboación, excepto Lalín e SILLEDA que medraron ámbolos dous un 2,10%. Os demais municipios da comarca manteñen a tendencia negativa que se advirte no resto da súa evolución, que oscila entre o -28,24 % do municipio de Rodeiro e o -8,86 % de A Golada.

b) AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

b-1) CARACTERÍSTICAS XERAIS

No cadro nº 2.1.2.3.3 reflíctense os datos máis importantes sobre as actividades económicas que se desenvolven na comarca do "DEZA". De ditos datos despréndese que a distribución da poboación activa por sectores produtivos é a seguinte: En primeiro lugar sitúase o sector terciario, cunha participación do 35,92%, seguido do sector secundario (30,63%), situándose en derradeiro lugar o sector primario, cun 24,98% da poboación dedicado á agricultura e un 0,36% á pesca.

A situación dos sectores produtivos nos municipios integrantes da comarca difire do conxunto, sendo SILLEDA e LALÍN os municipios que ofrecen unha estrutura económica por sectores produtivos diferente, cun sector terciario contorno ao 35% e cara arriba, e para o caso de Lalín un maior peso do sector industrial en decadencia do agrícola, e en Silleda o caso oposto (datos do ano 2001).

b-2) CARACTERÍSTICAS DOS SECTORES PRODUTIVOS

▪ SECTOR PRIMARIO

Tendo en conta que os concellos da comarca do Deza son poboacións interiores, a poboación activa dedicada á pesca é insignificante, non así no tratante á agricultura, onde as cotas de poboación oscilan entre o 16,61% de Lalín e o 42,21% de Dozón, acadando SILLEDA o 29,15%.

Este sector sitúase no primeiro lugar nos municipios de Dozón e Rodeiro, nos que se acadan porcentaxes de 42,21% e 47,32% respectivamente. Pola contra, Silleda (29,15%), A Golada (30,22%) e Vila de Cruces (24,97%) sitúan á agricultura no segundo lugar, por detrás do sector terciario, no que se refire á participación da poboación activa.

▪ SECTOR SECUNDARIO.

No sector secundario, que engloba industria e construción, atopamos a Lalín, cun 23,77% da súa poboación activa dedicada á industria, e a SILLEDA, no outro extremo, con unicamente o 8,84%, de acordo cos datos contidos no cadro nº 2.1.2.3.3, se dedica ao sector industrial. Os índices dos restantes municipios sitúanse en torno ao 16% (A Golada), 11% (Dozón), 9% (Rodeiro) ou 15% (Vila de Cruces).

No relativo á construción, SILLEDA, cunha porcentaxe de 13,83% atópase por detrás de Lalín (14,24%), e Vila de Cruces (16%), mais por enriba de A Golada (10,12%), Dozón (9,65%) e Rodeiro (7,87%), que sitúan a súa participación no penúltimo lugar, tan só por diante da pesca.

No tocante ao total do municipio, unha porcentaxe do 17,27% da poboación activa dedícase á industria, descendendo esta cifra no caso da construción (13,36%).

▪ SECTOR TERCIARIO.

A participación da comarca no sector terciario é a máis alta, representando un 35,92 % da súa poboación activa.

A nivel comarcal destacan SILLEDA (41,83%) e Lalín, cunha porcentaxe do 36,83% -e configurándose como o principal centro comercial, de equipamentos e servizos da comarca-, e Vila de Cruces (34,16%), seguidos moi de preto por A Golada, cun 32,89%. Por debaixo destes, Dozón e Rodeiro teñen arredor dun cuarto da súa poboación activa dedicada ao sector terciario, un 27,28% a primeira e un 26,56% a segunda. Así mesmo cómpre destacar que, na meirande parte dos casos, a súa poboación activa non traballa no propio concello, senón nos núcleos de Lalín e Silleda, centros de servizos da comarca.

Atopámonos polo tanto cunha comarca en transformación, os datos analizados corresponden ao ano 2001, pero vemos unha tendencia ao incremento de actividades terciarias, en menoscabo do sector primario nalgúns casos, sen deixar de representar este unha porcentaxe importante da actividade.

CADRO Nº.- 2.1.2.3.1. - CARACTERÍSTICAS XERAIS DA COMARCA DE SILLEDA. 2010

MUNICIPIOS DA COMARCA	POBOACIÓN DE DEREITO 2010	SUPERFICIE (Km ²)	ENTIDADES (Nº)	DENSIDADE (Habitantes/Km ²)	OCUPACIÓN (Entidade./Km ²)	GRAO DE DISPERSIÓN (Habitantes/Entidade)
GOLADA, A	2.995	147,80	139,00	20,3	0,9	21,5
DOZÓN	1.781	74,20	55,00	24,0	0,7	32,4
LALÍN	21.216	326,80	335,00	64,9	1,0	63,3
RODEIRO	3.092	154,90	144,00	20,0	0,9	21,5
SILLEDA	9.248	168,00	293,00	55,0	1,7	31,6
VILA DE CRUCES	6.437	155,00	141,00	41,5	0,9	45,7
TOTAL COMARCAL	44.769	1.026,7	1.107	43,6	1,1	40,4

FONTES: - Mapa de límites das parroquias de Galicia. Universidade de Santiago de Compostela 1979.
- Censo de Poboación. Nomenclátor 2010. Pontevedra.
- Internet Nomenclátor 2010. Revisión do Padrón Municipal a 1 de xaneiro de 2011.
- Elaboración propia.

CADRO Nº 2.1.2.3.2. - DISTRIBUCIÓN E EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN NA COMARCA DE SILLEDA. (1996-2010)

MUNICIPIOS DA COMARCA	POBOACIÓN DE DEREITO				% VARIACIÓN			
	1996	2001	2006	2010	96/01	01/06	06/10	96/10
GOLADA, A	4.915	4.292	3.286	2.995	-12,68	-23,44	-8,86	-39,06
DOZÓN	2.538	2.164	1.947	1.781	-14,74	-10,03	-8,53	-29,83
LALÍN	20.515	20.266	20.779	21.216	-1,21	2,53	2,10	3,42
RODEIRO	4.578	4.309	3.317	3.092	-5,88	-23,02	-28,24	-32,46
SILLEDA	9.527	9.175	9.058	9.248	-3,69	-1,28	2,10	-2,93
VILA DE CRUCES	7.624	7.108	6.644	6.437	-6,77	-6,53	-3,12	-15,57
TOTAL COMARCAL	49.697	47.314	45.031	44.769	-4,80	-4,83	-0,58	-9,92

FONTES: - Padrón Municipal de Habitantes 1.996. Nomenclátor de Pontevedra. INE.
- Padrón Municipal de Habitantes 2.001. Nomenclátor de Pontevedra. INE.
- Padrón Municipal de Habitantes 2.006. Nomenclátor de Pontevedra. INE.
- Internet Nomenclátor 2.010. Revisión do Padrón Municipal a 1 de xaneiro de 2011.
- Elaboración propia.

CADRO Nº 2.1.2.3.3. - DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ACTIVA POR SECTORES NA COMARCA DE DEZA. 2001

MUNICIPIOS DA COMARCA	SECTOR PRIMARIO				SECTOR SECUNDARIO				SECTOR TERCIARIO		EN BUSCA DO PRIMEIRO EMPREGO		DESEMPREGADOS		POBOACIÓN ACTIVA TOTAL
	AGRICULTURA		PESCA		INDUSTRIA		CONSTRUCCIÓN		Ocup.	%	Nº	%	Nº	%	
	Ocup.	%	Ocup.	%	Ocup.	%	Ocup.	%							
GOLADA, A	430	30,22%	3	0,21%	233	16,38%	144	10,12%	468	32,89%	47	3,30%	98	6,87%	1.423
DOZÓN	328	42,21%	9	1,16%	87	11,17%	75	9,65%	212	27,28%	11	1,41%	55	7,08%	777
LALÍN	1.547	16,61%	29	0,31%	2.214	23,77%	1.326	14,24%	3.430	36,83%	185	1,99%	583	6,26%	9.314
RODEIRO	848	47,32%	19	1,06%	162	9,04%	141	7,87%	476	26,56%	49	2,73%	97	5,41%	1.792
SILLEDA	1.191	29,15%	8	0,20%	361	8,84%	565	13,83%	1.709	41,83%	75	1,83%	177	4,33%	4.086
VILA DE CRUCES	682	24,97%	4	0,15%	419	15,34%	437	16,00%	933	34,16%	44	1,61%	212	7,76%	2.731
TOTAL COMARCAL	5.026	24,98%	72	0,36%	3.476	17,27%	2.688	13,36%	7.228	35,92%	411	2,04%	1222	6,07%	20.123

FONTES: - Caja España. Datos económicos e sociais 2001.
- Elaboración propia.

CADRO Nº 2.1.2.3.4. - DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN DESEMPREGADA NA COMARCA DE DEZA. 2009

MUNICIPIOS DA COMARCA	POBOACIÓN DESEMPREGADA				% VARIACIÓN			
	2001	2003	2006	2009	01/03	03/06	06/09	01/09
GOLADA, A	71	73	94	95	2,82	28,77	1,06	33,80
DOZÓN	38	35	43	53	-7,89	22,86	23,26	39,47
LALÍN	641	641	821	1.172	0,00	28,08	42,75	82,84
RODEIRO	255	254	335	395	-0,39	31,89	55,51	54,90
SILLEDA	255	254	36	395	-0,39	31,89	17,91	54,90
VILA DE CRUCES	173	185	224	292	6,94	21,08	30,36	68,79
TOTAL COMARCAL	1.433	1.442	1.852	2.402	0,63	28,43	29,70	67,62

FONTES: - Caja España. Datos económicos e sociais 2009.
- Elaboración propia.

2.1.2.4 A vivenda

a) CARACTERÍSTICAS XERAIS

O estudo das características principais das vivendas na comarca levouse a cabo cos datos do

Atendendo aos datos xerais de vivenda contidos no cadro nº 2.1.2.4.1 despréndese que a comarca do “Deza” contaba no ano 2001 con 19.718 vivendas, das cales o 45 % se situaban en Lalín e o 21% en Silleda. As restantes repartíanse entre os outros catro municipios que integran a comarca na seguinte proporción de maior a menor, Vila de Cruces (15%), A Golada (8,6%), Rodeiro (7,7%), e Dozón con tan só o 2,7%.

O municipio de Lalín é o máis denso de tódolos municipios integrantes da comarca cunha densidade de vivendas de (29,6 viv/Km²), seguíndoo en orde decrecente o municipio de Silleda (25,3 viv/Km²); Vila de Cruces (20,5 viv/Km²), A Golada (16,0 viv/Km²), Rodeiro (9,4 viv/ Km²) e Dozón (9,0 viv/ Km²), estes últimos descendentes a densidades contornando ás dez vivendas por quilómetro cadrado, posto que posúen un parque habitacional moito menor.

En relación co grao de dispersión da vivenda, medido en vivendas/entidade, volve a destacar o municipio de Lalín por presentar a maior concentración de vivendas de toda a comarca, con 26,6 viv/entidade. Ségueno Vila de Cruces con 21,1 viv/entidade, Silleda 14,0 viv/entidade, A Golada 12,2 viv/entidade, Rodeiro e Dozón oscilan entre as 10,7 viv/entidade de Rodeiro e as 9,8 viv/entidade de Dozón.

b) EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS

De acordo cos datos contidos no cadro nº 2.1.2.4.2, entre 1991 e 2001 o parque de vivendas da comarca aumentou en cifras absolutas en 2.452 vivendas, o que representa un incremento porcentual do 14,12%.

No estudo evolutivo da poboación observamos que paulatinamente a comarca perde efectivos demográficos, destas cifras despréndese que a traxectoria do parque de vivendas na comarca é oposta á traxectoria experimentada pola poboación, debido fundamentalmente á existencia na comarca de municipios de gran concentración urbana onde adquire un peso importante a vivenda principal e de segunda residencia; polo contrario se observamos a proporción existente de vivendas ocupadas respecto ao total de vivendas observamos que dende o ano 1991 ao 2001 se mantén unha porcentaxe de 91,55% no ano 1991, e o 82,07% no ano 2001.

Así, no período de análise cómpre destacar os municipios de Lalín, Silleda e Vila de Cruces, como os de maior crecemento habitacional en positivo, no eido obxecto de estudo; sendo os outros municipios os que sofren o parón habitacional.

Se realizamos a análise por tipos de vivenda (ver cadro nº 2.1.2.4.3), obsérvase que a nivel comarcal o número de vivendas desocupadas aumenta desde 1991 en 447 vivendas, acadándose no ano 2001 a cifra de 3.491 vivendas desocupadas, das cales unha parte moi importante corresponde ao municipio de Lalín.

As vivendas de segunda residencia aumentaron en 495 unidades desde 1991 e cifranse en 1.793 vivendas no ano 2001. Os municipios que ofrecen maior número de vivendas de segunda residencia, son Lalín e Silleda, ámbolos dous núcleos urbanos destacados posúen un número importante de vivenda secundaria que non se reflicte no resto de municipios, onde a variación non foi desta dimensión.

CADRO Nº 2.1.2.4.1.- CARACTERÍSTICAS XERAIS DA COMARCA DE SILLEDA. 2001

MUNICIPIOS DA COMARCA	VIVENDA 2001	SUPERFICIE (Km²)	ENTIDADES (Nº)	DENSIDADE (Viv./Km²)	OCUPACIÓN (Entid./Km²)	GRAO DE DISPERSIÓN (Viv./Entidade)
GOLADA, A	1.690	105,56	139	16,0	1,3	12,2
DOZÓN	537	59,80	55	9,0	0,9	9,8
LALÍN	8.895	300,97	335	29,6	1,1	26,6
RODEIRO	1.536	162,715	144	9,4	0,9	10,7
SILLEDA	4.088	161,75	293	25,3	1,8	14,0
VILA DE CRUCES	2.972	144,65	141	20,5	1,0	21,1
TOTAL COMARCAL	19.718	935,47	1.107	21,1	1,2	17,8

FONTES: -Mapa de límites das parroquias de Galicia. Universidade de Santiago de Compostela. (1979)
- Censo de poboación e vivendas. Nomenclátor 2001.

CADRO Nº 2.1.2.4.2. - VIVENDAS FAMILIARES NA COMARCA DE SILLEDA. 1991-2001.

MUNICIPIOS DA COMARCA	TOTAL VIVENDAS FAMILIARES			VIVENDAS FAMILIARES OCUPADAS		
	Censo 1991	Censo 2001	% Variación	Censo 1991	Censo 2001	% Variación
GOLADA, A	1.814	1.690	-6,84	1.664	1.658	-0,36
DOZÓN	544	537	-1,29	510	504	-1,18
LALÍN	7.242	8.995	24,21	7.208	7.192	-0,22
RODEIRO	1.568	1.536	-2,04	1.158	1.390	20,03
SILLEDA	3.414	4.088	19,74	2.985	3.209	7,50
VILA DE CRUCES	2.784	2.972	6,75	2.374	2.311	-2,65
TOTAL COMARCAL	17.366	19.818	14,12	15.899	16.264	2,30

FONTES: - Censo de Vivendas 1991. INE.
- Censo de Poboación e Vivendas. Vivendas 2001. IGE.
- Elaboración propia.

CADRO Nº 2.1.2.4.3. - TIPOS DE VIVENDA NA COMARCA DE SILLEDA. 1991-2001

MUNICIPIOS DA COMARCA	PRINCIPAIS			SECUNDARIAS			DESOCUPADAS			OUTRAS OU NON CONSTA	VIVENDAS TOTAIS		
	1991	2001	% Variac.	1991	2001	% Variac.	1991	2001	% Variac.	2001	1991	2001	% Variac.
GOLADA, A	1.459	1.606	10,1	254	52	-79,5	273	31	-88,6	1	2.019	1.690	-16,3
DOZÓN	483	446	-7,7	28	58	107,1	33	32	-3,0	1	544	537	-1,3
LALÍN	5.208	6.257	20,1	497	935	88,1	1.421	1.743	22,7	60	7.167	8.895	24,1
RODEIRO	1.095	1.219	11,3	50	171	242,0	364	146	-59,9	0	1.527	1.536	0,6
SILLEDA	2.636	2.825	7,2	192	384	100,0	330	878	166,1	1	3.335	4.088	22,6
VILA DE CRUCES	2.015	2.118	5,1	347	193	-44,4	404	661	63,6	0	2.785	2.972	6,7
TOTAL COMARCAL	12.896	14.471	12,2	1.368	1.793	31,1	2.825	3.491	23,6	63	17.377	19.718	13,5

FONTES: - Censo de Vivendas 1981. INE.
- Censo de Poboación e vivenda. Vivenda 1991.
- Elaboración propia.

2.1.2.5 Modelo de asentamento de poboación

Neste apartado trátase de analizar a grandes trazos o modelo de asentamento da poboación na comarca do "DEZA", coa finalidade de aproximarnos tanto ao carácter dos municipios que a integran, como ás características dos seus núcleos de poboación.

De acordo cos datos contidos no cadro nº 2.1.2.5.1, a comarca do "DEZA" contaba no ano 2.010 con 44.769 habitantes, dos cales o 35,76 % se concentra en núcleos urbanos e o 64,24 % restante se asenta en núcleos rurais. Polo tanto, case un terzo da poboación da comarca do "DEZA" aséntase no medio rural.

Porén hai que destacar que Lalín xunto co seu núcleo de Donramiro é o municipio de maior poboación urbana da comarca (50,47%) e Silleda xunto con A Bandeira ten un (37,96%). Se excluimos estes núcleos mencionados, para non desvirtuar resultados, obsérvase que entre os outros catro municipios da comarca a poboación urbana representa menos do 20% das súas poboacións municipais.

Ao realizar a análise por municipios, de acordo cos datos contidos no cadro nº 2.1.2.5.1, obsérvase que despois de Lalín e Silleda o seguinte municipio con maior porcentaxe de poboación urbana é o de Vila de Cruces (20,72%), seguido de A Golada (16,09 %).

Os municipios de Dozón e Rodeiro presentan unha dispersión moi elevada, e non xurdiu ningún centro principal que destaque polo seu tamaño, os asentamentos existentes son eminentemente rurais.

A efectos da presente análise tomáronse como núcleos urbanos, os núcleos de poboación de tamaño igual ou superior a 500 habitantes.

CADRO Nº 2.1.2.5.1.- MODELO DE ASENTAMENTO DA POBOACIÓN NA COMARCA DO "DEZA"

MUNICIPIOS DA COMARCA	POBOACIÓN EN NÚCLEOS URBANOS (2.010)			POBOACIÓN EN NÚCLEOS RURAIS E NO RESTO DO MUNICIPIO (2.010)		POBOACIÓN TOTAL (2.010)	
	NÚCLEO	POBOACIÓN (Hab)	PORCENTAXE (%)	POBOACIÓN (Hab)	PORCENTAXE (%)	POBOACIÓN (Hab)	PORCENTAXE (%)
AGOLADA	Agolada	482					
	Total	482	16,09	2.513	83,91	2.995	100
DOZÓN	(*)						
	Total			1.781	100	1.781	100
LALÍN	Donramiro	671					
	Lalín	10.036					
Total	10.707	50,47	10.509	49,53	21.216	100	
RODEIRO	(*)						
	Total			3.092	100	3.092	100
SILLEDA	A Bandeira	752					
	Silleda	2.759					
Total	3.511	37,96	5.732	62,04	9.248	100	
VILA DE CRUCES	Vila de Cruces	1.334					
	Total	1.334	20,72	5.103	79,28	6.437	100
TOTAL COMARCAL		16.034	35,76	28.730	64,24	44.769	100

(*) Os municipios de Dozón e Rodeiro carecen de núcleos de poboación de tamaños igual ou superior a 500 habitantes, que é a cifra que se tivo en conta a efectos da presente diagnose.

2.2 DESCRIPCIÓN FÍSICA DO TERRITORIO

A efectos de achegarnos á realidade do municipio de SILLEDA, no presente apartado defínense en moi grandes trazos as características físicas do municipio de SILLEDA. Este primeiro contacto co medio físico complementábase co "Estudo sobre o Medio Rural", realizado no Documento II do presente PXOM que analiza en profundidade aspectos tales como: Xeoloxía, Topografía, Climatoloxía, Hidroloxía, Flora e Fauna, así como as Potencialidades, Usos do solo e Valores existentes no territorio. Neste apartado tamén se describe a grandes trazos a utilización actual do territorio de SILLEDA, así como as áreas de interese existentes. Estas primeiras análises, complementábase co estudo en profundidade sobre os usos actuais do solo e sobre as áreas de interese contidas no "Estudo sobre o Medio Rural".

2.2.1 Características físicas

Atendendo á morfoloxía do territorio, SILLEDA presenta unha topografía bastante accidentada, sobre todo na súa metade sur. Conta con altitudes que poden considerarse medias (ver plano nºIV.2) e a diferenza de altitudes entre a zona máis baixa do municipio (norte) e a máis alta (ao sur do municipio), excede os 940 metros.

O sur do municipio está percorrido por aliñacións montañosas nas que se rexistran as maiores altitudes (San Benito con 1.014 m), nelas nacen os ríos Casela e Escuadro-Toxa que descenden, con orientación sur-norte, e orixinan pequenos vales transversais na zona central do municipio.

Polo oeste discorren os ríos Asneiro e Deza, o máis importante da rede fluvial que percorre o norte do municipio formando un val fortemente encaixado nalgunhas zonas.

Na metade norte as altitudes son menores e é onde se asentan a maioría dos núcleos de poboación, entre eles os máis importantes do municipio, Silleda e A Bandeira.

2.2.2 Usos do solo

No plano Nº IV.4, reflíctese a distribución dos usos existentes no territorio de SILLEDA, así como as áreas singulares e de interese. En dito plano tamén se localizan, ademais dos núcleos e entidades de poboación, as edificacións illadas destinadas a actividades industriais e de almacenaxe, terciarias e agropecuarias.

a) USOS RÚSTICOS

Dentro dos usos rústicos consideráronse os seguintes: o agrícola, o gandeiro e o forestal. Tamén se incorporan aos espazos rústicos as áreas de monte baixo, os espazos constituídos por pequenas hortas e os restantes espazos do territorio abandonados e sen uso concreto na actualidade. O conxunto dos espazos ocupados por usos rústicos representa o 98,30% da superficie municipal.

En canto á distribución dos usos rústicos, a superficie forestal representa o 22,34% da superficie do municipio. As masas forestais están constituídas fundamentalmente por eucaliptos e pinos que se distribúen, excepto no terzo norte, por todo o municipio, así como por especies típicas de ribeira; bidueiros e ameneiros que ocupan as marxes dos principais cursos de auga, así como outras especies típicas da paisaxe desta terra como poden ser os carballos e castaños. A superficie ocupada por usos agropecuarios é moi significativa, representa aproximadamente o 62,91% da superficie municipal. Os usos agrícolas desenvólvense fundamentalmente na metade sur do municipio.

b) USOS INDUSTRIAIS

A repercusión da industria no conxunto da economía municipal vai en aumento.

A superficie ocupada por usos industriais en Silleda atópase na periferia dos núcleos urbanos de Silleda e A Bandeira. No resto do municipio os establecementos comerciais localízanse nos baixos dos edificios de vivendas.

c) USOS TERCIARIOS

Os usos terciarios existentes no municipio, centralízanse nos núcleos urbanos de Silleda e A Bandeira. No caso de Silleda, ofrece espazo diferenciado ao situarse a feira internacional de Silleda, cuxa finalidade é a de fomentar o sector agropecuario orientándoo cara a comercialización e industrialización.

d) USOS EXTRACTIVOS

Nos planos de información reflíctese a localización das actividades extractivas no municipio, en concreto nas parroquias de Abades, Vilar, Cira, e Pazos, encontrándose a maioría delas actualmente en estado de abandono.

e) USOS RESIDENCIAIS

Os principais asentamentos de poboación localízanse na área urbana de Silleda e no núcleo de Bandeira.

Por outra parte cómpre destacar dentro dos usos residenciais, a forte dispersión da edificación destinada a vivenda, onde a edificación ofrece un continuo de núcleos de poboación e edificacións dispersas que se estende ao longo das marxes das estradas municipais.

A superficie ocupada por usos residenciais representa aproximadamente o 1,27% da superficie do municipio.

CADRO Nº 2.2.1.1.- DISTRIBUCIÓN DE USOS DO SOLO

USOS	Superficie (Has)	Distribución (%)
RÚSTICOS	16.529	98,30
Masas Forestais.	3.756	22,34
Agropecuário	10.387	61,77
Actividades extractivas	79	0,47
Espazos naturais e ecolóxicos	2.220	13,20
Áreas de interese paisaxístico	87	0,52
TERREOS OCUPADOS POR EDIFICACIÓNS E INSTALAC.	285	1,70
Industrial e terciario	72	0,43
Residenciais	213	1,27
TOTAL	16.814	100,00

2.2.3 Áreas singulares e de interese

a) ÁREAS DE INTERESE NATURAL, ECOLÓXICO E PAISAXÍSTICO

No municipio de SILLEDA destacan como área de interese polo seu valor natural, ecolóxico e paisaxístico tres espazos naturais, que ocupan a zona norte, sur do municipio e un pequeno espazo ao oeste. Estes espazos naturais atópanse inventariados nas Normas Provinciais coa denominación: Sistema fluvial Ulla-Deza de 1.633 ha (norte), Serra do Candán de 10.699 ha (sur) e Brañas de Xestoso de 1.077 ha (oeste).

b) ÁREAS DE INTERESE POLA SÚA CAPACIDADE PRODUTIVA E MASAS ARBÓREAS DE INTERESE

Como se expuxo anteriormente, os espazos agrícolas de interese pola súa capacidade produtiva, repártense por todo o territorio e concéntranse fundamentalmente ao sur do municipio. Debido á concentración parcelaria que se está realizando no municipio, vaise potenciar a creación de novas explotacións cunha superficie máis rendible produtiva e economicamente.

En relación co uso forestal, cómpre indicar que as especies forestais están constituídas fundamentalmente por explotacións de pino e eucalipto, xunto a outras especies típicas da paisaxe galega, como poden ser carballos, acivros, bidueiros, chopos..., que se atopan repartidos polo municipio. Por conseguinte o interese das masas forestais existentes baséase fundamentalmente na súa contribución á paisaxe, así como nas súas funcións de protección do solo e do medio ambiente.

c) AREAS DE INTERESE ARQUEOLÓXICO

O municipio de SILLEDA conta cunha serie de áreas de interese arqueolóxico pola existencia comprobada ou razoablemente presumida de vestixios de carácter arqueolóxico. A relación destas áreas, que se grafan no plano N° IV.11, e no Catálogo de Patrimonio.

2.3 INFRAESTRUTURAS

2.3.1 De comunicacións

As comunicacións de SILLEDA co exterior do municipio establécense fundamentalmente por estrada, xa que, aínda que o municipio é atravesado no sentido leste-oeste polo trazado do ferrocarril, a utilización actual deste medio de transporte é moi baixa. (Ver plano n° IV.7).

2.3.1.1 Rede Viaria

a) XERALIDADES

No presente apartado identifícanse tódalas vías que atravesan ou discorren polo termo municipal de SILLEDA, expresando para cada unha delas a súa titularidade e funcionalidade.

No plano n° IV.7, gráfanse as citadas estradas.

b) TITULARIDADE E CARACTERÍSTICAS XERAIS DA REDE EXISTENTE

As comunicacións de SILLEDA co exterior do municipio, así como a nivel interno baséanse nas seguintes vías:

b-1) AUTOPISTA

- Autopista Central Galega AP-53 (tramo Santiago-Dozón)

Comunica Silleda na dirección leste-oeste, cos municipios de Lalín e A Estrada. A nivel interno comunica o núcleo de Silleda con A Bandeira.

b-2) ESTRADAS NACIONAIS

- Estrada N-525 (Benavente-Santiago de Compostela).

Esta vía comunica Silleda cos municipios de Lalín e A Estrada en dirección leste-oeste.

Nas marxes desta estrada produciuse o asentamento dos principais núcleos de poboación.

- Estrada N-640 (Vegadeo-Porto de Vilagarcía de Arousa).

Discorre nun pequeno tramo próximo ao núcleo de A Bandeira e comunica o municipio de Silleda co municipio limítrofe A Estrada.

b-3) ESTRADAS AUTONÓMICAS

Establecen as comunicacións entre as estradas nacionais e os núcleos de poboación do municipio non integrados na rede principal, así como as comunicacións dos citados núcleos cos municipios veciños. Dentro desta rede distínguense as seguintes estradas:

- Estrada autonómica PO-505 (Milladoiro- O Formigueiro). Rede estruturante.

Comunica o municipio pola zona leste co municipio de A Estrada.

- Estrada autonómica PO-201 (Silleda (Deputación) -Laro (PO-534)). Rede local.

Comunica o municipio de Silleda pola zona este, de norte a sur, co municipio de Lalín.

- Estrada autonómica PO-204 (A Bandeira (N-525) -Vila de Cruces). Rede local.

Comunica o núcleo de A Bandeira desde a N-525 co municipio de Vila de Cruces.

- Estrada autonómica PO-205 (Silleda (N-525) - Vila de Cruces (PO-206)). Rede complementaria.

Comunica o municipio de Vila de Cruces co municipio de Silleda, permitindo a conexión do municipio de Vila de Cruces coa estrada N-525.

- Estrada autonómica PO-534 (Lalín (N-525) – Folgoso (N-541)). Rede estruturante.

Atravesa o municipio pola zona sur, de este a oeste e establece a comunicación entre a estrada N-541 á altura do núcleo de Folgoso, no municipio de Cerdedo, coa estrada N-525, no núcleo de Lalín.

b-4) ESTRADAS DA DEPUTACIÓN

Complementan as comunicacións entre tódolos núcleos de poboación, así como as relacións secundarias de SILLEDA con algúns municipios veciños.

Dentro da rede de estradas da Deputación, no municipio de Silleda destacan as seguintes:

- Estrada provincial EP-6501 (Graba-Escuadro).

Comunica o núcleo de Graba, na estrada PO-2205 co núcleo de Escuadro.

- Estrada provincial EP-6502 (Silleda-O Castro-Merza)

Comunica o núcleo de O Castro, desde a antiga PO-211 ao Ponte de A Carixa.

- Estrada provincial EP-6503 (Silleda-Siador-Refoxos)

Comunica o núcleo de Silleda co de Refoxos (PO-200) pasando polo de Siador.

- Estrada provincial EP-6504 (Negreiros-Carboeiro)

Comunica o núcleo de Carboeiro coa estrada N-525 á altura de Negreiros.

- Estrada provincial EP-6505 (Acceso Mosteiro Carboeiro)

Da acceso ao Mosteiro de Carboeiro a partir da estrada EP-6502.

- Estrada provincial EP-6506 (Breixa-Manduas)

Comunica o núcleo de Ansemil con Breixa na EP-6504 e Ansemil coa PO-204.

- Estrada provincial EP-6507 (Acceso á feira de Silleda).

Comunica o núcleo de Silleda co recinto feiral.

- Estrada provincial EP-6508 e EP-6509 (Somoza-Escuadro-Silleda)

Comunica Silleda con Escuadro e A Somoza (N-640).

- Estrada provincial EP-6510 (Lamela-Moalde-Senra)

Comunica o núcleo de Lamela na N-525 cos de Moalde e Senra.

- Estrada provincial EP-6511 (A Bandeira-Piñeiro)

Esta vía comunica o núcleo de A Bandeira co de Piñeiro.

- Estrada provincial EP-6512 (Vilanova de Oleiros-Elaro)

Comunica o núcleo de Vilanova de Oleiros a estrada PO-201, ao sueste do municipio.

- Estrada provincial EP-6513 (Piñeiro-Lamela)

Esta vía empeza e remata na estrada N-525, e comunica o núcleo de Lamela co de Piñeiro.

- Estrada provincial EP-6514 (Rellas-Escuadro)

Esta vía discorre desde a estrada N-640 no núcleo de Rellas, ata a estrada EP-6509 de Escuadro a Silleda.

- Estrada provincial EP-6515 (Senra-Escuadro)

Esta vía comunica o lugar de Senra co de Escuadro, e constitúe a prolongación da estrada EP-6510 (Lamela-Moalde-Senra) ata a estrada EP-6509 de Escuadro a Silleda.

- Estrada provincial EP-6516 (Graba-Fiestras)

Esta vía comunica os núcleos de Graba e Fiestras situados ao sur do núcleo de Silleda.

- Estrada provincial EP-6517 (Rúa-Silleda)

Esta vía comunica o núcleo de Rúa coa capital municipal.

- Estrada provincial EP-6518 (Silleda-Ponte)

Comunica o núcleo de Silleda co de Ponte, situado ao norte.

- Estrada provincial EP-7201 (Cachafeiro-Silleda)

Comunica o núcleo de Silleda co de Cachafeiro, establecendo así unha conexión entre o municipio de Silleda e o de Forcarei.

- Estrada provincial EP-7217 (INT N-640-INT PO-960)

Comunica a N-640 coa PO-960.

- Estrada provincial EP-6501 (Escuadro – EP-7201).

Comunica o núcleo de Escuadro coa estrada provincial EP-7201.

- Estrada provincial EP-6502 (O Castro – Carboeiro).

Comunica as parroquias de Carboeiro (Santa María) e O Castro (San Mamede)

b-5) ESTRADAS MUNICIPAIS.

Establecen a comunicación entre as vías Nacionais, Autonómicas e da Deputación, coas entidades de poboación así como coas áreas naturais e de cultivo. Non se realiza pola súa exhaustividade o inventario de dita rede, porén gráfase nos planos de ordenación, mais entre elas destacan:

- Antiga Estrada autonómica PO-211 (Silleda-Estación de FFCC de Silleda).

Atravesa o municipio pola zona este, de sur a norte, e establece a comunicación do núcleo de Silleda coa estación do ferrocarril en Silleda. Os terreos desta estrada foron expropiados no ano 1945 como camiños de acceso ás estacións de Silleda e Bandeira pola Cuarta Xefatura de Estudos e Construción de ferrocarrís do Ministerio de Obras Públicas, e figura recollida no Inventario de Bens Inmóbles de ADIF.

- Antiga Estrada autonómica PO-210 (A Bandeira-Estación de FFCC de A Bandeira).

Comunica o núcleo de A Bandeira coa estación do ferrocarril. Os terreos desta estrada foron expropiados no ano 1945 como camiños de acceso ás estacións de Silleda e Bandeira pola Cuarta Xefatura de Estudos e Construción de ferrocarrís do Ministerio de Obras Públicas, e figura recollida no Inventario de Bens Inmóveis de ADIF.

2.3.1.2 Ferrocarril

No ámbito municipal de SILLEDA existen en servizo:

- A liña 06-822 – Zamora – A Coruña, de titularidade do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) e que conta con estación en Taboada, a 3 km de Silleda e en A Bandeira.
- A liña de alta velocidade 16-082 – Ourense (Bifurcación Coto da Torre) – Santiago de Compostela (Bifurcación A Grandeira), de titularidade de ADIF – Alta Velocidade (AV), posta en servizo no ano 2011.


2.3.2 De Servizos urbanísticos

2.3.2.1 Abastecemento de auga

a) ESTADO ACTUAL

O Concello de Silleda ten tres sistemas de abastecemento: Rede de Silleda, Rede de Bandeira e redes veciñais.

a-1) REDE DE SILLEDA



O abastecemento ao núcleo de Silleda realízase de forma complementaria segundo a dispoñibilidade dende dous puntos de toma:

- Mananciais próximos a Xiador, nos que se toma a auga e conduce por gravidade ata un depósito de 400 m³ situado a unha altitude aproximada de 650 m.
- Río Deza, mediante azud provisional desvíase a auga ata un grupo de bombeo xunto a Ponte Taboada e impúlsase ata a ETAP de Marco, a cal funciona a 20 l/s. A carón desta hai un depósito de 1.800 m³ situado á cota 534 m.


Dende ambos depósitos distribúese auga a núcleos das parroquias de Silleda, Xiador, Taboada e Vilar, así como ao polígono industrial Área 33.

a-2) REDE DE BANDEIRA

O abastecemento ao núcleo de Bandeira tamén realízase a partir de dúas captacións:

- Mananciais cerca de Costela, conectados por gravidade cun depósito de 200 m³ de capacidade a unha altitude de 370 m.
- Río Toxa, mediante un bombeo próximo a Ponte de Pedra, impulsión ata a ETAP de Bandeira de 5,5 l/s, e derivación a un depósito de regulación de 700 m³ a altitude de 370 m.

A auga xa tratada envíase a rede de Manduas e Chapa.



a-3) REDES VECINAIS

O abastecemento das parroquias de Laro, Parada e Refoxos realízase a través de captacións en mananciais e transpórtase por gravidade ata os depósitos de cada unha das tres parroquias.

A rede de abastecemento existente gráfase no plano "I.11.1 Rede de Abastecemento Existente" do presente PXOM.

b) ESTUDO SOBRE CAPACIDADES

En canto a capacidade do servizo, no que respecta aos mananciais existentes, na actualidade teñen capacidade suficiente para asumir o consumo actual, dado que abastecen a pequenas entidades de poboación.

Tanto a rede de abastecemento de Silleda como a rede de abastecemento de A Bandeira proporcionan un caudal suficiente para abastecer a poboación existente.

No que respecta ao estado da rede existente, as conducións da rede de Silleda están anticuadas con necesidade de substitución de algúns tramos e a ETAP de Bandeira atópase en bastante mal estado, precisando a súa renovación.

Neste sentido, o PLAN DE ABASTECIMIENTO DE GALICIA (PLAN AUGA) define para Silleda as seguintes actuacións:

- o Ampliación da rede de Silleda ata Ponte, Magaride e Taboada.
- o Ampliación da rede de Bandeira cara Lamela, Dornelas, Cira e Abades.
- o Creación dunha nova rede en Escuadro.
- o Creación dunha nova rede en Cortegada.
- o Renovación e mellora da ETAP de Bandeira.
- o Substitución das redes antigas no núcleo de Silleda.


2.3.2.2 Saneamento

a) ESTADO ACTUAL

As dúas redes fundamentais do concello son as que dan servizo aos núcleos urbanos de SILLEDA e A BANDEIRA que son, por outro lado, os únicos que contan cun sistema de depuración. Ambas redes son de tipo unitario.

a-1) EDAR DE PONTE

A EDAR de Ponte construíuse no ano 2.001 promovida por Augas de Galicia, para unha poboación de 3.500 habitantes equivalentes. Consta dun pretratamento mediante rotofiltros e desareador, tratamento biolóxico mediante fangos activos, decantador secundario e tratamento de fangos con deshidratación con cal e espesador por gravidade.



A EDAR chega a auga residual procedente do núcleo de Silleda e do Polígono Industrial Área 33.

A tubería de chegada a EDAR é de PVC de diámetro nominal 400 mm e discorre paralela ao regato de Oisa, ao que se verte tras ser depurado o seu efluente.

No sistema de saneamento descrito existen tres bombeos:


- Ao Este do Polígono Industrial Área 33, cunha altura de impulsión de 13 m e caudal 43 l/s.
- Ao Oeste do núcleo de Silleda, con desnivel xeométrico de 26 m e 2,5 l/s.
- Ao Noroeste do núcleo de Silleda, xunto a N-525, unha empresa do sector gandeiro bombea a súa auga residual a un colector que discorre polo Norte.

a-2) EDAR DE BANDEIRA

A EDAR de Bandeira construíuse no ano 2.010, promovida por Augas de Galicia, para unha poboación de 2.000 habitantes equivalentes, alcanzando a súa área de influencia as parroquias de Lamela, Manduas e Chapa.

Xunto ao núcleo de Chapa localízase un pozo de bombeo deseñado para un caudal de 20 l/s e unha altura de 51 m.

As características de deseño da EDAR son: Obra de chegada con tanque de tormentas, pretratamento para 33 l/s, tratamento biolóxico para 14 l/s a caudal punta, tratamento de fangos espesados por gravidade e deshidratación por centrifugación.



A EDAR se localiza ao Oeste do núcleo de Bandeira, xunto ao río Cervaniña (río Ulla) ao que verte o seu efluente.

O Recinto Feiral de Silleda conta coa súa propia depuradora, situada ao nordeste do complexo.

O resto de núcleos do concello non contan con rede de sumidoiros.

A rede de saneamento existente gráfase no plano "1.11.2 Rede de Saneamento existente" do presente PXOM.

b) ESTUDIO SOBRE CAPACIDADES

A capacidade do sistema de saneamento dos núcleos de Silleda e Bandeira é suficiente para absorber demandas futuras que se poidan producir.

Nembargantes, no resto dos núcleos rurais do municipio, que representan aproximadamente o 70% da poboación de Silleda, non existen redes de saneamento, polo que sería necesario estudar solucións para implantar sistemas de depuración en dichos núcleos ou plantexar a súa conexión cos existentes. Dada a dispersión das edificacións e a carestía de medios técnicos e económicos para implantar unha rede de saneamento que sirva a todo o concello, cabe esperar que o sistema de evacuación de augas residuais máis xeralizado en zonas rurais consistirá en fosas sépticas individuais.

2.3.2.3 Enerxía eléctrica

a) ESTADO ACTUAL

O subministro de electricidade no municipio está xestionado pola empresa FENOSA S.A. e por Hidroeléctrica de Silleda S.L.

Na actualidade, tanto os núcleos urbanos de A BANDEIRA e SILLEDA, así como o resto de entidades do municipio contan con subministro eléctrico (Ver plano IV.10).

b) ESTUDIO SOBRE CAPACIDADES

En relación á capacidade deste servizo, tras consultas realizadas á empresa responsable do mesmo, pódese afirmar que non existe ningún problema de abastecemento de enerxía no municipio e, no caso de producirse un aumento importante da demanda, este podería ser resolto sen grandes complicacións.

2.3.2.4 Gas

a) ESTADO ACTUAL

Actualmente existe unha rede de abastecemento de gas no municipio de Silleda, xestionada pola empresa Repsol Butano S.A.

b) ESTUDIO SOBRE CAPACIDADES

A capacidade actual do servizo cubre sen problemas a demanda existente.

2.3.2.5 Iluminación pública

a) ESTADO ACTUAL

Actualmente, a iluminación pública está presente nos viais dos núcleos urbanos así como nas rúas principais dos núcleos rurais.

b) ESTUDIO SOBRE CAPACIDADES

No caso da iluminación pública, en canto á capacidade, esta cobre de maneira eficaz as necesidades do municipio, o cal non exime ás compañías subministradoras de acometer os reforzos necesarios no caso dun aumento da demanda existente.

2.3.2.6 Xestión de residuos sólidos

a) ESTADO ACTUAL

Os residuos sólidos urbanos do municipio de SILLEDA son tratados na súa totalidade en SOGAMA, emprazada no municipio de Cerceda. Por outra parte, en SILLEDA, concretamente no lugar de Campomarzo está emprazado un vertedoiro de inertes, que é o único existente na zona.

b) ESTUDIO SOBRE CAPACIDADES

Na actualidade, os puntos de vertido teñen suficiente capacidade para absorber os residuos que se xeran no municipio.

2.4 ESPAZOS LIBRES E EQUIPAMENTOS

2.4.1 Espazos libres

2.4.1.1 Inventario de espazos libres existentes

O cadro nº 2.4.1.1.1 contén o inventario de espazos libres públicos, identificando cada elemento, a súa superficie, a titularidade e o estado actual.

CADRO Nº 2.4.1.1.1.-INVENTARIO DE ESPAZOS LIBRES EXISTENTES

REF. EN PLANO	LOCALIZACIÓN E DENOMINACIÓN	SUPERFICIE (m ²)	TITULARIDADE
01-DE-CF1	PARROQUIA DE ABADES (Santa María) Campo de festa (Abades)	2.195	Pública
01-DE-CF2	Campo da festa (Os Carcavelos, Bazar)	865	Pública
01-DE-XD1	Xardín en Abades (Abades)	1.020	Pública
	Total parroquia	4.080	
02-DE-AX1	PARROQUIA DE ANSEMIL (San Pedro) Área axardinada (Ansemil)	966	Pública
	Total parroquia	966	
03-DE-AX1	PARROQUIA DE BREIXA (Santiago) Xardín da fonte en Breixiña (Breixiña)	225	
03-DE-CF1	Campo da festa (Breixa)	910	Pública
	Total parroquia	1.136	
04-DE-AX1	PARROQUIA DE CARBOEIRO (Santa María) Área axardinada (Carboeiríño)	447	Pública
04-DE-CF1	Campo da festa (Carboeiríño)	693	Pública
	Total parroquia	1.140	
05-DE-AX1	PARROQUIA DE O CASTRO (San Mamede) Área axardinada (O Agriño)	548	Pública

REF. EN PLANO	LOCALIZACIÓN E DENOMINACIÓN	SUPERFICIE (m ²)	TITULARIDADE
05-DE-CF1	Campo da festa (O Agraño)	1.176	Pública
05-SE-P1	Parque en O Regueiro (O Regueiro)	16.524	Pública
	Total parroquia	18.248	
	PARROQUIA DE CERVAÑA (San Salvador)		
06-DE-AX1	Área axardinada (Ouzande)	976	Pública
06-DE-AX2	Área axardinada (Alfonsiños)	73	Pública
06-DE-CF1	Campo da festa (Reguenga)	1.806	Pública
	Total parroquia	2.855	
	PARROQUIA DE CHAPA (San Cibrao)		
07-DE-CF1	Campo da festa (A Cruz)	4.284	Pública
	Total parroquia	4.284	
	PARROQUIA DE CIRA (Santa Baía)		
08-DE-AX1	Área axardinada (O Curro)	1.090	Pública
08-DE-CF1	Campo da festa (A Carballeira)	1.359	Pública
	Total parroquia	2.449	
	PARROQUIA DE CORTEGADA (Santa María)		
09-DE-AX1	Área axardinada (Camporrapado)	372	Pública
09-DE-AX2	Carballeira da capela dos Alfixidos (Camporrapado)	2.826	Pública
09-DE-CF1	Campo da festa (O Burgo)	3.168	Pública
	Total parroquia	6.366	
	PARROQUIA DE DORNELAS (San Martiño)		
10-DE-CF1	Campo da festa (O Portiño)	1.148	Pública
	Total parroquia	1.148	
	PARROQUIA DE ESCUADRO (San Salvador)		
11-DE-CF1	Campo da festa (Escuadro)	5.914	Pública
	Total parroquia	5.914	
	PARROQUIA DE FIESTRAS (San Martiño)		
12-DE-CF1	Campo da festa (Aragonza)	1.428	Pública
	Total parroquia	1.428	
	PARROQUIA DE GRABA (Santa María)		
13-DE-CF1	Campo da festa (Eirexe)	2.496	Pública
	Total parroquia	2.496	
	PARROQUIA DE LAMELA (San Miguel)		
14-DE-CF1	Campo da festa (Barravaite)	1.247	Pública
14-DE-XD1	Espazo libre (Barravaite)	296	Pública
	Total parroquia	1.544	
	PARROQUIA DE LARO (San Salvador)		
15-DE-CF1	Campo da festa (Freixeiro)	1.024	Pública
	Total parroquia	1.024	
	PARROQUIA DE MANDUAS (San Tirso)		

REF. EN PLANO	LOCALIZACIÓN E DENOMINACIÓN	SUPERFICIE (m ²)	TITULARIDADE
16-DE-AX1	Área axardinada (Andamollo)	1.326	Pública
16-DE-AX2	Área axardinada (A Moa)	1.699	Pública
16-DE-AX3	Área axardinada (A Moa)	809	Pública
16-DE-CF1	Praza Tenor Vales Mahía (A Bandeira, Rúa do Deporte 14 - 16)	924	Pública
16-DE-XD1	Praza da Feira (A Bandeira, Rúa da Feira)	3.145	Pública
	Total parroquia	7.902	
	PARROQUIA DE MARGARIDE (San Fiz)		
17-DE-CF1	Campo da festa (San Fiz)	7.910	Pública
	Total parroquia	7.910	
	PARROQUIA DE MARTIXE (San Cristovo)		
18-DE-CF1	Campo da festa (Paradela de Abaixo-A Moa)	1.072	Pública
	Total parroquia	1.072	
	PARROQUIA DE MOALDE (San Mamede)		
19-DE-AX1	Area de xogos (Quinteiro)	1.399	Pública
19-DE-AX2	Adro da eirexa (Quinteiro)	285	Pública
19-DE-CF1	Campo da festa (Quinteiro)	4.119	Pública
	Total parroquia	5.803	
	PARROQUIA DE NEGREIROS (San Martiño)		
20-DE-P1	Parque de San Martiño (San Martiño)	1.505	Pública
	Total parroquia	1.505	
	PARROQUIA DE OLEIROS (Santa Miguel)		
---	---	---	---
	Total parroquia	---	
	PARROQUIA DE PARADA (San Tomé)		
22-DE-CF1	Campo da festa (O Portapazos)	1.179	Pública
	Total parroquia	1.179	
	PARROQUIA DE PAZOS (San Martiño)		
23-DE-CF1	Campo da festa (Pazos)	1.666	Pública
	Total parroquia	1.666	
	PARROQUIA DE PIÑEIRO (San Xíao)		
24-DE-AX1	Área de xogos (Portapiñeiro)	132	Pública
24-DE-CF1	Campo da festa (Portapiñeiro)	3.710	Pública
	Total parroquia	3.843	
	PARROQUIA DE PONTE (San Miguel)		
25-DE-CF1	Campo da festa (Trasfontao)	7.504	Pública
	Total parroquia	7.504	
	PARROQUIA DE REFOXOS (San Paio)		
---	---	---	---
	Total parroquia	---	
	PARROQUIA DE RELAS (San Martiño)		

REF. EN PLANO	LOCALIZACIÓN E DENOMINACIÓN	SUPERFICIE (m ²)	TITULARIDADE
27-DE-CF1	Campo da festa (Eirexe)	8.042	Pública
	Total parroquia	8.042	
PARROQUIA DE SAÍDRES (San Xoán)			
28-DE-CF1	Campo da Festa (A Cañoteira)	644	Pública
	Total parroquia	644	
PARROQUIA DE SIADOR (San Miguel)			
29-DE-CF1	Campo da festa de Sestelo (Sestelo)	2.130	Privada
29-DE-EL1	Anfiteatro (Sestelo)	5.554	Privada
29-DE-MD1	Merendeiro en Sestelo (Sestelo)	2.666	Privada
	Total parroquia	10.350	
PARROQUIA DE SILLEDA (Santa Baia)			
30-DE-AX1	Praza Señor Aframio (Silleda, Rúa Progreso 40 - 42)	239	Pública
30-DE-AX1	Praza Señor Aframio (Silleda, Rúa Progreso 40 - 42)	59	Pública
30-DE-AX10	Praza Feira Vella (Outeiro, Ronda de Outeiro)	3.461	Pública
30-DE-AX11	Parque no polígono industrial (Polígono industrial de Silleda)	11.153	Pública
30-DE-AX2	Praza do Outeiro (Outeiro, Ronda de Outeiro 14 - 16)	526	Pública
30-DE-AX3	Área axardinada (Silleda, Rúa República Argentina)	123	Pública
30-DE-AX4	Área axardinada (Silleda, Rúa Barro do Campo)	370	Pública
30-DE-AX5	Área axardinada (Silleda, Rúa Barro do Campo)	587	Pública
30-DE-AX6	Praza Benito Rivas (Silleda, Rúa María Colmeiro)	520	Pública
30-DE-AX7	Área axardinada do polígono industrial (Polígono industrial de Silleda)	10.768	Pública
30-DE-AX9	Praza da Igrexa (Silleda, Avenida do Parque)	2.640	Pública
30-DE-P1	Parque ao Sur do polígono industrial (Polígono industrial de Silleda)	8.925	Pública
30-DE-AX8	Área axardinada do polígono industrial (Polígono industrial de Silleda)	2.059	Pública
30-SE-P1	Parque (Outeiro, Rúa Acceso Recinto Feiral)	50.492	Pública
30-SE-P2	Parque (Silleda - Toiriz)	5.878	Pública
	Total parroquia	97.802	
PARROQUIA DE TABOADA (Santiago)			
31-DE-AX1	Xardín (Taboada Vella)	605	Pública
31-DE-P1	Parque (Pazos)	4.809	Pública
	Total parroquia	7.218	
PARROQUIA DE VILAR (San Martiño)			
---	---	---	---
	Total parroquia	---	
PARROQUIA DE XESTOSO (Santa María)			
33-DE-CF1	Campo da festa (Xestoso)	1.576	Pública
	Total parroquia	1.576	
		219.072	

2.4.1.2 Estudo sobre a actual cobertura

Dos datos contidos no cadro nº 2.4.1.2.1, despréndese que das 33 parroquias do municipio de SILLEDA, 30 dispoñen actualmente de espazos libres destinados ao ocio e recreo da poboación.

Ao comparar os estándares de cada parroquia obsérvase que existen grandes disfuncionalidades entre os espazos libres da parroquia de Manduas (parroquia da entidade de A Bandeira), Magaride, Moalde, Negreiros, Rellas, Siador, Taboada, Silleda e o resto, debido a que se sitúan na zona do norte do municipio e atópanse próximas aos núcleos máis importantes. As zonas verdes redúcense aos campos de festa que serven á parroquia.

A parroquia que conta con máis espazos libres é Silleda, e séguenlle por orde de maior a menor superficie a de O Castro, Siador, Rellas, Margaride, Manduas, Ponte, e Taboada, todas elas situadas na zona norte do municipio e próximas aos núcleos urbanos de Silleda e A Bandeira.

A nivel municipal non se superan os estándares establecidos por lei, por elo haberá que reservar solo para espazos libres e zonas verdes.

CADRO Nº 2.4.1.2.1.- DISTRIBUCIÓN DE ESPAZOS LIBRES A NIVEL PARROQUIAL

PARROQUIAS	ESPAZOS LIBRES (m ²)	SUPERFICIE CONSTRÚIBLE USO RESIDENCIAL (m ²)	ESTÁNDAR (15 % SUPERF. CONSTRÚIBLE)
ABADES (Santa María)	4.080	26.600	3.990
ANSEMIL (San Pedro)	966	10.600	1.590
BREIXA (Santiago)	1.136	17.900	2.685
CARBOEIRO (Santa María)	1.140	4.500	675
O CASTRO (San Mamede)	18.248	9.150	1.372
CERVAÑA (San Salvador)	2.855	17.900	2.685
CHAPA (San Cibrao)	4.284	22.700	3.405
CIRA (Santa Baia)	2.449	31.000	4.650
CORTEGADA (Santa María)	6.366	38.000	5.700
DORNELAS (San Martiño)	1.148	22.600	3.390
ESCUADRO (San Salvador)	5.914	57.950	8.693
FIESTRAS (San Martiño)	1.428	21.750	3.263
GRABA (Santa María)	2.496	31.250	4.688
LAMELA (San Miguel)	1.544	156.344	23.452
LARO (San Salvador)	1.024	31.500	4.725
MANDUAS (San Tirso)	7.902	354.611	53.192
MARGARIDE (San Fiz)	7.910	16.700	5.505
MARTIXE (San Cristovo)	1.072	14.100	2.115
MOALDE (San Mamede)	5.803	25.550	3.832

PARROQUIAS	ESPAZOS LIBRES (m ²)	SUPERFICIE CONSTRUIBLE USO RESIDENCIAL (m ²)	ESTÁNDAR (15 % SUPERF. CONSTRUIBLE)
NEGREIROS (San Martiño)	1.505	18.800	2.820
OLEIROS (San Miguel)	-	14.900	2.235
PARADA (San Tomé)	1.179	22.100	3.315
PAZOS (San Martiño)	1.666	4.650	697
PIÑEIRO (San Xiao)	3.843	32.400	4.860
PONTE (San Miguel)	7.504	19.750	2.962
REFOXOS (San Paio)	-	15.100	2.265
RELLAS (San Martiño)	8.042	13.400	2.010
SÁIDRES (San Xoán)	644	24.500	3.675
SIADOR (San Miguel)	10.350	20.500	3.075
SILLEDA (Santa Baia)	97.802	919.218	137.883
TABOADA (Santiago)	7.218	24.700	3.705
VILAR (San Martiño)	-	16.350	2.452
XESTOSO (Santa María)	1.576	8.700	1.305
TOTAL MUNICIPAL	219.096	2.065.773	309.866

2.4.2 Equipamentos

2.4.2.1 Inventario de equipamentos existentes

O cadro nº 2.4.2.1.1 contén o inventario de equipamentos, identificando cada elemento, a súa superficie, a titularidade e o estado actual.

CADRO Nº 2.4.2.1.1.-INVENTARIO DE EQUIPAMENTOS EXISTENTES

REF. EN PLANO	LOCALIZACIÓN E DENOMINACIÓN	SUPERFICIE (m ²)	TITULARIDADE
PARROQUIA DE ABADES (Santa María)			
01-CE1	Cemiterio da I.P. de Santa María	1.348	Privada
01-DE-SC1	Local social (Abades)	149	Pública
01-R1	Igrexa Parroquial de Santa María (Abades)	385	Privada
01-R2	Igrexa Parroquial Vella (Abades)	686	Privada
01-R3	Capela de San Caetano (Os Carcavelos, Bazar)	57	Privada
Total parroquia		2.625	
PARROQUIA DE ANSEMIL (San Pedro)			
02-CE1	Cemiterio da I.P. de San Pedro (Ansemil)	316	Privada
02-R1	Igrexa Parroquial de San Pedro (Ansemil)	247	Privada
Total parroquia		564	
PARROQUIA DE BREIXA (Santiago)			
03-CE1	Cemiterio da I.P. de Santiago (Breixa)	442	Privada
03-R1	Igrexa Parroquial de Santiago (Breixa)	191	Privada

REF. EN PLANO	LOCALIZACIÓN E DENOMINACIÓN	SUPERFICIE (m ²)	TITULARIDADE
03-R2	Capela da Casa de O Matelo (Breixiña)	42	Privada
03-R3	Capela de Casa de O Castro (O Castro de Breixa)	43	Privada
Total parroquia		718	
PARROQUIA DE CARBOEIRO (Santa María)			
04-CE1	Cemiterio da I.P. de Santa María (Carboeiríño)	414	Privada
04-R1	Igrexa Parroquial de Santa María (Carboeiríño)	134	Privada
04-R2	Igrexa do Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro (Carboeiro de Francia)	761	Privada
Total parroquia		1.309	
PARROQUIA DE O CASTRO (San Mamede)			
05-CE1	Cemiterio da I.P. de San Salvador (O Regueiro)	864	Privada
05-R1	Igrexa Parroquial de San Mamede (O Regueiro)	854	Privada
Total parroquia		1.718	
PARROQUIA DE CERVAÑA (San Salvador)			
06-CE1	Cemiterio da I.P. de San Salvador (Reguenga)	620	Privada
06-DE-SC1	Local social - Antiga escola (Reguenga)	138	Pública
06-R1	Igrexa Parroquial de San Salvador (Reguenga)	164	Privada
Total parroquia		922	
PARROQUIA DE CHAPA (San Cibrao)			
07-CE1	Cemiterio da I.P. de San Cibrao (Eirexe)	511	Privada
07-DE-SC1	Local social (A Cruz)	58	Pública
07-R1	Igrexa Parroquial de San Cibrao (Eirexe)	161	Privada
07-R2	Capela de San Brais (Penido)	147	Privada
Total parroquia		877	
PARROQUIA DE CIRA (Santa Baia)			
08-CE1	Cemiterio da I.P. de Santa Baia (O Candao)	1.822	Privada
08-DE-E1	Gardería (A Cruz)	243	Pública
08-DE-SC1	Local social (A Cruz)	277	Pública
08-R1	Igrexa Parroquial de Santa Baia (O Candao)	163	Privada
Total parroquia		2.505	
PARROQUIA DE CORTEGADA (Santa María)			
09-CE1	Cemiterio da I.P. de Santa María (O Burgo)	657	Privada
09-DE-D1	Campo de fútbol e pistas polideportivas (O Burgo)	6.486	Pública
09-DE-E1	Colexio (O Burgo)	407	Pública
09-R1	Igrexa Parroquial de Santa María (O Burgo)	233	Privada
09-R2	Capela dos Aflixidos (Camporrapado)	52	Privada
09-R3	Capela de San Brais (Casa de Os Chaos) (Os Chaos)	76	Privada
09-R4	Capela de Santa Lucía (Framiñán)	397	Privada
Total parroquia		8.306	
PARROQUIA DE DORNELAS (San Martiño)			
10-CE1	Cemiterio da I.P. de San Martiño (Dornelas)	229	Privada
10-DE-D1	Espazo Deportivo (Dornelas - O Portiño)	3.748	Pública

REF. EN PLANO	LOCALIZACIÓN E DENOMINACIÓN	SUPERFICIE (m ²)	TITULARIDADE
10-DE-SC1	Local social (O portíño)	100	Pública
10-R1	Igrexa Parroquial de San Martiño (Dornelas)	226	Privada
10-R2	Capela da Casa de Marcón (Marcón)	29	Privada
10-R3	Capela de Couto (Sobrado - O Portiño)	122	Privada
	Total parroquia	4.453	
	PARROQUIA DE ESCUADRO (San Salvador)		
11-CE1	Cemiterio da I.P. de San Salvador (Escuadro)	636	Privada
11-CE2	Cemiterio (Escuadro - Ribas)	3.537	Privada
11-DE-E1	Colexio - gardería (Escuadro)	697	Privada
11-DE-SC1	Local social (Escuadro)	121	Privada
11-DE-SC2	Local social (Portovello)	91	Privada
11-DE-SC3	Antiga escola (Soldecasa)	75	Pública
11-R1	Igrexa Parroquial de San Salvador (Escuadro)	243	Pública
11-R2	Capela do Pazo de Cascaxide (Escuadro)	97	Pública
11-R3	Capela da Casa do Monte (Cimadevila)	53	Pública
	Total parroquia	5.550	
	PARROQUIA DE FIESTRAS (San Martiño)		
12-CE1	Cemiterio da I.P. de San Martiño (San Martiño)	401	Privada
12-DE-SC1	Local social (Aragonza)	38	Pública
12-R1	Igrexa Parroquial de San Martiño (San Martiño)	146	Privada
	Total parroquia	585	
	PARROQUIA DE GRABA (Santa María)		
13-CE1	Cemiterio da I.P. de Santa María (Eirexe)	947	Privada
13-DE-SC1	Local social - antiga escola (Eirexe)	147	Pública
13-R1	Igrexa Parroquial de Santa María (Eirexe)	220	Privada
13-R2	Capela de Santa Mariña (Santa Mariña)	72	Privada
13-R3	Capela de San Sebastián (Vilar)	28	Privada
	Total parroquia	1.415	
	PARROQUIA DE LAMELA (San Miguel)		
14-CE1	Cemiterio da igrexa parr. de San Miguel (Gorís)	3.336	Privada
14-DE-D1	Campo de fútbol (Gorís)	8.817	Pública
14-DE-D2	Pavillón polideportivo (Gorís)	1.247	Pública
14-R1	Igrexa Parroquial de San Miguel (Gorís)	630	Privada
14-R2	Capela do Pazo de A Casela (A Casela)	42	Privada
14-R3	Ermida de San Marcos (Barravaite)	684	Privada
	Total parroquia	14.756	
	PARROQUIA DE LARO (San Salvador)		
15-CE1	Cemiterio da I.P. de San Salvador (Laro)	368	Privada
15-CE2	Cemiterio (Pelures - Freixeiro)	1.731	Privada
15-DE-D1	Campo de fútbol (Pelures)	6.713	Pública
15-DE-SC1	Local social - antiga escola (Freixeiro)	1.200	Pública
15-DE-SC2	Antiga escola (Sante)	696	Pública

REF. EN PLANO	LOCALIZACIÓN E DENOMINACIÓN	SUPERFICIE (m ²)	TITULARIDADE
15-R1	Igrexa Parroquial de San Salvador (Laro)	188	Privada
15-R2	Capela de San Bieito (O Pereiro)	44	Privada
	Total parroquia	10.940	
	PARROQUIA DE MANDUAS (San Tirso)		
16-CE1	Cemiterio da I.P. de San Tirso (San Tirso)	1.249	Privada
16-DE-SC1	Antiga escola (San Tirso)	41	Pública
16-MA1	Matadoiro (A Bandeira, Rúa Calzada 11)	14.167	Privada
16-R1	Igrexa Parroquial de San Tirso (San Tirso)	276	Privada
16-R2	Capela de A Bandeira (A Bandeira, Rúa da Capela 1)	230	Privada
16-R3	Capela do Pazo de A Viña (A Viña)	68	Privada
16-SE-AD1	Instalacións administrativas (A Bandeira)	2.972	Pública
16-SE-D1	Campo de fútbol (A Bandeira, Rúa do Deporte 16)	7.628	Pública
16-SE-E1	Colexio Público de A Bandeira (A Bandeira, Rúa Víctor M. Fraiz Villanueva 2- 4)	9.469	Pública
16-SE-SA1	Centro de Saúde (A Bandeira, Rúa A Devesa 2)	554	Pública
16-SE-SC1	Antiga escola (San Tirso)	555	Pública
16-SE-SC2	Auditorio Manuel Dopazo (A Bandeira, Rúa do Deporte 14)	2.428	Pública
16-SE-SC3	Albergue de Peregrinos (A Bandeira, Rúa Louras)	1.026	Pública
	Total parroquia	40.664	
	PARROQUIA DE MARGARIDE (San Fiz)		
17-CE1	Cemiterio da I.P. de San Fiz (San Fiz)	518	Privada
17-DE-E1	Colexio (San Fiz)	314	Pública
17-R1	Igrexa Parroquial de San Fiz (San Fiz)	119	Privada
	Total parroquia	951	
	PARROQUIA DE MARTIXE (San Cristovo)		
18-CE1	Cemiterio da I.P. de San Cristovo (Martixe de Arriba)	672	Privada
18-DE-D1	Espazo deportivo (A Moa)	6.195	Pública
18-DE-SC1	Local Social - antiga escola (A Moa)	162	Pública
18-R1	Igrexa parroquial de San Cristovo (Martixe de Arriba)	145	Privada
18-SE-SC1	Albergue de Peregrinos ((Medelo))	21.180	Pública
	Total parroquia	28.354	
	PARROQUIA DE MOALDE (San Mamede)		
19-CE1	Cemiterio da I.P. de San Mamede (Eirexe)	1.364	Privada
19-DE-D1	Campo de fútbol (San Xosé)	4.383	Pública
19-DE-SC1	Antiga escola (San Xosé)	171	Pública
19-DE-SC2	Antiga escola (San Xosé)	105	Pública
19-R1	Igrexa Parroquial de San Mamede (Eirexe)	257	Privada
19-R2	Capela de San Xosé (San Xosé)	102	Privada
19-R3	Ermida de San Sebastián (Xindiriz)	88	Privada
	Total parroquia	6.470	
	PARROQUIA DE NEGREIROS (San Martiño)		
20-CE1	Cemiterio da I.P. de San Martiño (San Martiño)	478	Privada

REF. EN PLANO	LOCALIZACIÓN E DENOMINACIÓN	SUPERFICIE (m ²)	TITULARIDADE
20-R1	Igrexa Parroquial de San Martiño (San Martiño)	245	Privada
20-R2	Capela da Casa de Riobó (San Martiño)	75	Privada
Total parroquia		798	
PARROQUIA DE OLEIROS (San Miguel)			
21-CE1	Cemiterio da I.P. de San Miguel (Oleiros)	473	Privada
21-R1	Igrexa Parroquial de San Miguel (Oleiros)	139	Privada
Total parroquia		613	
PARROQUIA DE PARADA (San Tomé)			
22-CE1	Cemiterio da igrexa de Sto. Tomé (Parada)	346	Privada
22-CE2	Cemiterio (A Coelleira)	5.515	Privada
22-DE-SC1	Local social (O Portapazos)	105	Pública
22-R1	Igrexa de Sto. Tomé (Parada)	141	Privada
22-R2	Capela de Casanova (O Barro)	62	Privada
Total parroquia		6.170	
PARROQUIA DE PAZOS (San Martiño)			
23-CE1	Cemiterio da I.P. de San Martiño (Pazos)	484	Privada
23-DE-SC1	Antiga escola (Pazos)	66	Pública
23-R1	Igrexa Parroquial de San Martiño (Pazos)	107	Privada
Total parroquia		657	
PARROQUIA DE PIÑEIRO (San Xíao)			
24-CE1	Cemiterio da I.P. de San Xíao (Portapiñeiro)	543	Privada
24-CE2	Cemiterio (Portapiñeiro)	1.063	Privada
24-R1	Igrexa Parroquial de San Xíao (Portapiñeiro)	151	Privada
24-R2	Capela de Casa de Carricova (Carricova, O campo)	112	Privada
Total parroquia		1.869	
PARROQUIA DE PONTE (San Miguel)			
25-CE1	Cemiterio da I.P. de San Miguel (Trasfontao)	1.232	Privada
25-SE-D1	Pistas deportivas de O Castro (Os Olmos)	1.886	Pública
25-R1	Igrexa parroquial de San Miguel (Trasfontao)	990	Privada
Total parroquia		4.108	
PARROQUIA DE REFOXOS (San Paio)			
26-CE1	Cemiterio da I.P. de San Paio (Lázara)	382	Privada
26-DE-SC1	Local social -Teleclub (Lázara)	49	Pública
26-DE-SC2	Antiga escola (Lázara)	1.352	Pública
26-R1	Igrexa parroquial de San Paio (Lázara)	102	Privada
Total parroquia		1.885	
PARROQUIA DE RELAS (San Martiño)			
27-CE1	Cemiterio da I.P. de San Martiño (Eirexe)	860	Privada
27-DE-D1	Campo de fútbol (Eirexe)	6.237	Pública
27-DE-SC1	Local social (Eirexe)	188	Pública
27-R1	Igrexa Parroquial de San Martiño (Eirexe)	159	Privada
Total parroquia		7.443	

REF. EN PLANO	LOCALIZACIÓN E DENOMINACIÓN	SUPERFICIE (m ²)	TITULARIDADE
PARROQUIA DE SAÍDRES (San Xoán)			
28-CE1	Cemiterio da I.P. de San Xoán (A Cañoteira)	685	Privada
28-DE-D1	Campo de fútbol (A Cañoteira)	6.302	Pública
28-DE-SC1	Antiga escola (A Cañoteira)	90	Pública
28-R1	Igrexa Parroquial de San Xoán (A Cañoteira)	199	Privada
28-R2	Capela da Casa de Casardoño (Casardoño)	26	Privada
Total parroquia		7.302	
PARROQUIA DE SIADOR (San Miguel)			
29-CE1	Cemiterio da I.P. de Nosa Señora da Saleta (Sestelo)	1.040	Privada
29-DE-SC1	Local social (Sestelo)	79	Privada
29-R1	Igrexa Parroquial de Nosa Señora da Saleta (Sestelo)	244	Privada
29-R2	Capela da Casa de Sestelo (Sestelo)	66	Privada
29-SA1	Centro Espiritual saletino (Sestelo)	2.659	Privada
Total parroquia		4.087	
PARROQUIA DE SILLEDA (Santa Baía)			
30-DE-D1	Deportivo (A Mera , Polígono Industrial)	5.918	Pública
30-DE-E1	Antiga Cámara Agraria (Silleda, Rúa Pontevedra 6)	370	Pública
30-E1	Colexio María Inmaculada (Silleda, Rúa Pintor Colmeiro 4 - 6)	4.898	Privada
30-R1	Igrexa Parroquial de Santa Baía (Silleda, Avenida do Parque 23)	708	Privada
30-R2	Capela do Pazo de Trasfontao (Trasfontao)	557	Privada
30-SE-AD1	Casa do Concello (Silleda, Rúa Trasdeza 53 - 55)	331	Pública
30-SE-CE1	Cemiterio Municipal (Silleda, Estrada Siador)	4.099	Pública
30-SE-D1	Campo de fútbol (Silleda, Avenida Recinto Ferial 24)	1.616	Pública
30-SE-D2	Piscina Municipal (Silleda, Avenida Recinto Ferial 22)	2.290	Pública
30-SE-D4	Campo de fútbol (Silleda, Rúa Arturo Pérez Lázara 24)	7.745	Pública
30-SE-E1	Colexio Público de Silleda (Outeiro, Avenida Recinto Ferial 1)	7.170	Pública
30-SE-E2	I.E.S. Pintor Colmeiro (Silleda, Rúa As Ferreiras)	25.161	Pública
30-SE-E3	Escola Infantil (Silleda)	1.112	Pública
30-SE-E4	Escola Taller (Silleda, Rúa Morón 12 - 14)	281	Pública
30-SE-GC1	Cuartel da Garda Civil (Silleda, Rúa da Chousa Nova 69)	2.126	Pública
30-SE-PB1	Parque de bombeiros (A Mera, Polígono Industrial)	5.991	Pública
30-SE-SA1	Centro de Saúde (Silleda, Rúa da Chousa Nova 67)	1.453	Pública
30-SE-SA2	Centro de Saúde "Doctor Fernandez Colmeiro" (Silleda, Rúa da Chousa Nova 65)	2.363	Pública
30-SE-SC1	Casa da Xuventude "Marisa Soto" (Silleda, Rúa Progreso 41)	290	Pública
30-SE-SC2	Biblioteca (Silleda, Rúa Trasdeza 88)	198	Pública
Total parroquia		74.677	
PARROQUIA DE TABOADA (Santiago)			
31-CE1	Cemiterio da I.P. de Santiago (Eirexe)	380	Privada
31-CE2	Cemiterio (Eirexe)	667	Privada
31-DE-SC1	Local social (Carral)	111	Pública

REF. EN PLANO	LOCALIZACIÓN E DENOMINACIÓN	SUPERFICIE (m ²)	TITULARIDADE
31-DE-SC2	Local social (Carral)	35	Pública
31-R1	Igrexa Parroquial de Santiago (Eirexe)	139	Privada
31-R2	Capela da casa da Carballeda (Carballeda)	51	Privada
	Total parroquia	1.382	
	PARROQUIA DE VILAR (San Martiño)		
32-CE1	Cemiterio da I.P. de San Martiño (Cabodevila)	1.120	Privada
32-DE-SC1	Local social (Mazarelos)	80	Pública
32-R1	Igrexa Parroquial de San Martiño (Cabodevila)	164	Privada
32-R2	Capela Evangélica (Cabodevila)	1.657	Privada
	Total parroquia	3.022	
	PARROQUIA DE XESTOSO (Santa María)		
33-CE1	Cemiterio da I.P. de Santa María (Xestoso)	227	Privada
33-CE2	Cemiterio (Xestoso)	583	Privada
33-DE-SC1	Local social (Xestoso)	448	Pública
33-R1	Igrexa Parroquial de Santa María (Xestoso)	131	Privada
	Total parroquia	1.389	
		249.081	

2.4.2.2 Estudo sobre a actual cobertura

Dos datos contidos no cadro nº 2.4.2.2.1 despréndese que tódalas parroquias do municipio de SILLEDÁ, dispoñen actualmente de equipamentos.

Ao comparar os estándares de cada parroquia obsérvase que existen grandes disfuncionalidades entre as parroquias de Silleda e Manduas e o resto das parroquias.

Silleda e Manduas concentra a maior parte do equipamento municipal. Séguenlle en superficie de equipamentos a parroquia de Martixe, Lamela, Laro, Cortegada, xa que son parroquias lindantes coas anteriores.

A nivel municipal, o equipamento supera os estándares establecidos por lei.

CADRO Nº 2.4.2.2.1.-DISTRIBUCIÓN DE EQUIPAMENTOS A NIVEL PARROQUIAL

PARROQUIAS	EQUIPAMENTOS (m ²)	SUPERFICIE CONSTRÚIBLE USO RESIDENCIAL (m ²)	ESTÁNDAR (5 % SUPERF. CONSTRÚIBLE)
ABADES (Santa María)	2.625	26.600	1.330
ANSEMIL (San Pedro)	564	10.600	530
BREIXA (Santiago)	718	17.900	895
CARBOEIRO (Santa María)	1.309	4.500	225
O CASTRO (San Mamede)	1.718	9.150	458
CERVAÑA (San Salvador)	922	17.900	895

PARROQUIAS	EQUIPAMENTOS (m ²)	SUPERFICIE CONSTRÚIBLE USO RESIDENCIAL (m ²)	ESTÁNDAR (5 % SUPERF. CONSTRÚIBLE)
CHAPA (San Cibrao)	877	22.700	1.135
CIRA (Santa Baia)	2.505	31.000	1.550
CORTEGADA (Santa María)	8.306	38.000	1.900
DORNELAS (San Martiño)	4.453	22.600	1.130
ESCUADRO (San Salvador)	5.550	57.950	2.898
FIESTRAS (San Martiño)	585	21.750	1.088
GRABA (Santa María)	1.415	31.250	1.563
LAMELA (San Miguel)	14.756	156.344	7.817
LARO (San Salvador)	10.940	31.500	1.575
MANDUAS (San Tirso)	40.664	354.611	17.731
MARGARIDE (San Fiz)	951	16.700	835
MARTIXE (San Cristovo)	28.354	14.100	705
MOALDE (San Mamede)	6.470	25.550	1.277
NEGREIROS (San Martiño)	798	18.800	940
OLEIROS (San Miguel)	613	14.900	745
PARADA (San Tomé)	6.170	22.100	1.105
PAZOS (San Martiño)	657	4.650	232
PIÑEIRO (San Xiao)	1.869	32.400	1.620
PONTE (San Miguel)	4.108	19.750	987
REFOXOS (San Paio)	1.885	15.100	755
RELLAS (San Martiño)	7.443	13.400	670
SÁIDRES (San Xoán)	7.302	24.500	1.225
SIADOR (San Miguel)	4.087	20.500	1.025
SILLEDÁ (Santa Baia)	74.676,91	919.218	45.961
TABOADA (Santiago)	1.382	24.700	1.235
VILAR (San Martiño)	3.022	16.350	817
XESTOSO (Santa María)	1.389	8.700	435
TOTAL MUNICIPAL	249.081	2.065.773	103.289

2.4.2.3 Estudo sobre os tipos de equipamento

De acordo coa función que desempeñan os equipamentos existentes, distinguíronse no cadro Nº 2.4.2.3.1 os seguintes tipos:

a) EQUIPAMENTO EDUCATIVO

Comprende tódolos centros existentes no municipio vinculados con actividades formativas ou de ensino.

Una quinta parte das parroquias de Silleda dispón de escolas que se encontran sen uso. O núcleo urbano de A Bandeira dispón dun Colexio Público de educación infantil e primaria. O núcleo urbano de Silleda dispón de

dous Colexios de educación infantil e primaria (un deles privado), un Instituto de Ensino Secundario, unha Escola Municipal de Música e unha escola infantil.

A superficie do equipamento educativo de acordo cos datos contidos no cadro nº 2.4.2.3.1 é de 50.121 m².

b) EQUIPAMENTO SANITARIO-ASISTENCIAL

Comprende o conxunto de edificios e instalacións destinadas a actividades relacionadas coa saúde, como hospitais, clínicas, ambulatorios, consultorios, etc.

O equipamento sanitario-asistencial do municipio céntrase no núcleo capital de SILLEDA, que consta de un centro de saúde. Aínda que o núcleo urbano de A BANDEIRA dispón do seu propio centro de Saúde, e a parroquia de Siador dun centro espiritual salentino.

A superficie do equipamento sanitario-asistencial, de acordo cos datos contidos no cadro nº 2.4.2.3.1 é de 7.028 m².

c) EQUIPAMENTO DEPORTIVO

Comprende as instalacións destinadas á práctica e ensino da cultura física.

O equipamento deportivo principal do municipio atópase vinculado ao núcleo de Silleda, que conta cunha Piscina municipal, pavillón e varios campos de fútbol. E próximo ao núcleo sitúanse as pistas de tenis e pádel de O Castro.

En Bandeira ten tamén o campo de fútbol, piscina e pavillón.

A superficie do equipamento deportivo, de acordo cos datos contidos no cadro nº 2.4.2.3.1, é de 77.211 m².

d) EQUIPAMENTO SOCIO-CULTURAL

Comprende o conxunto de edificios e instalacións destinadas ao público con fins culturais, asociativos e de relación social, como bibliotecas, salas de conferencia, de reunión, etc.

O equipamento socio-cultural repártese por dúas terceiras partes das parroquias do municipio, que contan con pequenos locais sociais que dan servizo á parroquia. Os núcleos urbanos de Silleda dispoñen de Casas da Cultura; o núcleo urbano de Silleda dispón, ademais, de biblioteca, casa da xuventude, e un centro de maiores.

En Bandeira hai un centro de maiores, casa da cultura e un centro de maiores

A superficie do equipamento socio-cultural, de acordo cos datos contidos no cadro nº 2.4.2.3.1, é de 31.849 m².

e) EQUIPAMENTO RELIXIOSO

Tódalas parroquias do municipio dispoñen de Igrexas parroquiais, ademais dúas terceiras partes das mesmas dispoñen de capelas.

A superficie do equipamento relixioso, de acordo cos datos contidos no cadro nº 2.4.2.3.1, é de 15.127 m².

f) CEMITERIOS

Tódalas parroquias do municipio contan con cemiterios parroquiais vinculados ao equipamento relixioso. O núcleo urbano de Silleda dispón dun cemiterio municipal.

A superficie dos cemiterios, de acordo cos datos contidos no cadro nº 2.4.2.3.1, é de 42.159 m².

g) OUTROS EQUIPAMENTOS E SERVIZOS

Inclúense neste apartado os demais equipamentos existentes.

A superficie destinada a este tipo de equipamento, de acordo cos datos contido no cadro nº 2.4.2.3.1, é de 25.587 m².

CADRO Nº 2.4.2.3.1.-DISTRIBUCIÓN DE EQUIPAMENTOS POR USOS

REF. EN PLANO	EQUIPAMENTO EDUCATIVO	SUPERFICIE (m ²)
08-DE-E1	PARROQUIA DE CIRA (Santa Baia) Gardería (A Cruz)	243
09-DE-E1	PARROQUIA DE CORTEGADA (Santa María) Colexio (O Burgo)	407
11-DE-E1	PARROQUIA DE DORNELAS (San Martiño) PARROQUIA DE ESCUADRO (San Salvador) Colexio - gardería (Escuadro)	697
16-SE-E1	PARROQUIA DE MANDUAS (San Tirso) Colexio Público de A Bandeira (A Bandeira, Rúa Victor M. Fraiz Villanueva 2- 4)	9.469
17-DE-E1	PARROQUIA DE MARGARIDE (San Fiz) Colexio (San Fiz)	314
30-E1	PARROQUIA DE SILLEDA (Santa Baia) Colexio María Inmaculada (Silleda, Rúa Pintor Colmeiro 4 - 6)	4.898
30-DE-E1	Escola Municipal de Música (Silleda, Rúa Pontevedra 6)	370
30-SE-E1	Colexio Público de Silleda (Outeiro, Avenida Recinto Feiral 1)	7.170
30-SE-E2	I.E.S. Pintor Colmeiro (Silleda, Rúa As Ferreiras)	25.161
30-SE-E3	Escola Infantil (Silleda)	1.112
30-SE-E4	Escola Taller (Silleda, Rúa Morón 12 - 14)	281
TOTAL		50.121

REF. EN PLANO	EQUIPAMENTO SANITARIO – ASISTENCIAL	SUPERFICIE (m ²)
16-SE-SA1	PARROQUIA DE MANDUAS (San Tirso) Centro de Saúde (A Bandeira, Rúa A Devesa 2)	554
29-SA1	PARROQUIA DE SIADOR (San Miguel) Centro Espiritual saletino (Sestelo)	2.659
30-SE-SA1	PARROQUIA DE SILLEDA (Santa Baia) Centro de Saúde (Silleda, Rúa da Chousa Nova 67)	1.453
30-SE-SA2	Centro de Saúde "Doctor Fernandez Colmeiro" (Silleda, Rúa da Chousa Nova 65)	2.363

REF. EN PLANO	EQUIPAMENTO SANITARIO – ASISTENCIAL	SUPERFICIE (m ²)
TOTAL		7.028

REF. EN PLANO	EQUIPAMENTO DEPORTIVO	SUPERFICIE (m ²)
09-DE-D1	PARROQUIA DE CORTEGADA (Santa María) Campo de fútbol e pistas polideportivas (O Burgo)	6.486
10-DE-D1	PARROQUIA DE DORNELAS (San Martiño) Espazo Deportivo (Dornelas - O Portiño)	3.748
14-DE-D1	PARROQUIA DE LAMELA (San Miguel) Campo de fútbol (Gorís)	8.817
14-DE-D2	Pavillón polideportivo (Gorís)	1.247
15-DE-D1	PARROQUIA DE LARO (San Salvador) Campo de fútbol (Pelures)	6.713
16-SE-D1	PARROQUIA DE MANDUAS (San Tirso) Campo de fútbol (A Bandeira, Rúa do Deporte 16)	7.628
18-DE-D1	PARROQUIA DE MARTIXE (San Cristovo) Espazo deportivo (A Moa)	6.195
19-DE-D1	PARROQUIA DE MOALDE (San Mamede) Campo de fútbol (San Xosé)	4.383
25-SE-D1	PARROQUIA DE PONTE (San Miguel) Pistas deportivas de O Castro (Os Olmos)	1.886
27-DE-D1	PARROQUIA DE RELAS (San Martiño) Campo de fútbol (Eirexe)	6.237
28-DE-D1	PARROQUIA DE SAÍDRES (San Xoán) Campo de fútbol (A Cañoteira)	6.302
30-DE-D1	PARROQUIA DE SILLEDA (Santa Baia) Deportivo (A Mera , Polígono Industrial)	5.918
30-SE-D1	Campo de fútbol (Silleda, Avenida Recinto Ferial 24)	1.616
30-SE-D2	Piscina Municipal (Silleda, Avenida Recinto Ferial 22)	2.290
30-SE-D4	Campo de fútbol (Silleda, Rúa Arturo Pérez Lázara 24)	7.745
TOTAL		77.211

REF. EN PLANO	EQUIPAMENTO SOCIO-CULTURAL	SUPERFICIE (m ²)
01-DE-SC1	PARROQUIA DE ABADES (Santa María) Local social (Abades)	149
06-DE-SC1	PARROQUIA DE CERVAÑA (San Salvador) Local social - Antiga escola (Renguenga)	138
	PARROQUIA DE CHAPA (San Cibrao)	

REF. EN PLANO	EQUIPAMENTO SOCIO-CULTURAL	SUPERFICIE (m ²)
07-DE-SC1	Local social (A Cruz)	58
	PARROQUIA DE CIRA (Santa Baia)	
08-DE-SC1	Local social (A Cruz)	277
	PARROQUIA DE DORNELAS (San Martiño)	
10-DE-SC1	Local social (O portiño)	100
	PARROQUIA DE ESCUADRO (San Salvador)	
11-DE-SC1	Local social (Escuadro)	121
11-DE-SC2	Local social (Portovello)	91
11-DE-SC3	Antiga escola (Soldecasa)	75
	PARROQUIA DE FIESTRAS (San Martiño)	
12-DE-SC1	Local social (Aragonza)	38
	PARROQUIA DE GRABA (Santa María)	
13-DE-SC1	Local social - antiga escola (Eirexe)	147
	PARROQUIA DE LARO (San Salvador)	
15-DE-SC1	Local social - antiga escola (Freixeiro)	1.200
15-DE-SC2	Antiga escola (Sante)	696
	PARROQUIA DE MANDUAS (San Tirso)	
16-DE-SC1	Antiga escola (San Tirso)	41
16-SE-SC1	Antiga escola (San Tirso)	555
16-SE-SC2	Auditorio Manuel Dopazo (A Bandeira, Rúa do Deporte 14)	2.428
16-SE-SC3	Albergue de Peregrinos (A Bandeira, Rúa Louras)	1.026
	PARROQUIA DE MARTIXE (San Cristovo)	
18-DE-SC1	Local Social - antiga escola (A Moa)	162
18-SE-SC1	Albergue de Peregrinos ((Medelo))	21.180
	PARROQUIA DE MOALDE (San Mamede)	
19-DE-SC1	Antiga escola (San Xosé)	171
19-DE-SC2	Antiga escola (San Xosé)	105
	PARROQUIA DE PARADA (San Tomé)	
22-DE-SC1	Local social (O Portapazos)	105
	PARROQUIA DE PAZOS (San Martiño)	
23-DE-SC1	Antiga escola (Pazos)	66
	PARROQUIA DE REFOXOS (San Paio)	
26-DE-SC1	Local social -Teleclub (Lázara)	49
26-DE-SC2	Antiga escola (Lázara)	1.352
	PARROQUIA DE RELAS (San Martiño)	
27-DE-SC1	Local social (Eirexe)	188
	PARROQUIA DE SAÍDRES (San Xoán)	
28-DE-SC1	Antiga escola (A Cañoteira)	90
	PARROQUIA DE SIADOR (San Miguel)	

REF. EN PLANO	EQUIPAMENTO SOCIO-CULTURAL	SUPERFICIE (m ²)
29-DE-SC1	Local social (Sestelo)	79
	PARROQUIA DE SILLEDA (Santa Baía)	
30-SE-SC1	Casa da Xuventude "Marisa Soto" (Silleda, Rúa Progreso 41)	290
30-SE-SC2	Biblioteca (Silleda, Rúa Trasdeza 88)	198
	PARROQUIA DE TABOADA (Santiago)	
31-DE-SC1	Local social (Carral)	111
31-DE-SC2	Local social (Carral)	35
	PARROQUIA DE VILAR (San Martiño)	
32-DE-SC1	Local social (Mazarelos)	80
	PARROQUIA DE XESTOSO (Santa María)	
33-DE-SC1	Local social (Xestoso)	448
TOTAL		31.849

REF. EN PLANO	EQUIPAMENTO RELIXIOSO	SUPERFICIE (m ²)
	PARROQUIA DE ABADES (Santa María)	
01-R1	Igrexa Parroquial de Santa María (Abades)	385
01-R2	Igrexa Parroquial Vella (Abades)	686
01-R3	Capela de San Caetano (Os Carcavelos, Bazar)	57
	PARROQUIA DE ANSEMIL (San Pedro)	
02-R1	Igrexa Parroquial de San Pedro (Ansemil)	247
	PARROQUIA DE BREIXA (Santiago)	
03-R1	Igrexa Parroquial de Santiago (Breixa)	191
03-R2	Capela da Casa de O Matelo (Breixiña)	42
03-R3	Capela de Casa de O Castro (O Castro de Breixa)	43
	PARROQUIA DE CARBOEIRO (Santa María)	
04-R1	Igrexa Parroquial de Santa María (Carboeiríño)	134
04-R2	Igrexa do Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro (Carboeiro de Francia)	761
	PARROQUIA DE O CASTRO (San Mamede)	
05-R1	Igrexa Parroquial de San Mamede (O Regueiro)	854
	PARROQUIA DE CERVAÑA (San Salvador)	
06-R1	Igrexa Parroquial de San Salvador (Reguenga)	164
	PARROQUIA DE CHAPA (San Cibrao)	
07-R1	Igrexa Parroquial de San Cibrao (Eirexe)	161
07-R2	Capela de San Brais (Penido)	147
	PARROQUIA DE CIRA (Santa Baía)	
08-R1	Igrexa Parroquial de Santa Baía (O Candao)	163
	PARROQUIA DE CORTEGADA (Santa María)	
09-R1	Igrexa Parroquial de Santa María (O Burgo)	233
09-R2	Capela dos Aflixidos (Camporrapado)	52

REF. EN PLANO	EQUIPAMENTO RELIXIOSO	SUPERFICIE (m ²)
09-R3	Capela de San Brais (Casa de Os Chaos) (Os Chaos)	76
09-R4	Capela de Santa Lucía (Framiñán)	397
	PARROQUIA DE DORNELAS (San Martiño)	
10-R1	Igrexa Parroquial de San Martiño (Dornelas)	226
10-R2	Capela da Casa de Marcón (Marcón)	29
10-R3	Capela de Couto (Sobrado - O Portiño)	122
	PARROQUIA DE ESCUADRO (San Salvador)	
11-R1	Igrexa Parroquial de San Salvador (Escuadro)	243
11-R2	Capela do Pazo de Cascaxide (Escuadro)	97
11-R3	Capela da Casa do Monte (Cimadevila)	53
	PARROQUIA DE FIESTRAS (San Martiño)	
12-R1	Igrexa Parroquial de San Martiño (San Martiño)	146
	PARROQUIA DE GRABA (Santa María)	
13-R1	Igrexa Parroquial de Santa María (Eirexe)	220
13-R2	Capela de Santa Mariña (Santa Mariña)	72
13-R3	Capela de San Sebastián (Vilar)	28
	PARROQUIA DE LAMELA (San Miguel)	
14-R1	Igrexa Parroquial de San Miguel (Gorís)	630
14-R2	Capela do Pazo de A Casela (A Casela)	42
14-R3	Ermida de San Marcos (Barravaite)	684
	PARROQUIA DE LARO (San Salvador)	
15-R1	Igrexa Parroquial de San Salvador (Laro)	188
15-R2	Capela de San Bieito (O Pereiro)	44
	PARROQUIA DE MANDUAS (San Tirso)	
16-R1	Igrexa Parroquial de San Tirso (San Tirso)	276
16-R2	Capela de A Bandeira (A Bandeira, Rúa da Capela 1)	230
16-R3	Capela do Pazo de A Viña (A Viña)	68
	PARROQUIA DE MARGARIDE (San Fiz)	
17-R1	Igrexa Parroquial de San Fiz (San Fiz)	119
	PARROQUIA DE MARTIXE (San Cristovo)	
18-R1	Igrexa parroquial de San Crisovo (Martixe de Arriba)	145
	PARROQUIA DE MOALDE (San Mamede)	
19-R1	Igrexa Parroquial de San Mamede (Eirexe)	257
19-R2	Capela de San Xosé (San Xosé)	102
19-R3	Ermida de San Sebastián (Xindiriz)	88
	PARROQUIA DE NEGREIROS (San Martiño)	
20-R1	Igrexa Parroquial de San Martiño (San Martiño)	245
20-R2	Capela da Casa de Riobó (San Martiño)	75
	PARROQUIA DE OLEIROS (San Miguel)	
21-R1	Igrexa Parroquial de San Miguel (Oleiros)	139
	PARROQUIA DE PARADA (San Tomé)	
22-R1	Igrexa de Sto. Tomé (Parada)	141

REF. EN PLANO	EQUIPAMENTO RELIXIOSO	SUPERFICIE (m ²)
22-R2	Capela de Casanova (O Barro)	62
23-R1	PARROQUIA DE PAZOS (San Martiño) Igrexa Parroquial de San Martiño (Pazos)	107
24-R1	PARROQUIA DE PIÑEIRO (San Xiao) Igrexa Parroquial de San Xiao (Portapiñeiro)	151
24-R2	Capela de Casa de Carricova (Carricova, O campo)	112
25-R1	PARROQUIA DE PONTE (San Miguel) Igrexa parroquial de San Miguel (Trasfontao)	990
26-R1	PARROQUIA DE REFOXOS (San Paio) Igrexa parroquial de San Paio (Lázara)	102
27-R1	PARROQUIA DE RELLAS (San Martiño) Igrexa Parroquial de San Martiño (Eirexe)	159
28-R1	PARROQUIA DE SAÍDRES (San Xoán) Igrexa Parroquial de San Xoán (A Cañoteira)	199
28-R2	Capela da Casa de Casardoño (Casardoño)	26
29-R1	PARROQUIA DE SIADOR (San Miguel) Igrexa Parroquial de Nosa Señora da Saleta (Sestelo)	244
29-R2	Capela da Casa de Sestelo (Sestelo)	66
30-R1	PARROQUIA DE SILLEDA (Santa Baia) Igrexa Parroquial de Santa Baia (Silleda, Avenida do Parque 23)	708
30-R2	Capela do Pazo de Trasfontao (Trasfontao)	557
31-R1	PARROQUIA DE TABOADA (Santiago) Igrexa Parroquial de Santiago (Eirexe)	139
31-R2	Capela da casa da Carballeda (Carballeda)	51
32-R1	PARROQUIA DE VILAR (San Martiño) Igrexa Parroquial de San Martiño (Cabodevila)	164
32-R2	Capela Evangélica (Cabodevila)	1.657
33-R1	PARROQUIA DE XESTOSO (Santa María) Igrexa Parroquial de Santa María (Xestoso)	131
TOTAL		15.127

REF. EN PLANO	EQUIPAMENTO CEMITERIO	SUPERFICIE (m ²)
01-CE1	PARROQUIA DE ABADES (Santa María) Cemiterio da I.P. de Santa María	1.348
02-CE1	PARROQUIA DE ANSEMIL (San Pedro) Cemiterio da I.P. de San Pedro (Ansemil)	316
03-CE1	PARROQUIA DE BREIXA (Santiago) Cemiterio da I.P. de Santiago (Breixa)	442
04-CE1	PARROQUIA DE CARBOEIRO (Santa María) Cemiterio da I.P. de Santa María (Carboeirño)	414

REF. EN PLANO	EQUIPAMENTO CEMITERIO	SUPERFICIE (m ²)
05-CE1	PARROQUIA DE O CASTRO (San Mamede) Cemiterio da I.P. de San Salvador (O Regueiro)	864
06-CE1	PARROQUIA DE CERVAÑA (San Salvador) Cemiterio da I.P. de San Salvador (Reguenga)	620
07-CE1	PARROQUIA DE CHAPA (San Cibrao) Cemiterio da I.P. de San Cibrao (Eirexe)	511
08-CE1	PARROQUIA DE CIRA (Santa Baia) Cemiterio da I.P. de Santa Baia (O Candao)	1.822
09-CE1	PARROQUIA DE CORTEGADA (Santa María) Cemiterio da I.P. de Santa María (O Burgo)	657
10-CE1	PARROQUIA DE DORNELAS (San Martiño) Cemiterio da I.P. de San Martiño (Dornelas)	229
11-CE1	PARROQUIA DE ESCUADRO (San Salvador) Cemiterio da I.P. de San Salvador (Escuadro)	636
11-CE2	Cemiterio (Escuadro - Ribas)	3.537
12-CE1	PARROQUIA DE FIESTRAS (San Martiño) Cemiterio da I.P. de San Martiño (San Martiño)	401
13-CE1	PARROQUIA DE GRABA (Santa María) Cemiterio da I.P. de Santa María (Eirexe)	947
14-CE1	PARROQUIA DE LAMELA (San Miguel) Cemiterio da igrexa parr. de San Miguel (Gorís)	3.336
15-CE1	PARROQUIA DE LARO (San Salvador) Cemiterio da I.P. de San Salvador (Laro)	368
15-CE2	Cemiterio (Pelures - Freixeiro)	1.731
16-CE1	PARROQUIA DE MANDUAS (San Tirso) Cemiterio da I.P. de San Tirso (San Tirso)	1.249
17-CE1	PARROQUIA DE MARGARIDE (San Fiz) Cemiterio da I.P. de San Fiz (San Fiz)	518
18-CE1	PARROQUIA DE MARTIXE (San Cristovo) Cemiterio da I.P. de San Cristovo (Martixe de Arriba)	672
19-CE1	PARROQUIA DE MOALDE (San Mamede) Cemiterio da I.P. de San Mamede (Eirexe)	1.364
20-CE1	PARROQUIA DE NEGREIROS (San Martiño) Cemiterio da I.P. de San Martiño (San Martiño)	478
21-CE1	PARROQUIA DE OLEIROS (San Miguel) Cemiterio da I.P. de San Miguel (Oleiros)	473
22-CE1	PARROQUIA DE PARADA (San Tomé) Cemiterio da igrexa de Sto. Tomé (Parada)	346
22-CE2	Cemiterio (A Coelleira)	5.515
23-CE1	PARROQUIA DE PAZOS (San Martiño) Cemiterio da I.P. de San Martiño (Pazos)	484

REF. EN PLANO	EQUIPAMENTO CEMITERIO	SUPERFICIE (m ²)
24-CE1	PARROQUIA DE PIÑEIRO (San Xíao) Cemiterio da I.P. de San Xíao (Portapiñeiro)	543
24-CE2	Cemiterio (Portapiñeiro)	1.063
25-CE1	PARROQUIA DE PONTE (San Miguel) Cemiterio da I.P. de San Miguel (Trasfontao)	1.232
26-CE1	PARROQUIA DE REFOXOS (San Paio) Cemiterio da I.P. de San Paio (Lázara)	382
27-CE1	PARROQUIA DE RELAS (San Martiño) Cemiterio da I.P. de San Martiño (Eirexe)	860
28-CE1	PARROQUIA DE SAÍDRES (San Xoán) Cemiterio da I.P. de San Xoán (A Cañoteira)	685
29-CE1	PARROQUIA DE SIADOR (San Miguel) Cemiterio da I.P. de Nosa Señora da Saleta (Sestelo)	1.040
30-SE-CE1	PARROQUIA DE SILLEDA (Santa Baia) Cemiterio Municipal (Silleda, Estrada Siador)	4.099
31-CE1	PARROQUIA DE TABOADA (Santiago) Cemiterio da I.P. de Santiago (Eirexe)	380
31-CE2	Cemiterio (Eirexe)	667
32-CE1	PARROQUIA DE VILAR (San Martiño) Cemiterio da I.P. de San Martiño (Cabodevila)	1.120
33-CE1	PARROQUIA DE XESTOSO (Santa María) Cemiterio da I.P. de Santa María (Xestoso)	227
33-CE2	Cemiterio (Xestoso)	583
TOTAL		42.159

REF. EN PLANO	OUTROS EQUIPAMENTOS E SERVIZOS	SUPERFICIE (m ²)
16-MA1	PARROQUIA DE MANDUAS (San Tirso) Matadoiro (A Bandeira, Rúa Calzada 11)	14.167
16-SE-AD1	Instalacións administrativas (A Bandeira)	2.972
30-SE-AD1	PARROQUIA DE SILLEDA (Santa Baia) Casa do Concello (Silleda, Rúa Trasdeza 53 - 55)	331
30-SE-GC1	Cuartel da Garda Civil (Silleda, Rúa da Chousa Nova 69)	2.126
30-SE-PB1	Parque de bombeiros (A Mera, Polígono Industrial)	5.991
TOTAL		25.587

2.5 POBOACIÓN E ACTIVIDADES ECONÓMICAS

De conformidade co establecido na Det. 3.1.5.h) DOT, nos apartados seguintes sobre actividades socioeconómicas desenvólvese a análise, caracterización e diagnóstico das principais actividades económicas do municipio, e o diagnóstico correspondente está contido no apartado 3, relativo o DIAGNÓSTICO SOCIOECONÓMICO E TERRITORIAL.

2.5.1 Poboación

2.5.1.1 Características xerais

De acordo cos datos contidos no cadro nº 2.1.2.3.1, do estudo da estrutura comarcal, o municipio de Lalín contaba no ano 2.010 cunha poboación de 21.216 habitantes, o que representa o 47,39 % da poboación total da comarca de Deza; o municipio de Silleda situábase en segundo lugar cunha poboación de 9.248 habitantes, o que supón un 20,66% do total comarcal.

A densidade de poboación de Lalín (64,9 habitantes/km²) e Silleda (54,72 habitantes/km²) é superior á media comarcal (44,23 hab/Km²) e, á súa vez, é a máis alta a destes dos municipios, que a do resto dos municipios que integran a comarca.

Atendendo á ocupación do territorio e ao nivel de concentración da poboación, debe destacarse que SILLEDA presenta unha ocupación do territorio cifrada en 1,7 entidades/km², valor por baixo da media comarcal (1,1 entidades/km²), e a poboación distribúese en entidades de aproximadamente 31 habitantes de tamaño medio, cifra neste caso inferior á media comarcal (40 habitantes/entidade).

En resumo comparando SILLEDA cos restantes municipios que compoñen a comarca observamos que as súas características dentro do conxunto sobresaen nalgúns aspectos, por un lado conta coa segunda poboación máis alta dos seis concellos, por outro lado a súa densidade é tamén a segunda máis elevada que os restantes e o nivel de concentración da súa poboación destaca tamén do resto de municipios.

2.5.1.2 Distribución da poboación no municipio

Neste apartado realízase unha breve descrición da distribución da poboación no municipio de SILLEDA, para aproximarnos ao modelo de asentamento da poboación. Esta primeira análise complementábase co "Estudo sobre o Modelo de Asentamento da poboación", contido no documento Nº II do presente P.G.O.M.

No plano Nº IV.5 reflíctese a distribución espacial da poboación do municipio de SILLEDA. No mesmo, gráfase a localización dos núcleos de poboación existentes, así como os seus tamaños de poboación e as súas evolucións.

De acordo cos datos contidos no cadro nº 2.5.1.2.1, o municipio de SILLEDA contaba no ano 2010 con 9.248 habitantes, repartidos en trinta e tres parroquias, o que representa unha media de 280 habitantes por parroquia, atopándose no nivel superior a parroquia de SILLEDA, centro urbano do municipio e polo tanto a parroquia máis destacada; atopámonos con menos de 100 habitantes, a parroquia de Xestoso con 59 habitantes e Ansemil, Pazos ao Norte, Rellas, Carboeiro e O Castro con tan só 66, 45, 82, 63 e 96 habitantes respectivamente.

A parroquia de SILLEDA concentra a maior parte da poboación municipal debido fundamentalmente ao núcleo urbano, primeira entidade da mesma; se observamos o cadro 2.5.1.2.1, figuran once entidades na parroquia de SILLEDA, hoxe en día atópanse fusionadas, Outeiro e Silleda formando o núcleo urbano, e poden considerarse como única; segundo os últimos datos publicados oficialmente no ano 2.010 contaba con 3.006 habitantes, concentrándose no núcleo urbano 2.759 habitantes no 2.010. Trátase do primeiro núcleo urbano destas características existente no municipio.

A esta parroquia lle seguen en orde decrecente a parroquia de Manduas, nesta parroquia se atopa A Bandeira forman o segundo núcleo urbano do municipio, onde se concentran 752 habitantes dos 1.018 que conta a parroquia, séguenlle por orde decrecente as parroquias, Escuadro (499 habitantes), Laro (340

habitantes), Cortegada (277 habitantes), Lamela (280 habitantes), Grava (264 habitantes), e Cira (250 habitantes).

As vinte e cinco parroquias restantes non alcanzan os trescentos habitantes cada unha delas en ningún caso, en total supoñen un 38,83 % do total poboacional do municipio de SILLEDA.

Se analizamos a densidade de poboación en cada unha das parroquias, observaremos que SILLEDA sobresa notablemente do resto, (400,80 hab/Km²) isto é debido á concentración no núcleo urbano do total de habitantes de esta parroquia. As parroquias de Manduas e Lamela serían as tres que destacarían por superar os 100 habitantes por quilómetro cadrado con respecto ás restantes en ningún caso alcanzan os 85 hab/km².

En relación ao nivel de concentración-dispersión da poboación, se considérase a parroquia con maior concentración de poboación a de SILLEDA de novo, con 273 habitantes por entidade, o cálculo realizouse coas once entidades que figuran na toponimia oficial. As restantes parroquias municipais presentan un grao de dispersión moito maior, salvo no caso de Manduas e Margaride, que presentan 63,63 e 43,75 habitantes por entidade, tódalas demais non alcanzan os 65 habitantes por entidade cada unha delas.

Atendendo fundamentalmente ás características dos núcleos de poboación, tamaño e densidade, no municipio de SILLEDA poderíase distinguir unha "zona central" que atravesa de Este a Noroeste, e a émbolos dous lados da N-525:

- ZONA CENTRAL.

Esta zona está integrada polas parroquias de Taboada, Silleda, Margaride, Negreiros, Rellas, Chapa, Manduas e Lamela; concentran 55,47% dos habitantes do Municipio, concretamente 5.130 habitantes, e a totalidade da poboación urbana do concello. Os dous únicos núcleos urbanos, (maiores de 500 habitantes) que existen no municipio, son Silleda e A Bandeira, estas dúas entidades representan 37,96% do municipio con 3.511 habitantes. O 17,51% restante corresponde ao resto da chamada "zona central" con 1.619 habitantes.

- RESTO MUNICIPIO.

O resto do municipio, que comprende a zona norte e sur, é a de maior extensión, intégrase polas vinte e cinco parroquias restantes; nesta zona aséntanse un total de 4.118 habitantes, o que representa un 44,53 % da poboación municipal e non contén ningún núcleo destacado, que supere os 500 habitantes.

2.5.1.3 Evolución da poboación

a) EVOLUCIÓN SECULAR DA POBOACIÓN

Se observamos a evolución secular da poboación, cadro nº 2.5.1.3.1, o municipio de SILLEDA no período comprendido entre os anos 1900 e 2010, diminúe en termos absolutos en 2.235 habitantes, pasando de 11.483 a 9.248 habitantes.

Se analizamos a evolución secular da poboación máis detalladamente, pódense diferenciar varias tendencias. Tomando como ano de referencia 1.900, vemos que no municipio de SILLEDA, no período 1900-1950 supón un incremento de efectivos demográficos lento pero constante, a partir da década dos cincuenta sesenta comeza un descenso da poboación importante, só nos anos noventa se recuperan os efectivos demográficos, para volver a descender a partir de 1991. SILLEDA presentaba, segundo o censo de 1960, a mesma poboación incrementada en 275 habitantes este ano que a comezos de século; é a partir dos

cincuenta cando comeza a decrecer a poboación, acadando a 2006 a cifra de 9.058 habitantes, cun lixeiro aumento ata chegar aos 9.248 habitantes no ano 2010.

En canto á evolución secular da poboación na comarca, preséntasenos unha tendencia constante ata os anos 50 e acusadamente regresiva desde ese momento ata hoxe; a poboación comarcal en 1900, 52.255 habitantes mantense practicamente igual no 1970 con 52.084 habitantes, e ata o ano 2010 cae quedándose con 44.769 habitantes.

Como se pode observar o municipio de SILLEDA segue a traxectoria comarcal, incrementando poboación ata os anos cincuenta, e partir de data segue perdendo poboación ata o ano 2006. Hai que destacar a parroquia de Silleda polo seu núcleo urbano, que este incrementa a súa poboación no período 1981-2010 en 1261 habitantes.

b) EVOLUCIÓN RECENTE DA POBOACIÓN

No municipio de SILLEDA, no período 1981-2001 a poboación experimentou un decrecemento en números absolutos de -1.188 habitantes. Se observamos as cifras de crecemento de vivendas que ronda o 23 % indícanos que o concello de SILLEDA debe de facer fronte a un progresivo decrecemento poboacional interno, acompañado dun maior crecemento no seu parque de vivendas

No período de referencia, a meirande parte das parroquias do municipio de SILLEDA (ver cadro nº 2.5.1.3.3), minoran os seus efectivos demográficos, con porcentaxes de variación que oscilan entre o 1,4 da parroquia de Negreiros e o 33,1 de Rellas. As parroquias que gañan poboación son as de Taboada, Manduas e SILLEDA, destacando esta última con o maior crecemento, un 10,5 % desde o ano 1981. As demais parroquias que bordean os núcleos urbanos e están na zona central, próximas á N-525 gañan xeralmente habitantes, polo contrario as parroquias afastadas deste, e en concreto as do norte e sur do municipio, son as que se ven máis afectadas por este descenso.

Descendendo do nivel parroquial, ao nivel da entidade de poboación, aprécianse importantes diferenzas nas traxectorias demográficas de cada unha delas: destacan polo seu crecemento, xunto co núcleo urbano de Silleda e A Bandeira, aquelas entidades próximas aos mesmos, e que nalgúns casos se fusionan co propio núcleo urbano, polo que será importante telo en conta nas previsións de crecemento da poboación e a vivenda para facer as reservas de solo necesarias.

CADRO Nº 2.5.1.2.1- CARACTERÍSTICAS DAS PARROQUIAS DO MUNICIPIO DE SILLEDA. 2010

PARROQUIAS	POBOACIÓN 2010	SUPERFICIE (KM ²)	ENTIDADES Nº	DENSIDADE (Hab/Km ²)	OCUPACIÓN (Entidade/Km ²)	DISPERSIÓN (Hab/entidade)
ABADES (Santa María)	146	3,70	5	39,46	1,35	29,20
ANSEMIL (San Pedro)	66	1,20	2	55	1,67	33,00
BREIXA (Santiago)	124	3,10	5	40	1,61	24,80
CARBOEIRO (Santa María)	63	1,20	2	52,5	1,67	31,50
CASTRO, O (San Mamede)	96	3,10	6	30,97	1,94	16,00
CERVAÑA (San Salvador)	116	3,10	4	37,42	1,29	29,00
CIRA (Santa Baia)	250	3,10	11	80,64	3,55	22,73
CORTEGADA (Santa María)	277	10,00	11	27,7	1,10	25,18
CHAPA (San Cibrao)	151	2,50	5	60,4	2,00	30,20
DORNELAS (San Martiño)	148	4,30	3	34,42	0,70	49,33
ESCUADRO (San Salvador)	499	11,20	17	44,55	1,52	29,35
FIESTRAS (San Martiño)	142	3,10	9	45,80	2,90	15,78
GRAVA (Santa María)	264	9,30	11	28,39	1,18	24,00
LAMELA (San Miguel)	280	2,50	10	112	4,00	28,00
LARO (San Salvador)	340	4,30	10	79,07	2,33	34,00

CADRO Nº 2.5.1.2.1 (Cont)- CARACTERÍSTICAS DAS PARROQUIAS DO MUNICIPIO DE SILLEDA. 2010

PARROQUIAS	POBOACIÓN 2010	SUPERFICIE (KM ²)	ENTIDADES Nº	DENSIDADE (Hab/Km ²)	OCUPACIÓN (Entidade/Km ²)	DISPERSIÓN (Hab/entidade)
MANDUAS (San Tirso)	1018	6,20	16	164,19	2,58	63,63
MARGARIDE (San Fiz)	175	3,10	4	56,45	1,29	43,75
MARTIXE (San Cristobo)	113	3,10	3	36,45	0,97	37,67
MOALDE (San Mamede)	197	9,30	12	21,18	1,29	16,42
NEGREIROS (San Martiño)	199	3,10	10	64,19	3,23	19,90
OLEIROS (San Miguel)	113	5,00	6	22,60	1,20	18,83
PARADA (San Tomé)	197	11,80	10	16,69	0,85	19,70
PAZOS (San Martiño)	45	4,30	2	10,47	0,47	22,50
PIÑEIRO (San Xiao)	190	3,70	7	51,35	1,89	27,14
PONTE (San Miguel)	173	3,70	6	46,76	1,62	28,83
REFOXOS (San Paio)	131	10,60	8	12,36	0,75	16,38
RELLAS (San Martiño)	82	2,50	5	32,80	2,00	16,40
SAIDRES (San Xoán)	115	3,70	10	31,08	2,70	11,50
SIADOR (San Miguel)	137	5,00	11	27,40	2,20	12,45
SILLEDA (Santa Baia)	3.006	7,50	11	400,80	1,47	273,27

CADRO Nº 2.5.1.2.1 (Cont)- CARACTERÍSTICAS DAS PARROQUIAS DO MUNICIPIO DE SILLEDA. 2010

PARROQUIAS	POBOACIÓN 2010	SUPERFICIE (KM ²)	ENTIDADES Nº	DENSIDADE (Hab/Km ²)	OCUPACIÓN (Entidade/Km ²)	DISPERSIÓN (Hab/entidade)
TABOADA (Santiago)	219	3,10	8	70,65	2,58	27,38
VILAR (San Martiño)	117	3,70	5	31,62	1,35	23,40
XESTOSO (Santa María)	59	3,70	5	15,95	1,35	11,80
TOTAL MUNICIPAL	9.248	158,80	250	70,89	1,57	45,03

FONTES: -Municipios e parroquias de Galicia. Universidade de Santiago de Compostela (1989).
 -Censo de Poboación. Nomenclátor 2006. Pontevedra.
 -Internet Nomenclátor 2007. Revisión do Padrón Municipal a 1 de xaneiro de 2011.
 -Elaboración propia.

CADRO Nº 2.5.1.3.1. – EVOLUCIÓN SECULAR DA POBOACIÓN DE FEITO NO MUNICIPIO DE SILLEDA E COMARCA. 1900-2010

MUNICIPIOS DE LA COMARCA	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1986	1991	1996	2001	2006	2010
AGOLADA	4.794	5.048	5.881	6.432	6.411	7.003	6.446	4.900	4.703	4.542	5.049	4.915	4.292	3.286	2.995
DOZÓN	2.750	2.750	2.628	2.636	2.596	2.506	2.929	2.827	2.492	2.516	2.800	2.538	2.164	1.974	1.781
LALÍN	16.238	16.311	16.818	17.529	18.620	19.001	19.627	19.405	17.666	19.060	20.360	20.515	20.266	20.779	21.216
RODEIRO	7.066	7.092	7.454	6.978	8.593	8.181	6.014	5.060	4.700	4.771	4.956	4.578	4.309	3.317	3.092
SILLEDA	11.483	12.373	13.205	12.532	12.201	13.490	11.758	10.493	9.980	9.937	10.021	9.527	9.175	9.058	9.248
VILA DE CRUCES	9.924	9.718	9.478	9.284	10.314	11.068	11.223	9.309	8.439	7.985	7.481	7.624	7.108	6.644	6.437
TOTAL COMARCAL	52.255	53.292	55.464	55.391	58.735	61.249	57.997	52.084	47.980	48.811	50.667	49.697	47.004	45.031	44.769

FONTES: -A poboación de Galicia. Proxeccións Estudos Monográficos. Centro de información estatística de Galicia. Xunta de Galicia 1.987.
-Internet Nomenclátor 2010. Revisión do Padrón Municipal a 1 de xaneiro de 2011.
-Elaboración propia.

CADRO Nº 2.5.1.3.2 - EVOLUCIÓN SECULAR DA POBOACIÓN DE FEITO NO MUNICIPIO DE SILLEDA E COMARCA. 1900 – 2010

AÑOS	MUNICIPIO DE SILLEDA		COMARCA	
	POBOACIÓN	Nº ÍNDICE	POBOACIÓN	Nº ÍNDICE
1900	11.483	100,00	52.255	100,00
1910	12.373	107,75	53.292	101,98
1920	13.205	115,00	55.464	106,14
1930	12.532	109,14	55.391	106,00
1940	12.201	106,25	58.735	112,40
1950	13.490	117,48	61.249	117,21
1960	11.758	102,39	57.997	110,99
1970	10.493	91,38	52.084	99,67
1981	9.980	86,91	47.980	91,82
1986	9.937	86,54	48.811	93,41
1991	10.021	87,27	50.667	96,96
1996	9.527	76,75	49.697	95,10
2001	9.175	79,90	47.004	89,95
2006	9.058	78,88	45.031	86,18
2010	9.248	80,54	44.769	85,67

FONTES: -A Poboación de Galicia. Proxeccións. Estudos Monográficos. Centro de Información Estatística de Galicia. Xunta de Galicia. 1987.
-Internet Nomenclátor 2006. Revisión do Padrón Municipal a 1 de xaneiro de 2007.
-Elaboración propia.

CADRO Nº 2.5.1.3.3 - TRAXECTORIA DEMOGRÁFICA DAS PARROQUIAS DO MUNICIPIO DE SILLEDA

PARROQUIAS	POBOACIÓN DE DEREITO				% VARIACIÓN			TENDENCIA 01/10	OBSERV.
	1981	1991	2001	2010	81/91	91/01	01/10		
ABADES (Santa María)	234	205	162	146	-12,4	-21,0	-9,9	REGRESIVA	
ANSEMIL (San Pedro)	79	80	75	66	1,3	-6,3	-12,0	REGRESIVA	
BREIXA (Santiago)	251	217	168	124	-13,5	-22,6	-26,2	REGRESIVA	
CARBOEIRO (Santa María)	129	82	65	63	-36,4	-20,7	-3,1	REGRESIVA	
CASTRO, O (San Mamede)	132	141	118	96	6,8	-16,3	-18,6	REGRESIVA	
CERVAÑA (San Salvador)	196	158	137	116	-19,4	-13,3	-15,3	REGRESIVA	
CIRA (Santa Baia)	357	326	301	250	-8,7	-7,7	-16,9	REGRESIVA	
CORTEGADA (Santa María)	433	417	358	277	-3,7	-14,1	-22,6	REGRESIVA	
CHAPA (San Cibrao)	193	177	162	151	-8,3	-8,5	-6,8	REGRESIVA	
DORNELAS (San Martiño)	204	191	177	148	-6,4	-7,3	-16,4	REGRESIVA	
ESCUADRO (San Salvador)	737	715	575	499	-3,0	-19,6	-13,2	REGRESIVA	
FIESTRAS (San Martiño)	210	165	159	242	-21,4	-3,6	-10,7	REGRESIVA	
GRAVA (Santa María)	375	371	329	264	-1,1	-11,3	-19,8	REGRESIVA	
LAMELA (San Miguel)	377	387	321	280	2,7	-17,1	-12,8	REGRESIVA	

CADRO Nº 2.5.1.3.3. (Cont) - TRAXECTORIA DEMOGRÁFICA DAS PARROQUIAS DO MUNICIPIO DE SILLEDA

PARROQUIAS	POBOACIÓN DE DEREITO				% VARIACIÓN			TENDENCIA 01/10	OBSERV.
	1981	1991	2001	2010	81/91	91/01	01/10		
LARO (San Salvador)	467	426	374	340	-8,8	-12,2	-9,1	REGRESIVA	
MANDUAS (San Tirso)	900	918	958	1018	2,0	4,4	6,3	PROGRESIVA	
MARGARIDE (San Fiz)	240	223	200	175	-7,7	-10,3	-12,5	REGRESIVA	
MARTIXE (San Cristobo)	196	163	134	113	-16,8	-17,8	-15,7	REGRESIVA	
MOALDE (San Mamede)	355	313	249	197	-11,8	-20,4	-20,9	REGRESIVA	
NEGREIROS (San Martiño)	243	220	217	199	-9,5	-1,4	-8,3	REGRESIVA	
OLEIROS (San Miguel)	159	184	143	113	15,7	-22,3	-21,0	REGRESIVA	
PARADA (San Tomé)	295	263	233	197	-10,8	-11,4	-15,5	REGRESIVA	
PAZOS (San Martiño)	78	72	58	45	-7,7	-19,4	-22,4	REGRESIVA	
PIÑEIRO (San Xiao)	326	283	241	190	-13,2	-14,8	-21,2	REGRESIVA	
PONTE (San Miguel)	215	206	179	173	-4,2	-13,1	-3,4	REGRESIVA	
REFOXOS (San Paio)	199	188	149	131	-5,5	-20,7	-12,1	REGRESIVA	
RELLAS (San Martiño)	143	154	103	82	7,7	-33,1	-20,4	REGRESIVA	
SAIDRES (San Xoán)	193	175	128	115	-9,3	-26,9	-10,2	REGRESIVA	

CADRO Nº 2.5.1.3.3. (Cont) - TRAXECTORIA DEMOGRÁFICA DAS PARROQUIAS DO MUNICIPIO DE SILLEDA

PARROQUIAS	POBOACIÓN DE DEREITO				% VARIACIÓN			TENDENCIA 01/10	OBSERV.
	1981	1991	2001	2010	81/91	91/01	01/10		
SIADOR (San Miguel)	273	258	183	137	-5,5	-29,1	-25,1	REGRESIVA	
SILLEDA (Santa Baia)	1.692	1.869	2.066	3.006	10,5	10,5	45,5	PROGRESIVA	
TABOADA (Santiago)	236	244	248	219	3,4	1,6	-11,7	PROGRESIVA	
VILAR (San Martiño)	137	140	127	117	2,2	-9,3	-7,9	REGRESIVA	
XESTOSO (Santa María)	109	90	79	59	-17,4	-12,2	-25,3	REGRESIVA	
TOTAL MUNICIPAL	10.363	10.021	9.175	9.248	3,3	-8,4	0,8	PROGRESIVA	

FONTES: -Censo de poboación 1981.
 -Padrón municipal de habitantes 1991. Nomenclátor de Pontevedra. INE.
 -Internet Nomenclátor 2001. Revisión do Padrón Municipal a 1 de xaneiro de 2001.
 -Internet Nomenclátor 2010. Revisión do Padrón Municipal a 1 de xaneiro de 2010.
 -Elaboración propia.

2.5.1.4 Previsións da evolución demográfica

Realizouse un estudo da evolución futura da poboación co fin de establecer un equilibrio entre o crecemento previsto e a reserva de solo necesaria para absorbelo; para realizar as previsións da evolución demográfica, efectuáronse tres proxeccións de poboación considerando os datos poboacionais publicados nos últimos anos; utilizáronse para os cálculos as poboacións dos anos 2001, 2006 e 2010. A distribución da poboación nos anos de referencia sería entón a seguinte:

CADRO Nº 2.5.1.4.1.- DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN

EIDO	POBOACIÓN (Habitantes)		
	Ano 2001	Ano 2006	Ano 2010
Núcleo de SILLEDA	1.767	2.157	2.759
Núcleo de A BANDEIRA	673	694	752
Medio Rural	6.735	6.207	5.737
TOTAL MUNICIPAL	9.175	9.058	9.248

Partindo dos datos anteriores, calculáronse as taxas de crecemento anual acumulativo para os períodos 2001-06, 2006-10, 2001-10, así como as correspondentes proxeccións de poboación, en función dos períodos analizados, para os anos horizonte 2038 e 2040 en consonancia cos documentos da Estratexia de Actuación e Estudo económico previstos para os próximos anos a contar desde unha hipotética aprobación definitiva do plan xeral no ano 2022. Ditos datos figuran contidos no cadro nº 2.5.1.4.2 recollido a continuación.

CADRO Nº 2.5.1.4.2.- PROXECCIÓNS DE POBOACIÓN EN FUNCIÓN DOS PERÍODOS ANALIZADOS

Eido	Período 2001-06			Período 2006-10			Período 2001-10		
	TCAA (%)	Proxección		TCAA (%)	Proxección		TCAA (%)	Proxección	
		2038	2040		2038	2040		2038	2040
Núcleo de SILLEDA	4,07	4.966	5.141	6,35	7.662	8.012	5,08	6.680	6.960
Núcleo de A BANDEIRA	0,62	831	839	2,03	1.179	1.209	1,24	1.013	1.032
Medio Rural	-1,62	2.990	2.789	-1,95	2.606	2.382	-1,77	2.900	2.697
TOTAL MUNICIPAL	-0,26	8.315	8.269	0,52	10.595	10.692	0,09	9.476	9.492

Como resumo das proxeccións realizadas obtense as hipóteses contidas no cadro nº 2.5.1.4.2. Dos datos contidos en dito cadro obtéñense as seguintes conclusións:

- Só nunha das hipóteses consideradas diminúe a poboación total municipal, debido fundamentalmente aos decrecementos poboacionais do eido rural, que representa aproximadamente un 65% no conxunto da poboación total. Se excluímos a poboación rural do total poboacional as taxas de crecemento anual acumulativo tornan positivas e acadan valores do 6%. Isto obríganos a realizar un estudo independente para a poboación rural e a urbana posto que levan traxectorías diferentes, e esixen unha análise independente.

- En relación co medio rural observamos unha clara despoboación do mesmo con taxas de crecemento negativas para as tres proxeccións realizadas; dende o ano 2001 a taxa de crecemento anual acumulativo variou entre un -1,62% e un -1,95% aproximadamente entre cada cinco anos. A poboación rural desta maneira vai diminuindo en oposición á urbana e obsérvase un abandono constante da mesma a favor dos núcleos urbanos que polo contrario gañan efectivos demográficos paulatinamente.

- En relación coas áreas urbanas existentes no municipio, as proxeccións obtidas son diferentes para cada unha delas, aínda sendo positivas para ámbolos dous casos, como trazos máis característicos cómpre resaltar os seguintes:

- O núcleo de SILLEDA, segundo cada unha das hipóteses consideradas, incrementará a súa poboación. A poboación existente no 2010 no núcleo urbano de SILLEDA é de 2.759 habitantes, se observamos as hipóteses consideradas, nos tres casos prevese un crecemento da poboación do núcleo urbano, acadando para o ano 2038 cifras próximas aos 5.000 habitantes ou incluso podendo superalas de seguir co ritmo de crecemento actual. Seremos cautos cos datos obtidos para o estudo posterior comparativo coa capacidade residencial obtida no presente Plan Xeral.

A evolución da poboación urbana do núcleo de Silleda nos últimos anos é claramente positiva, entre os anos 2001 e 2010 o incremento porcentual absoluto foi dun 56%, concentrándose así un importante número de efectivos demográficos no núcleo urbano principal e creándose polo tanto un asentamento urbano en continuo crecemento. Desta maneira podemos tomar como unha pauta de crecemento o dato máis favorable obtido nas proxeccións demográficas e considerar que nos dezaseis anos proxectados, 2038 e 2040 o núcleo urbano de Silleda deberá de reservar solo para albergar entre arredor de 5.000 habitantes, segundo a previsión máis optimista e cremos que realista segundo os datos obtidos anteriormente.

- O núcleo de A Bandeira segundo cada unha das hipóteses analizadas incrementará tamén os seus efectivos demográficos nos anos horizonte estimados nas proxeccións realizadas. Para tódolos casos analizados presenta unha recuperación paulatina da súa poboación ata acadar no mellor dos casos os 1.000 habitantes. Se observamos a poboación do núcleo de A Bandeira nos últimos anos observamos o seguinte:

A evolución da poboación urbana do núcleo de A Bandeira é claramente positiva, entre os anos 2001 e 2010 o incremento porcentual absoluto foi dun 12%, recuperándose claramente o núcleo. Desta maneira podemos tomar como unha pauta de crecemento o dato máis favorable obtido nas proxeccións demográficas e considerar que nos vinte anos proxectados, 2038 e 2040 o núcleo urbano de A Bandeira deberá de reservar solo para albergar arredor de 1.000 habitantes, segundo a previsión máis optimista e cremos que realista segundo os datos anteriores.

Como resumo do exposto anteriormente, considérase que a poboación do municipio de Silleda medrará nos próximos anos nos núcleos urbanos, tanto en Silleda como en A Bandeira, e que a poboación rural se estancará ou descenderá levemente ao igual que a traxectoria anteriormente especificada, polo que será

importante prever as reservas de solo precisas para dar cabida á poboación prevista segundo o crecemento dos últimos anos.

2.5.2 Actividades económicas

2.5.2.1 A poboación activa

Para a análise da actividade económica municipal pártese de estudar os recursos humanos cos que conta o municipio, necesarios para avaliar a súa potencialidade económica.

De acordo cos datos do Censo de Poboación, no ano 2001 o municipio de SILLEDA contaba cunha poboación activa de 4.086 habitantes, o que representa unha taxa de actividade do 51,2 %. Esta porcentaxe é similar á media comarcal que no mesmo período era do 50,2 % (Cadro nº 2.5.2.1.1.).

Penadagra	30	21	-30,00	Regresiva	8	8	0	Nula	
Redondo, O					--	--	--	Nula	Non figura no Nomenclátor de 2001 e 2009
Sestelo	12	10	-16,67	Regresiva	10	10	0	Nula	
Siador	56	43	-23,21	Regresiva	16	15	-6,25	Negativa	
30.- Silleda (Santa Baia)	2.066	2.908	40,76	Progresiva	744	1.274	71,24	Positiva	
Casas do Monte	14	10	-28,57	Regresiva	4	3	-25	Negativa	
Costoia	10	9	-10,00	Regresiva	4	3	-25	Negativa	
Fonteboia	21	13	-38,10	Regresiva	8	8	0	Nula	
Foxo, O	50	56	12,00	Progresiva	37	31	-16,22	Negativa	
Mera, A	52	43	-17,31	Regresiva	11	17	54,55	Positiva	
Mourellos	50	45	-10,00	Regresiva	18	21	16,67	Positiva	

CADRO Nº 2.6.2.3.1.(Cont) – RELACIÓN DAS ENTIDADES DE POBOACIÓN E EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN E DO PARQUE DE VIVENDAS.
(MUNICIPIO DE SILLEDA)

PARROQUIA/ENTIDADE	POBOACIÓN (HAB)		VARIACIÓN (%)	TENDENC. 01/09	VIVENDAS (Nº)		VARIACIÓN (%)	TENDENC. 91/01	OBSERVACIÓNS
	2001	2009			1991	2001			
Silleda	1.767	2.653	50,14	Progresiva	620	1.147	85	Positiva	
Toiriz	53	41	-22,64	Regresiva	20	24	20	Positiva	
Toxa	35	21	-40,00	Regresiva	16	13	-18,75	Negativa	
Trasfontao	14	17	21,43	Progresiva	6	6	0	Nula	
31.- Taboada (Santiago)	248	219	-11,69	Regresiva	83	94	13,25	Positiva	
Carballeda	28	24	-14,29	Regresiva	4	7	75	Positiva	
Carral	28	32	14,29	Progresiva	12	11	-8,33	Negativa	
Eirexe	39	36	-7,69	Regresiva	13	13	0	Nula	
Estación, A					--	--	--	Nula	Non figura no Nomenclátor de 2001 e 2009
Ponte Taboada, A	4	7	75,00	Progresiva	2	3	50	Positiva	
Reboredo	39				12	14	16,67	Positiva	
Regueira, A	9				2	2	0	Nula	

CADRO Nº 2.6.2.3.1.(Cont) – RELACIÓN DAS ENTIDADES DE POBOACIÓN E EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN E DO PARQUE DE VIVENDAS.
(MUNICIPIO DE SILLEDA)

PARROQUIA/ENTIDADE	POBOACIÓN (HAB)		VARIACIÓN (%)	TENDENC. 01/09	VIVENDAS (Nº)		VARIACIÓN (%)	TENDENC. 91/01	OBSERVACIÓNS
	2001	2009			1991	2001			
Taboada Vella	73				32	30	-6,25	Negativa	
Trasdovalo	28				6	14	133,33	Positiva	
32.- Vilar (San Martiño)	127				53	61	15,09	Positiva	Non figura no Nomenclátor de 2001 e 2009
Barral, O	13				6	8	33,33	Positiva	
Cabodevila	44				14	15	7,14	Positiva	
Campo, O	23				9	11	22,22	Positiva	
Mazarelos	27				15	13	-13,33	Negativa	
Redondo, O	20				9	14	55,56	Positiva	
33.- Xestoso (Santa María)	79				29	26	-10,34	Negativa	Non figura no Nomenclátor de 2001 e 2009
Fontefría	19				6	5	-16,67	Negativa	
Fontelas	8				3	3	0	Nula	

CADRO Nº 2.6.2.3.1.(Cont) – RELACIÓN DAS ENTIDADES DE POBOACIÓN E EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN E DO PARQUE DE VIVENDAS.
(MUNICIPIO DE SILLEDA)

PARROQUIA/ENTIDADE	POBOACIÓN (HAB)		VARIACIÓN (%)	TENDENC. 01/09	VIVENDAS (Nº)		VARIACIÓN (%)	TENDENC. 91/01	OBSERVACIÓNS
	2001	2009			1991	2001			
Reigosa	0				1	1	0	Nula	
Río	9				4	4	0	Nula	
Xestoso	43				15	13	-13,33	Negativa	
TOTAL MUNICIPAL	9.175	9.248	0,80	Progresiva	3.334	4.060	23,19	Positiva	

FONTES: - Censo de poboación de España de 2.001.Nomenclátor. Provincia de Pontevedra. INE/IGE
- Padrón Municipal de Habitantes 2001.Nomenclátor de Pontevedra. INE
- Elaboración propia.

CADRO Nº 2.6.2.4.1. - DISTRIBUCIÓN DE VIVENDAS SEGUNDO O TIPO NO MUNICIPIO DE SILLEDA. 2001

TIPO DE VIVENDA	NÚMERO DE VIVENDAS	PORCENTAXE %
PRINCIPAIS	2.825	68,79
SECUNDARIAS	373	9,08
BALEIRAS	909	22,13
OUTRAS	0	0,00
TOTAL MUNICIPAL	4.107	100,00

FONTES: -Censos de Poboación e Vivendas 2001.Vivendas. Galicia. Xunta de Galicia.
-Elaboración propia.

2.6.4 Previsións de crecemento da vivenda

Nos apartados seguintes realízase a previsión de novas vivendas ao ano horizonte do PXOM (16 anos contados a partir da aprobación definitiva do mesmo, aproximadamente), que de acordo co establecido nas Determinacións 3.1.4 e 3.1.5.h das DOT deberán fundamentarse nas previsións do ritmo da evolución das condicións sociodemográficas e socioeconómicas.

- CONDICIÓN SODIODEMOGRÁFICAS

Dentro das condicións sociodemográficas que se tiveron en conta para fundamentar o crecemento da vivenda tivéronse en conta as seguintes:

a) AS DINÁMICAS DEMOGRÁFICAS

No apartado 2.5.1.4 da presente memoria, efectuáronse as previsións da evolución demográfica e as proxeccións de poboación ao ano horizonte do PXOM. A fórmula utilizada para o cálculo é a seguinte:

$T.C.A.A. (taxa de crecemento anual acumulativo) = [(Pf/Pi)^{1/n} - 1] \times 100$ sendo Pf a poboación final dispoñible para os anos de estudo, Pi a poboación inicial dispoñible, para os anos de estudos, n° o número de anos de diferenza entre ámbalas poboacións.

Unha vez realizado o cálculo da T.C.A.A. aplícase a fórmula seguinte:

$$POBOACIÓN PROXECTADA = Pf \times (1 + n^\circ \times T.C.A.A.)$$

De dito estudo obtense que no ano 2040 a poboación do núcleo de SILLEDA se situará nos 6.960 habitantes (hipótese media), o que representa un crecemento de 4.201 habitantes, o núcleo de Bandeira situarase nos 1032 habitantes, (hipótese media), o que representa un crecemento de 280 habitantes e a poboación no medio rural diminuirá ata os 3.000 habitantes.

Se se mantén o ratio estatístico no núcleo urbano de Silleda, do ano 2001, onde a poboación era de 2.759 habitantes e había 1.148 vivendas 2,4 habitantes/vivenda no núcleo urbano, analogamente o de Bandeira con 752 habitantes e 440 vivendas cun ratio de 1,71 habitantes/vivenda precisaríamos, facendo o cálculo ao ano horizonte, 604 vivendas para o ano previsto no núcleo urbano de Bandeira e 2.896 vivendas para o núcleo de Silleda. Isto só tendo en conta o crecemento poboacional recente, illando calquera outra variable.

Nos cálculos que se realizan nesta memoria en apartados posteriores crearanse en solo urbano non consolidado as seguintes novas vivendas:

Silleda creará en solo urbano non consolidado e en solo urbanizable 557 vivendas novas, segundo os cálculos realizados anteriormente Silleda podería acoller 2.896 vivendas no ano horizonte, se no ano 2001 contaba con 1.148 vivendas, a diferenza son 1.748 vivendas, e créanse 557 novas vivendas, polo tanto a capacidade calculada adáptase, á baixa, aos criterios de crecemento demográfico previsto, crecemento conservador dado o momento no que nos atopamos.

Bandeira non creará vivendas novas en solo urbano non consolidado e si en solo urbanizable polo tanto, segundo os cálculos realizados anteriormente Bandeira podería acoller 503 vivendas no ano horizonte, se no ano 2001 contaba con 440 vivendas, a diferenza son 63 vivendas, e créanse 124 novas vivendas, polo tanto a capacidade calculada adáptase, á alza, ás expectativas de crecemento analizando unicamente a dinámica demográfica.

b) AS VARIACIÓNS ESTACIONAIS DA POBOACIÓN

No concello de SILLEDA as variacións estacionais de poboación non teñen unha incidencia excesivamente relevante, non nos atopamos nun municipio costeiro que presente grandes variacións de poboación en épocas estivais.

A variación estacional da poboación pódese estudar a partir da variación da vivenda secundaria. Segundo estatística o dato de vivenda secundaria reflicta unha vivenda familiar utilizada soamente parte do ano, de forma estacional periódica ou esporádica, e non constitúe residencia habitual. En SILLEDA a variación de vivendas secundarias entre o ano 1991-2001 (datos estatísticos publicados) medrou nun 50,40%, falamos de 6 vivendas por ano, polo tanto o presente PXOM debe de prever unha porcentaxe de vivendas para esta finalidade, pero tendo en conta a baixa incidencia sobre o total, extrapolando ao ano horizonte 2038, o PXOM debe de prever reservas de solo, mantendo o ritmo de crecemento reflectido, para contar con 595 vivendas secundarias para o ano 2038.

	VIVENDAS ANO 1991	VIVENDAS ANO 2001-2022	% CRECEMENTO 20 ANOS
TOTAIS	3.414	4.107	20,30
PRINCIPAIS	2.736	2.825	3,25
SECUNDARIAS	248	373	50,40
BALEIRAS	429	909	111,40
OUTRAS	09	0	---

c) A EVOLUCIÓN DA ESTRUTURA FAMILIAR

A evolución da estrutura familiar, xa se tivo en conta nas previsións de crecemento da vivenda principal derivadas do incremento de poboación prevista. No obstante tamén se analizou a traxectoria seguida en SILLEDA, pola poboación en idade de independizarse, para avaliar se esta poboación permanece na residencia materna ou se traslidan a outra vivenda en réxime de propiedade ou aluguer. A realidade é que o índice de ocupación da vivenda no conxunto municipal (datos 2001 estatísticos) é de 2,23 hab/viv. ($9.175/4.107=2,23$ hab/viv), e no núcleo capital de Silleda é de 2,4 hab/viv, en Bandeira é de 1,79 cifras indicativas da necesidade dun maior número de vivendas, de menor tamaño, polo seu baixo nivel de ocupación dirixido á demanda da poboación en idade de independizarse.

- CONDICIÓN SODIODEMOGRÁFICAS

Dentro das condicións socioeconómicas para fundamentar o crecemento da vivenda, tivéronse en conta os seguintes:

a) A EVOLUCIÓN RECENTE DO PARQUE DE VIVENDAS E AS TENDENCIAS NA DEMANDA

No presente apartado realizaremos as previsións do crecemento da vivenda para os catro próximos cuatrienios (análise paralelo ao realizado para as proxeccións de poboación e ao estimado para a orde de prioridades e o estudo económico); é dicir para os anos 2038 e 2040. Se observamos en apartados anteriores a poboación de Silleda estase incrementando, fundamentalmente nos dous núcleos urbanos, neste apartado

complementaremos o estudo cos datos de vivenda para coñecer a evolución de ámbalas dúas variables e planificar as reservas de solo necesarias para absorber dito crecemento.

Se temos en conta que os datos estatísticos de vivenda se publican cada 10 anos, e que o último dato publicado de xeito desagregado é do ano 2001. Factor importante a ter en conta porque o dato estatístico actual pode estar moi desactualizado.

O concello de Silleda facilitounos un dato de vivenda máis actualizado do que se dispón no INE, o dato do 2001 para o total de vivendas de Silleda era de 4.107 vivendas totais no concello, porén o concello informanos de que entre o ano 2001 e o ano 2008 concedéronse no concello de Silleda 1.928 licenzas de novas vivendas, o que eleva o dato de 4.107 vivendas estatístico a 6.035 vivendas totais, polo tanto o noso dato de partida debe de ser este, máis real e máis actualizado.

Segundo o novo dato de vivenda, 6.035 vivendas, e obtendo a variación entre os anos 2001 e 2008 = 1.928 vivendas, o novo dato suporía unha media de 275 licenzas concedidas cada ano, que levadas ao ano horizonte, 2038, elevaría o parque habitacional de Silleda a:

$275 \text{ viv/ano} \times ((2038-2009)= 29 \text{ anos}) = 7.975 \text{ vivendas ao ano horizonte}$, que agregadas as vivendas do ano 2008 serían un total de 14.010 vivendas.

No cadro calculado na presente memoria, nos apartados seguintes, no se que se calcula a capacidade residencial do presente PXOM, obtemos que Silleda acollerá segundo a ordenación establecida 11.303 vivendas, cifra moi próxima a obtida no cálculo anterior, inda que con lixeiras desviacións. Das 11.303 vivendas obtidas co desenvolvemento total do presente PXOM, 1.331 son novas vivendas en núcleos rurais, quedando deste xeito 9.972 entre as vivendas existentes no concello, e as novas previstas nos dous núcleos urbanos e no solo urbanizable, dato conservador respecto ao obtido ao ano horizonte para o Plan Xeral (14.010 vivendas).

Debemos ter en conta que as delimitacións dos núcleos rurais obrigan a maioría das veces a incluír dentro dos núcleos parcelas por criterios de ordenación, que incrementan a capacidade residencial, pero que a maioría das veces son parcelas dos mesmos propietarios que non van a materializarse en vivendas na maior parte dos casos, polo que resulta moi complicado facer un axuste real. No escenario habitacional galego debermos ter en conta que cando se realizan as reservas de solo factores como a estrutura da propiedade en Galicia, ou o excesivo recelo á venda das propiedades herdadas ou familiares. A estrutura minifundista da maior parte dos núcleos dificultan en moitos casos a xestión de determinados sectores de solo, ou a venda das parcelas, reparcelación das mesmas,...., pero que deben de delimitarse ao elaborar un instrumento de planeamento para o correcto desenvolvemento do núcleo, así como para a definición da súa estrutura xeral.

b) AS CONSECUENCIAS DERIVADAS DA IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADES PRODUTIVAS OU DE NOVAS INFRAESTRUTURAS OU EQUIPAMENTOS CON CAPACIDADE DE DINAMIZACIÓN SOCIOECONÓMICA.

En Silleda temos que ter en o conta cando menos tres elementos dinamizadores da actividade:

Por unha banda Silleda conta co Parque Empresarial Área 33, polígono que se desenvolveu en dúas fases, unha do ano 96 e outra máis recente do ano 2007 e do que o PXOM prevé unha ampliación ante a demanda de empresarios para situarse no mesmo.

Por outra banda Silleda conta coa Fundación Semana Verde de Galicia (FSVG) Institución sen fin de lucro creada en 1991 e declarada de interese galego. Os fins da fundación son, contribuír ao desenvolvemento do sector agrario galego, a través de actividades feirais e de mercados agropecuarios, promovela cooperación

público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no campo agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar o avance continuo de ditos sectores, reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacionais, así como o impulso e promoción do Recinto Ferial de Galicia en Silleda como un enclave estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia, e en particular, como infraestrutura de promoción e exposición comercial.

Ademais destes dous factores temos que ter en conta que a autovía AG-53 que a día de hoxe une Santiago con Ourense actúa como eixo de comunicación moi importante para o municipio de Silleda dotando o concello dunha infraestrutura destacable para o desenvolvemento.

c) A POSICIÓN NO TERRITORIO, E A FUNCIÓN QUE DESENVOLVE O TERMO MUNICIPAL DENTRO DO SISTEMA TERRITORIAL NO QUE SE INTEGRA.

O municipio de SILLEDA pertence á comarca do "DEZA", que está integrada polos municipios de A Vila de Cruces, A Golada, Lalín, Rodeiro, Dozón e Silleda. A cabeceira comarcal está situada na capital do municipio de SILLEDA que se configura como o principal centro urbano do conxunto comarcal. Esta posición no territorio permítelle a SILLEDA a súa integración nas principais infraestruturas de comunicacións, como vimos de dicir no apartado precedente conta con conexións á autovía AG-53, facilitándolle deste xeito as conexións con Ourense e Santiago directamente, e coas grandes infraestruturas viarias a partir desta. Ademais disto está previsto o paso do AVE, tren de alta velocidade, polo municipio dotándoo deste xeito dun novo factor de comunicación importante e vital para o seu desenvolvemento.

2.6.5 Edificacións, elementos e conxuntos de interese

O municipio de SILLEDA conta cunha importante mostra de edificios e elementos de indubidable valor histórico, artístico, típico ou tradicional, onde destacan dentro da arquitectura civil, pazos, casas, pontes, fontes,...; dentro da arquitectura relixiosa, igrexas parroquiais, capelas... Tamén destacar o importante patrimonio etnográfico existente, cruceiros, algúns muíños...

A localización destes elementos, grafados no plano N° IV.11 atópase no documento N° IX do presente PXOM.

2.7 O SOLO URBANO

2.7.1 Características das áreas urbanas

No presente apartado realízase o estudo sobre o estado e as características das edificacións e construcións existentes nos eidos do solo urbano, en relación coas súas alturas, tipoloxías, materiais e criterios compositivos, de acordo coa determinación 8.6 das DOT.

No municipio de SILLEDA, a capital municipal (SILLEDA) e o núcleo de A BANDEIRA, localizados na zona central do concello, presentan características propias das áreas urbanas. Nos demais núcleos, distribuídos por toda a superficie do municipio, predomina a edificación tradicional, que se mesturan nalgúns núcleos con vivendas unifamiliares recentes.

2.7.1.1 Núcleo de Silleda

a) CARACTERÍSTICAS DO SEU DESENVOLVEMENTO

Este núcleo, que conta cunha poboación de 2.157 habitantes do total de 9.058 habitantes que conta o municipio, é a capitalidade do municipal.

O crecemento do núcleo de SILLEDA atópase limitado ao norte polo Recinto Feiral Semana Verde, ao leste e sur polo vial que recolle todo o crecemento do núcleo, e ao oeste por pendentes superiores ao 15 %.

O viario no centro do núcleo onde o crecemento é entre medianeiras é regular.

No centro urbano as actuacións van consolidando os baleiros que quedan nos quinteiros, algunhas de gran superficie e existen grandes zonas libres de edificación no seu interior.

As tipoloxías van cambiando a medida que nos afastamos do centro, nas zonas máis afastadas, que se atopan en contacto cos solos rústicos ou urbanizables, a tipoloxía xeralmente é de vivendas unifamiliares.

b) USOS CARACTERÍSTICOS

No núcleo de SILLEDA predomina a edificación residencial conformada por tipoloxías densas e que van descendendo a medida que nos afastamos deste.

Tamén hai que destacar que ao norte do núcleo se sitúa unha ampla zona destinada a usos mixtos, o Recinto Feiral Semana Verde.

c) TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

O núcleo de Silleda está constituído por edificación residencial apegada ou entre medianeiras apoiada sobre un viario bastante regular e cunha sección que varía entre 8 e 22 metros, con edificacións de entre dúas e cinco alturas e con fondos variables. Na maioría dos accesos á trama urbana, e principalmente entorno á N-525, existen zonas de vivendas colectivas con paredes medianeiras vistas, que a medida que nos afastamos do núcleo pasan a unha tipoloxía de vivenda unifamiliar sobre todo exenta.

Os materiais de fachada principais correspóndense coa cantería en vivendas unifamiliares rematadas con cubertas de tella a dúas augas, mentres que nos edificios colectivos predomina o aplacado de pedra en fachada.

d) REDE VIARIA E TRÁFICO

Na actualidade as vías máis importantes do núcleo urbano de SILLEDA son a Autopista Central Galega AP-53 e a estrada N-525. A Autopista Central Galega AP-53, no seu tramo Santiago de Compostela-Dozón, cruza o municipio de Silleda en dirección noroeste-sueste e presenta enlaces en A Bandeira e en Silleda, namentres que a estrada N-525, que comunica Santiago de Compostela con Ourense, atravesa o núcleo e configúrase como unha das principais arterias urbanas, canalizando a maior parte do tráfico que accede ou sae do núcleo desde as distintas direccións posibles.

Dita estrada conecta o núcleo urbano de Silleda co de A Bandeira. Ademais, absorbe a entrada de tráfico procedente tanto do municipio de A Estrada a través da estrada N-640, como do municipio de Lalín.

Por outra parte a estrada autonómica PO-201 conecta o núcleo en dirección sur, e a PO-205 en dirección norte, absorbendo á súa vez os tráfico que proveñen destas direccións que se dirixen cara á capital municipal.

Outro vial que ten importancia nas comunicacións do núcleo de Silleda é a antiga estrada PO-211, xa que constitúe o acceso á estación do ferrocarril. Tamén hai que destacar a estrada EP-6507 que é a que permite o acceso ao recinto feiral de Silleda.

O resto do viario está formado por vías cuxo ancho oscila entre 8 e 22 metros.

e) SERVIZOS URBANÍSTICOS

O núcleo de SILLEDA conta con tódolos servizos urbanísticos: abastecemento de auga, rede de sumidoiros e rede de enerxía eléctrica.

En canto ao abastecemento, a captación no río Deza situado no límite sueste do municipio, é a principal vía de abastecemento co que conta o núcleo, aínda que ten outras dúas captacións como apoio á anterior: unha na parroquia de San Miguel de Siador a partir de mananciais e outra a partir do antigo manancial de Silleda que aporta un caudal de forma irregular.

As infraestruturas de saneamento, coas que conta todo o núcleo urbano, consisten nun sumidoiro que conduce as augas negras ata os colectores que discorren polo núcleo de SILLEDA e que van a entroncar na depuradora, situada cara o leste do núcleo.

f) EQUIPAMENTOS, ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

O núcleo de SILLEDA concentra a maior parte do equipamento e zonas verdes do municipio, debido a que unha grande parte da poboación se atopa no núcleo capital. Estes espazos son tratados con materiais tradicionais como os pavimentos de pedra combinados con áreas axardinadas, respectando en moitos casos as construcións tradicionais colindantes con eles.

Estes espazos complétanse co emprego de mobiliario urbano e alumeado público acorde ao espazo no que se inserta.

No núcleo os equipamentos que destacan son o docente, deportivo, relixioso, e tamén, aínda que en menor medida, o socio-cultural e sanitario asistencial. As zonas verdes atópanse repartidas polo núcleo destacando a zona verde próxima á igrexa e ao colexio.

2.7.1.2 Núcleo de A Bandeira

a) CARACTERÍSTICAS DO SEU DESENVOLVEMENTO

Situado na zona noroeste do municipio, conta cunha poboación de 694 habitantes, sendo o segundo núcleo en tamaño do municipio, despois de SILLEDA.

O crecemento do núcleo apóiase na estrada nacional N-525 e na estrada autonómica PO-204 que se unen perpendicularmente. Paralelas a estas xorden outras vías nas que se apoia o crecemento do núcleo.

O viario no centro do núcleo, onde o crecemento é entre medianeiras é bastante regular.

No centro urbano as actuacións van consolidando os baleiros que quedan nos quinteiros, algunhas delas de gran superficie.

As tipoloxías van cambiando a medida que nos afastamos do centro, nas zonas máis afastadas, que se atopan en contacto cos solos rústicos ou urbanizables, a tipoloxía xeralmente é de vivendas unifamiliares.

b) USOS CARACTERÍSTICOS

No núcleo de A BANDEIRA predomina a edificación residencial. Na maioría dos accesos ao núcleo, e principalmente entorno á N-525, existen zonas de vivendas con paredes medianeiras vistas sen ningún tratamento que procuren a súa integración no entorno.

Hai que destacar a presenza do matadoiro na saída leste do núcleo como un equipamento de uso terciario.

c) TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

O núcleo de A Bandeira está constituído por edificación residencial apegada ou entre medianeiras apoiada sobre un viario regular e cunha sección que varía entre 8 e 24 metros, con edificacións de dúas e cinco alturas e con fondos variables.

Nos bordos do núcleo predomina a tipoloxía de vivenda unifamiliar sobre todo exentas.

O material construtivo máis frecuente das vivendas tradicionais e construcións adxacentes é a pedra e as cubertas son inclinadas de tella.

d) REDE VIARIA E TRÁFICO

Na actualidade as vías máis importantes do núcleo urbano de A Bandeira son a Autopista Central Galega AP-53 e a estrada N-525. A Autopista Central Galega AP-53, no seu tramo Santiago de Compostela-Dozón, cruza o municipio de Silleda en dirección noroeste-sueste e presenta un enlace en A Bandeira.

A estrada N-525, que comunica Santiago de Compostela con Ourense, atravesa o núcleo e configúrase como unha das principais arterias urbanas, canalizando a maior parte do tráfico que accede ou sae do núcleo desde as distintas direccións posibles, ben a que se producen con núcleos do propio municipio, en particular con Silleda, ou as que se producen con municipios veciños, xa que absorbe a entrada de tráfico procedente tanto do municipio de Lalín como do municipio de A Estrada a través da estrada N-640.

Por outra parte a estrada autonómica PO-204 conecta o núcleo en dirección norte co municipio de Vila de Cruces. Outra estrada de relevancia nas comunicacións do núcleo urbano de A Bandeira é a antiga PO-210, xa que constitúe o acceso desde A Bandeira á estación do ferrocarril.

O viario sobre o que se apoian as edificacións é regular e a sección varía de 8 a 24 metros de ancho.

e) SERVIZOS URBANÍSTICOS

O núcleo de A Bandeira conta con os servizos de abastecemento, saneamento e rede eléctrica.

A Bandeira abasteceuse a través dunha rede que capta as súas augas en dous puntos diferentes. Por unha banda existe unha captación no río Toxa no lugar de Ponte da Pedra, e por outra existe unha captación a partir de mananciais na parroquia de San Mamede de Moalde.

O saneamento, consiste nunha rede de sumidoiros que conduce os vertidos ata a depuradora de Bandeira que verte as súas augas ao río Cervaniña.

f) EQUIPAMENTOS, ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

Os equipamentos neste núcleo son sobre todo de tipo docente, deportivo e relixioso, e as zonas verdes coas que conta redúcense a unha praza situada no centro do núcleo e un parque situado arredor do colexio.

2.7.2 Estudo descritivo e identificativo da rede urbana existente

Ademais dos criterios relativos a consolidación pola edificación e a servizos urbanísticos establecidos legalmente, o Art. 11º LOUG, relativo ao solo urbano, establece novos requisitos e condicións para clasificar un solo como urbano, como o relativo á "malla urbana". Neste sentido o Art. 11º.1 LOUG especifica: "Que se clasificarán como urbanos os terreos que estean integrados na malla urbana existente ..." e o Art. 11º.2 LOUG especifica "Consideraranse incluídos na malla urbana os terreos dos núcleos de poboación que dispoñan dunha urbanización básica constituída por unhas vías perimetrais e unhas redes de servizos das que poidan servirse os terreos e que estes, pola súa situación, non estean desligados do entramado urbanístico existente".

Polo tanto para clasificar os eidos de solo urbano, será preciso comprobar que aqueles terreos que compreen cos requisitos de consolidación pola edificación e/ou de servizos urbanísticos, atópanse tamén integrados na "malla urbana", xa que esta serve para entrelazar os entramados urbanísticos existentes.

Neste sentido o concepto de malla urbana adquire un claro protagonismo en SILLEDA e A BANDEIRA.

Nos planos Nº V.4 e Nº V.5 gráfanse a rede urbana existente, diferenciándose os eidos constituídos polos entramados urbanísticos e a malla que entrelaza ditos entramados.

Para definir a rede urbana existente tivéronse en conta os seguintes criterios:

a) MALLA URBANA

A rede urbana establecida nos eidos de solo urbano, está integrada na malla urbana. A estes efectos e de conformidade co disposto no Art. 11º.2 LOUG, enténdense incluídos na malla urbana os terreos dos núcleos de poboación, que dispoñen dunha urbanización básica constituída por unhas vías perimetrais e unhas redes de servizos das que poden servirse os terreos e que estes, pola súa situación, non estean desligados do entramado urbanístico xa existente.

Esta malla está constituída nalgúns casos por trazados antigos e novas rúas que caracterizan as diversas etapas de desenvolvemento dos núcleos de poboación.

b) CONSOLIDACIÓN POLA EDIFICACIÓN E SERVIZOS URBANÍSTICOS

O apartado 1 do Art.11º LOUG, especifica que poderán clasificarse como urbanos, os terreos que estean integrados na malla urbana existente sempre que reúnan algún dos seguintes requisitos:

b-1) SERVIZOS.

Que contén con acceso rodado e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministro de enerxía eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas con características adecuadas para servir á edificación existente e á permitida polo presente PXOM.

A efectos do exposto anteriormente e de conformidade coas determinacións contidas no Art. 11º 1.a) da LOUG, salvo que estean integradas na malla urbana, non foron consideradas como soporte para clasificar solo urbano, as seguintes infraestruturas:

- Os servizos construídos para a conexión dun sector de solo urbanizable.
- As vías perimetrais dos núcleos urbanos.
- As vías de comunicación entre núcleos.
- As estradas.
- As vías de concentración parcelaria.

Os servizos urbanísticos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministro de enerxía eléctrica que integrarán as redes urbanas, de conformidade co disposto no Art. 11º.1.a), deben cumprir os seguintes requisitos:

- Serán proporcionados mediante as correspondentes redes públicas.
- Terán características adecuadas para servir á edificación existente e á permitida polo presente PXOM.

Como se expuxo nos apartados anteriores 2.7.1.1 Núcleo de SILLEDA e 2.7.1.2 Núcleo de A BANDEIRA, ambos dispoñen de rede de abastecemento, saneamento e enerxía eléctrica, as cales discorren principalmente ao longo do viario existente.

b-2) CONSOLIDACIÓN POLA EDIFICACIÓN.

No caso de que os terreos carezan de algúns dos servizos a que se refire o apartado b-1) anterior, deberán estar comprendidos en áreas ocupadas pola edificación, ao menos nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela, segundo a ordenación establecida no presente PXOM.

2.8 AFECCIONES

2.8.1 Planeamento urbanístico

2.8.1.1 Planeamento urbanístico vixente

O municipio de SILLEDA dispón, como instrumento de ordenación urbanística do seu territorio, de PXOM de Ordenación Municipal aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo no ano 1.981.

Este documento debe revisarse, en primeiro lugar, para incorporar e integrar na ordenación as modificacións puntuais realizadas durante a súa vixencia e ademais, de conformidade co establecido na Disposición Transitoria Terceira da LOUG, transcorrido o prazo de seis meses desde a entrada en vigor da LOUG, o planeamento obrigatoriamente deberá adaptarse integramente ás disposicións contidas na citada Lei.

2.8.1.2 Antecedentes da tramitación do PXOM

Durante a redacción do presente PXOM foi aprobada a lei 9/2.002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), o que supuxo a adaptación do documento ás determinacións contidas na nova lei.

Como consecuencia das determinacións contidas na nova Lei, o PXOM de SILLEDA sufriu a tramitación que se expón a continuación, diferenciando entre o período anterior á aprobación da LOUG e o período posterior á aprobación da mesma.

a) TRAMITACIÓN ANTERIOR Á APROBACIÓN DA LOUG

Os traballos de Revisión do PXOM de Ordenación Municipal e a súa adaptación á entón vixente Lei 1/1.997, de solo de Galicia, iniciáronse en xaneiro do ano 1.997.

b) TRAMITACIÓN POSTERIOR Á APROBACIÓN DA LOUG

b-1) DOCUMENTO DO PXOM ADAPTADO Á LOUG PARA INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL.

Partindo dos obxectivos propostos no Avance de Planeamento, procedeuse á elaboración do documento do PXOM para a súa Aprobación Inicial.

2.8.1.3 Planeamento vixente e en redacción dos Concellos limítrofes

O municipio de SILLEDA, limita cos municipios que se indican a continuación cuxos planeamentos vixentes ou en redacción son os seguintes:

- Vila de Cruces:

Planeamento vixente: Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento, do 12 de Febreiro de 1.993

Planeamento en redacción: PXOM

- Lalín:

Planeamento vixente: Plan Xeral de Ordenación Municipal, de 5 de Febreiro de 1.999

- Forcarei:

Planeamento vixente: Plan Xeral de Ordenación Municipal de 21 de Xuño de 2.002

- A Estrada:

Planeamento vixente: Plan Xeral de Ordenación Municipal de 3 de xuño de 2013.

- Boqueixón:

Planeamento vixente: Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento de 15 de Maio de 1.996

Planeamento en redacción: PXOM

2.8.1.4 Influencia do planeamento urbanístico dos concellos limítrofes

a) CONSIDERACIÓN PREVIAS

No presente apartado trátase de analizar a influencia directa dos municipios limítrofes co de SILLEDA, de acordo coas determinacións dos seus planeamentos urbanísticos.

No plano comercial, cultural, sanitario, lecer e recreo, así como nos restantes equipamentos e servizos, as relacións intermunicipais teñen como centro direccional SILLEDA, destacando, entre os municipios do Deza, a oferta laboral en comercio e servizos.

b) ANÁLISE POR MUNICIPIOS

b-1) MUNICIPIO DE VILA DE CRUCES.

O municipio de Vila de Cruces limita con SILLEDA polo nordeste. Ámbolos dous se estruturan a través a estrada autonómica PO-204, sendo de carácter secundario a rede de camiños municipais.

A única figura de planeamento que posúe é a núcleos rurais que se atopan sen delimitar, que non afectarían ao límite con SILLEDA. Isto fai que non entremos en ningún conflito de clasificacións de solo.

b-2) MUNICIPIO DE LALÍN.

O municipio de LALÍN limita con SILLEDA polo leste do municipio. Comunícase a través da estrada nacional N-525 que discorre de leste a oeste, a autovía AP-53 e as pistas ou camiños municipais que os cruzan. O Camiño de Santiago atravesa ámbolos dous municipios.

Neste caso a única figura de planeamento que posúe é a delimitación do solo de núcleos rurais que se atopa afastada do límite con SILLEDA. Isto fai que non entremos en ningún conflito de clasificacións de solo.

b-3) MUNICIPIO DE FORCAREI.

O municipio de FORCAREI limita con SILLEDA polo suroeste do municipio. Comunícase a través das pistas ou camiños municipais que os cruzan.

Neste caso a única figura de planeamento que posúe é a delimitación do solo de núcleos rurais que se atopan algúns deles próximos ao límite con SILLEDA pero que non afectaría ao mesmo. Isto fai que non entremos en ningún conflito de clasificacións de solo.

b-4) MUNICIPIO DE A ESTRADA.

O municipio de A ESTRADA limita con SILLEDA polo leste do municipio. Comunícase a través da estrada nacional N-525 que discorre de leste a oeste, a autovía AP-53 e as pistas ou camiños municipais que os cruzan. O Camiño de Santiago atravesa ámbolos dous municipios.

b-5) MUNICIPIO DE BOQUEIXÓN.

O municipio de BOQUEIXÓN limita con SILLEDA polo noroeste do municipio. Comunícase a través das pistas ou camiños municipais que os cruzan.

2.8.2 Incidencia da lexislación sectorial

No apartado 5.3.11 desta Memoria xustifícase a adaptación do presente PXOM, á lexislación sectorial vixente, en materia de:

- o - MEDIO AMBIENTE.

- o - ESPAZOS NATURAIS.
- o - AUGAS.
- o - ESTRADAS.
- o - FERROCARRIL.
- o - PATRIMONIO CULTURAL.
- o - CEMITERIOS.
- o - ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS.

2.9 PREVISIÓN DE ACTUACIÓNS

Dentro das previsións sobre actuacións públicas programadas por organismos públicos ou por entidades privadas no termo municipal de SILLEDA, diferéncianse as actuacións relativas a infraestruturas de comunicacións, a infraestruturas de servizos, así como outras actuacións urbanísticas:

a) INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓNS

No municipio de Silleda, non está prevista ningunha actuación respecto á rede viaria.

En canto ao ferrocarril, está previsto que a liña de Alta Velocidade, atravesase o termo municipal de Silleda. Nestes momentos o Ministerio de Fomento adxudicou e licitou o "proxecto e obra de plataforma do corredor norte-noroeste de alta velocidade: tramo Lalín-Santiago", sendo un dos seus tramos o percorrido entre Lalín e Silleda".

b) INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS

En canto ao abastecemento é importante prever que co crecemento da poboación e a vivenda, principalmente nas áreas de maior crecemento, será necesario plantexar a renovación, ampliación e/ou substitución dalgunhas das instalacións actuais, así como a extensión da rede a outros núcleos do concello.

Tamén é importante que se leven a cabo novas actuacións para mellorar a rede de saneamento e estendela a maior parte dos núcleos do concello.

3 DIAGNOSE DA SITUACIÓN URBANÍSTICA

3.1 CONSIDERACIÓN PREVIAS

No presente apartado desenvólvese a diagnose sobre a situación urbanística no municipio de SILLEDA, coa finalidade de sentar as bases para a definición do modelo urbanístico que se pretende para o municipio. Para elo hai que ter en conta que SILLEDA se atopa inmerso na comarca do "Deza", e que a capital do municipio de SILLEDA se configura como o principal centro da comarca.

Partindo de ditas consideracións, a diagnose urbanística de SILLEDA, realízase tendo en conta tanto as influencias urbanísticas dos municipios que integran a comarca, como a dos municipios limítrofes. Todo elo coa finalidade de aproximarnos o máis posible á realidade do papel que desempeña o municipio de SILLEDA no conxunto comarcal.

O municipio de SILLEDA, pola súa posición xeográfica, é lugar de paso obrigado nas relacións da provincia de A Coruña con Ourense.

Silleda tivo tradicionalmente un marcado carácter agropecuario.

A influencia destes factores xerou os seguintes efectos na área urbana e no medio rural.

3.1.1 Núcleos urbanos de SILLEDA e A BANDEIRA

a) CRECIMENTO URBANO

Na década 1991/2001 o conxunto do municipio presentaba unha perda de poboación de 73 habitantes, o que representa unha taxa de variación do - 0,80 %. Porén no mesmo período a área urbana de SILLEDA incrementaba a súa poboación en 886 habitantes, cunha taxa de variación do 50,14 %, o que se traduce nun lento despoboamento do medio rural e un forte crecemento da poboación urbana, tamén A Bandeira incrementa a súa poboación en 67 habitantes, cunha taxa de crecemento nese período do 9,96 %.

En relación coa vivenda e no mesmo período analizado, o parque de vivendas incrementábase tanto no medio rural como na área urbana de SILLEDA. Así no período 1.981/91 o parque de vivendas do municipio incrementábase en 86 vivendas, o que representa unha variación do 2,65 %, namentres que a área urbana aumenta en 197 vivendas, o que representa unha variación do 46,57 %, en A Bandeira crece o número de vivendas en 41 que representa unha variación do 19,16 %.

As diverxencias entre as traxectorias demográficas e habitacionais débense, á forte influencia da vivenda de segunda residencia que en SILLEDA adquire un peso importante.

O proceso de crecemento da área urbana presenta os seguintes trazos:

b) DESENVOLVEMENTO DESCONTINUO

Na área urbana de SILLEDA, a falta dunha decidida dinámica de urbanización de novas áreas, o proceso edificatorio baseouse, por unha parte, na consolidación dos soares intersticiais vacantes ou na substitución de edificios antigos por outros novos de maior altura e volume, buscando en ámbolos dous casos o apoio en infraestruturas existentes. Este proceso de crecemento discontinuo dou lugar á formación de "bolsas" de solo baleiro, situadas entre as tramas urbanas consolidadas.

c) DÉFICITS DE DOTACIÓNS PÚBLICAS

En xeral o novo crecemento aportou moi poucas vantaxes en forma de dotacións públicas, salvo as obtidas nas actuacións citadas no apartado anterior, polo que na actualidade a área urbana presenta déficits dotacionais, sobre todo de verde.

d) CONSOLIDACIÓN POLA ACTIVIDADE TERCIARIA AO NORTE DO NÚCLEO DE SILLEDA

O crecemento demográfico e habitacional da área urbana de Silleda foi acompañado do desenvolvemento da actividade terciaria que se desenvolve ao norte do núcleo urbano de Silleda, onde se sitúa o Recinto Feiral Semana verde.

3.1.2 Medio rural

a) DESPOBOAMENTO DO MEDIO RURAL

Como se expuxo anteriormente o medio rural de SILLEDA vai sufrindo un paulatino despoboamento, porén esta tendencia é máis acusada nas zonas máis afastadas e con menos recursos.

b) PARTICIPACIÓN POR SECTORES

A economía municipal apóiase fundamental no sector primario (agricultura, gandería, forestal), compartido co sector terciario. O sector terciario cunha participación do (39 %) destaca como o dominante, e o sector primario, cunha participación do 22 % acércase máis ao sector secundario (31 %).

Dentro do sector primario, a participación débese fundamentalmente ao incremento do subsector de agricultura, xa que esta zona é agrícola por natureza, ocorre o contrario no subsector pesca xa que este ten escasa participación. Porén co forte proceso de modernización deste sector mellorouse notablemente o dimensionado e rendibilidade das explotacións, pasando os excedentes da man de obra do campo á industria, a construción e os servizos.

3.2 CARACTERÍSTICAS DO PROCESO DE CRECIMENTO

3.2.1 Estrutura territorial

De acordo coa diagnose urbanística, o PXOM debe adoptar como obxectivo fundamental completar a estrutura territorial e urbana para acoller os crecementos inmediatos e os previstos.

a) REDE VIARIA

A comunicación principal do municipio de SILLEDA co resto da provincia baséase nas estradas nacionais N-525 e N-640, a AP-53 Santiago-Ourense e as estradas autonómicas PO-201 e PO-204. Nas marxes da estrada nacional N-525, aséntanse os principais núcleos de poboación, Silleda e A Bandeira. As actividades terciarias próximas á área urbana de Silleda, o Recinto Feiral Semana Verde, sitúase ao norte deste e por debaixo da autopista que comunica Santiago con Ourense.

En definitiva, a definición da estrutura viaria establecida no PXOM realizouse diferenciando:

a-1) O viario de rango supramunicipal.

Constituído pola rede de estradas cuxa función principal consiste en establecer as comunicacións do municipio de SILLEDA e os seus núcleos principais coa provincia e a rexión.

a-2) O viario de relación.

Constituído pola rede de estradas e pistas cuxa función fundamental é establecer as comunicacións de SILLEDA, a partir das estradas citadas anteriormente, cos municipios veciños. Ademais permiten no interior do municipio as comunicacións entre os núcleos de poboación integrados nesta rede.

a-3) O viario urbano.

Constituído pola rede de vías urbanas que permiten a accesibilidade desde o viario de rango supramunicipal e de relación ás distintas zonas que integran o conxunto urbano.

b) FERROCARRIL

O PXOM mantén o actual Sistema Xeral Ferroviario.

Así mesmo, inclúese a traza do ave nos planos de ordenación.

c) SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS

De acordo co estudo sobre infraestruturas de servizos realizado no apartado 2.3.2 desta Memoria, as infraestruturas de abastecemento existentes cobren actualmente as necesidades da poboación urbana, así como as demandas xeradas polas actividades produtivas.

No caso das redes de sumidoiros, estas non son suficientes para dar servizo ao municipio e especialmente, no caso dos núcleos rurais.

Por outro lado, como xa se comentou, a rede de enerxía eléctrica abastece a tódolos núcleos de poboación do municipio.

Partindo da situación actual e das previsións de crecemento que se expuxeron respecto a os núcleos urbanos e os núcleos rurais de poboación, fórmulase a necesidade de revisar os actuais sistemas de infraestruturas procedendo a realizar reforzos e extensións naquelas zonas que o requiran.

d) SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

Na actualidade o municipio carece dun sistema xeral de espazos libres e zonas verdes, xa que os espazos libres existentes son de pequeno tamaño e teñen un carácter eminentemente local. Polo tanto o PXOM establece un sistema xeral de verde acorde coa poboación actual e cos desenvolvementos previstos. O principal sistema xeral de verde novo sitúase na Carballeira situada no sur do núcleo urbano de Silleda cunha superficie de algo máis de 52.000 m². O resto dos sistemas xerais de verde sitúanse nos solos urbanizables.

e) SISTEMA DE EQUIPAMENTO COMUNITARIO E DE DOTACIÓNS PÚBLICAS

O equipamento comunitario do municipio de SILLEDA, concéntrase fundamentalmente no núcleo de SILLEDA.

O equipamento existente nos restantes núcleos de poboación está constituído fundamentalmente por pistas polideportivas, igrexas, capelas e cemiterios, vinculados en xeral ao equipamento relixioso.

3.2.2 Problemas detectados

a) REDE VIARIA

Na actualidade, tódolos municipios da comarca se atopan integrados na rede viaria descrita no apartado 2.1.2.2.

En xeral, Silleda conta con boas comunicacións permitindo unha adecuada accesibilidade aos principais centros urbanos de Galicia, así como coa meseta e a cornixa Cantábrica. Hai que destacar que o tramo desde Dozón a Ourense melloraría coa construción do tramo de autopista.

Hai un tráfico importante pola estrada PO-205, xa que ademais do tráfico procedente de Vila de Cruces, canaliza os tráficoes que saen da autovía Santiago-Ourense cara Silleda e viceversa. Este problema solucionarase coa construción dunha glorieta que permitirá distribuír e ordenar o tráfico na estrada PO-205 á altura do Recinto Feiral Semana Verde, facilitando así os accesos ás instalacións do Recinto e canalizando os tráficoes que veñen da autopista, mellorando ademais a seguridade vial dos habitantes de Silleda

Existe tamén un problema de tráfico no centro urbano xerado en gran parte pola necesidade dunha vía que desconxestione o tráfico do centro do núcleo.

b) SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS

Despois de analizar no apartado 2.3.2 o estado actual así como as capacidades dos distintos servizos urbanos, chegamos a unha serie de conclusións:

Actualmente, a rede de abastecemento dos núcleos de Silleda e A Bandeira está amplamente desenvolvida e da servizo a practicamente todas as vivendas.

En cambio, no tocante ao abastecemento dos núcleos rurais detéctanse varios problemas relacionados co abastecemento, xa que a práctica totalidade dos núcleos do municipio abastécense a partir de traídas veciñais e sobre todo de pozos de captación individuais de titularidade privada. Os problemas que poden plantexarse derivan da proximidade existente entre os pozos de captación de auga e as fosas sépticas para augas residuais, o que pode dar lugar a contaminación dos acuíferos.

En canto ao saneamento, os principais problemas que se detectan, é que SILLEDA conta con unha rede escasa que da servizo, principalmente, as zonas urbanas de Silleda e A Bandeira.

c) SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

Na actualidade o municipio carece dun sistema xeral de espazos libres e zonas verdes, xa que os espazos libres existentes son de pequeno tamaño e teñen un carácter eminentemente local. Polo tanto o PXOM establece un sistema xeral de verde acorde coa poboación actual e cos desenvolvementos previstos ao sur do núcleo urbano de Silleda nunha zona ocupada por unha carballeira.

d) SISTEMA DE EQUIPAMENTO COMUNITARIO E DE DOTACIÓNS PÚBLICAS

De acordo cos obxectivos de completar a estrutura territorial e urbana, e en base ás análises sobre equipamento, realizados na Información Urbanística, a ordenación establecida trata de completar a oferta actual de equipamento comunitario, establecendo as necesarias reservas de solo para cubrir os déficits actuais e os que resulten das previsións de crecemento.

3.3 INFLUENZA DOS CONCELLOS LIMÍTROFES

No apartado 2.8.1.4 realizouse o estudo sobre a influencia do planeamento dos concellos limítrofes co de SILLEDA, do que se desprende que en determinadas zonas do límite municipal de SILLEDA cos municipios de

Vila de Cruces, Lalín, Forcarei, A Estrada e Boqueixón se deben de unificar criterios para homoxeneizar a ordenación resultante. Estas zonas son, en síntese, as seguintes:

a) MUNICIPIO DE VILA DE CRUCES

Deben de establecerse os elementos estruturantes e a ordenación do conxunto, nas zonas de contacto de ambos municipios.

b) MUNICIPIO DE LALÍN

Este municipio ten delimitado como solo urbano os núcleos de poboación, polo tanto as zonas de contacto con ambos municipios están ordenadas e definidas.

c) MUNICIPIO DE FORCAREI

Este municipio ten delimitado como solo urbano os núcleos de poboación, polo tanto as zonas de contacto con ambos municipios están definidas na medida dos datos facilitados.

d) MUNICIPIO DE A ESTRADA

Este municipio non facilitou información do planeamento polo tanto non podemos establecer os elementos estruturais e a ordenación do conxunto, nas zonas de contacto de ambos municipios.

e) MUNICIPIO DE BOQUEIXÓN

Deben de establecerse os elementos estruturantes e a ordenación do conxunto, nas zonas de contacto de ambos municipios.

3.4 CRITERIOS DE ORDENACIÓN QUE DEBEN ADOPTARSE

De acordo coa problemática que afecta ao municipio de SILLEDA o presente PXOM debe adoptar unha serie de criterios de ordenación tendentes a resolver os problemas urbanísticos que afectan ao municipio, entre os que cómpre destacar os seguintes:

a) MELLORA DAS COMUNICACIÓNS DAS ÁREAS URBANAS

Como se describiu nos apartados anteriores, será necesario mellorar as comunicacións do municipio formulando unha rede viaria que estructure as áreas urbanas e facilite a conexión de Silleda cos municipios limítrofes.

b) MELLORA DO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO

En canto ao abastecemento, aínda que na actualidade non existan graves problemas, é importante prever que co crecemento da poboación e a vivenda, principalmente nas áreas urbanas, será necesario plantexar a renovación, ampliación e/o substitución dalgunhas das instalacións actuais.

Ademais é necesario establecer as medidas oportunas para desenvolver redes de abastecemento que dean servizo aos núcleos rurais que actualmente se abastecen a partir de redes veciñais.

No caso do saneamento é importante levar a cabo todas as actuacións que sexan necesarias para que a rede de saneamento de augas residuais se estenda aos núcleos rurais do concello.

c) DETERMINACIÓN DO SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

A mellora da calidade de vida da poboación, obriga a que o municipio conte cos necesarios e adecuados espazos de lecer e recreo para o conxunto da poboación do municipio.

Actualmente o municipio é moi deficitario en espazos libres, carecendo varias parroquias do municipio dos mesmos.

Por elo considérase que a determinación do sistema xeral de espazos libres debe obedecer a dous criterios fundamentais: un de proximidade aos centros urbanos e outro de carácter medioambiental, potenciando a obtención de espazos de carácter público que contén con valores ambientais, paisaxísticos ou arqueolóxicos, mediante o establecemento dun sistema de espazos libres ligado a:

- o Os espazos forestais ou arqueolóxicos situados nos núcleos de poboación ou nas súas proximidades.

Todo elo complementándoo cun conxunto de dotacións xerais e locais ao servizo das distintas áreas que integran o conxunto urbano.

Con estes criterios tamén podería conseguirse que as actividades recreativas e de ocio dos núcleos urbanos se estendesen ao medio rural, facilitando á poboación o contacto cos ríos, os espazos forestais, etc.

d) LOCALIZACIÓN E POTENCIACIÓN DOS EQUIPAMENTOS EXISTENTES

En canto á localización das reservas de solo, adóptase o criterio de situalas preferentemente no núcleo urbano de SILLEDA, xa que por unha parte é o principal núcleo do municipio e por outra centraliza actualmente o equipamento comunitario, e en A BANDEIRA, xa que é o segundo núcleo de importancia do municipio. Ademais a reducida dimensión dos restantes asentamentos de poboación constitúe o factor fundamental que impediría determinar áreas efectivas para a situación de novos equipamentos comunitarios.

Por outra parte a oferta actual de equipamento urbano e a prevista, tamén se complementarán coa existente no medio rural. A estes efectos a ordenación respecta tódalas dotacións locais existentes no medio rural e permite ademais a implantación de novas dotacións, en función das necesidades e demandas que puideran xurdir no futuro nestes eidos.

e) CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DOS ASENTAMENTOS RURAIS

f) PROTECCIÓN DE TÓDOLOS EIDOS DO TERRITORIO QUE POSÚAN VALORES AMBIENTAIS, PAISAXÍSTICOS, CULTURAIS OU PRODUTIVOS

g) HOMOXENIZACIÓN DA ORDENACIÓN NOS LÍMITES DE SILLEDA COS MUNICIPIOS LIMÍTROFES

h) FOMENTO DA CONSOLIDACIÓN DAS ÁREAS EDIFICADAS E DA MELLORA DOS TECIDOS QUE AS INTEGRAN

Deben fomentarse a consolidación das áreas urbanas, así como a mellora dos tecidos que as integran, dotando a estas áreas de novas dotacións que permitan mellorar a calidade de vida da poboación.

4 DESCRICIÓN DA ORDENACIÓN

4.1 OBXECTIVOS E CRITERIOS DO PXOM E DAS SOLUCIÓNS DE ORDENACIÓN ADOPTADAS.

Partindo da diagnose realizado sobre a situación urbanística, e en base aos estudos sobre o medio rural e o modelo de asentamento da poboación, así como ao estudo de sustentabilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, e en concordancia coas directrices establecidas pola Corporación Municipal no marco da súa política urbanística, no presente apartado establécense os obxectivos, criterios e solucións xerais de ordenación para o municipio de SILLEDA.

4.1.1 Obxectivos e criterios xerais

O obxectivo fundamental do PXOM, baséase en configurar un modelo que favoreza o desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio, contribuíndo a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación, compatibilizándoo coa protección e potenciación do patrimonio natural e cultural existente.

Partindo deste obxectivo principal, a ordenación establecida complementábase cos seguintes obxectivos, criterios e solucións xerais:

a) FREAR A DISPERSIÓN EDIFICATORIA E FOMENTAR A CONSOLIDACIÓN E MELLORA DAS ÁREAS EDIFICADAS

Este obxectivo ten por finalidade frear o proceso de dispersión da edificación e potenciar o actual sistema de núcleos de poboación, por considerar que supón a alternativa máis racional para optimizar custos de infraestruturas de servizos e urbanización, e posibilitar a consecución dun nivel de dotacións públicas adecuado ás necesidades da poboación e compatibles coas esixencias legais.

De acordo co establecido na Det 3.1.5.d) DOT, o PXOM fomenta a compactación dos núcleos de poboación existentes fronte á súa expansión sobre terreos en estado natural, mediante operacións de rehabilitación, reforma e consolidación do seu interior. Para iso o PXOM parte da delimitación dos núcleos de poboación, de acordo cos criterios de consolidación establecidos legalmente, cunha dobre finalidade; acoutar expansións de edificación dispersa ao redor dos núcleos rurais e protexer os solos rústicos, lindeiros con estes asentamentos, que contan con valores naturais, paisaxísticos, produtivos, etc. permitindo e potenciando a posta en valor do territorio municipal.

b) FOMENTAR OS DESENVOLVEMENTOS COLINDANTES COAS ÁREAS CONSOLIDADAS E DIMENSIONAR ESTES EIDOS CON CRITERIOS VIABLES E REALISTAS, ACORDES COAS PREVISIÓNS DE CRECEMENTO

Para lograr este obxectivo, o PXOM establece as zonas de preferente urbanización, comezando polos solos urbanos vacantes existentes no interior dos núcleos de poboación e polos solos urbanizables colindantes cos mesmos. Todo elo cunha dobre finalidade: Por unha parte conseguir un desenvolvemento harmónico e por outra evitar que fóra dos núcleos de poboación se produzan crecementos anárquicos e dispersos, deficitarios en infraestruturas e sen as dotacións necesarias que garantan unha adecuada calidade de vida.

Por outra parte, o PXOM trata de dimensionar os eidos de futuro desenvolvemento con criterios viables e realistas, acordes cos desenvolvementos previsibles, evitando en todo caso a dispersión de actuacións.

c) COMPLEMENTAR E MELLORAR A ESTRUTURA TERRITORIAL

O proceso de crecemento disperso impediu a consecución dunha estrutura territorial adecuada e na actualidade son moi acusados os déficit en infraestruturas viarias, en infraestruturas de servizos e en dotacións públicas de carácter xeral.

d) PRESERVAR OS VALORES NATURAIS E CULTURAIS QUE AÍNDA SUBSISTEN

O PXOM defende as características xerais da paisaxe, así como as áreas singulares e de interese existentes no territorio. A estes efectos a ordenación establecida preserva do desenvolvemento urbano e da implantación de todos aqueles usos que podan degradar os seus valores, o sistema hidrográfico, os espazos naturais, as zonas de interese paisaxístico, as zonas forestais, os xacementos arqueolóxicos, así como as áreas do territorio vinculadas tradicionalmente ás actividades primarias e que á súa vez ofrecen unha especial capacidade produtiva.

Por outra parte o PXOM trata de conservar o patrimonio cultural herdado posibilitando a súa conservación e posta en valor para o deleite cultural e de ocio pola poboación. Con esta finalidade procédese á identificación e protección de tódolos edificios, conxuntos e elementos de interese polo seu valor histórico, artístico, arquitectónico e etnográficos existentes no municipio, que serán incorporados ao catálogo do PXOM.

De conformidade coas determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio e a Lexislación Urbanística, as accións e medidas para garantir a protección e conservación dos ámbitos de interese do patrimonio cultural. Con esta finalidade elaborouse un Catálogo no que se identifican todos os edificios, conxuntos e elementos de interese polo seu valor histórico, artístico, arquitectónico e etnográficos, así como os xacementos arqueolóxicos.

En aplicación da Det 8.5 DOT, o PXOM establece tamén as medidas para garantir a compatibilidade do desenvolvemento e ordenación de asentamentos, das áreas empresariais e das actividades produtivas cos citados ámbitos de interese do patrimonio cultural e os seus Plans Especiais previstos na Lei 8/1995, do patrimonio cultural, cando corresponda.

e) CONSERVAR OS NÚCLEOS RURAIS DE POBOACIÓN

O PXOM fomenta a conservación das zonas orixinarias dos núcleos rurais de poboación, respectando á súa vez os crecementos que se foron producindo no contorno das zonas tradicionais.

A nivel urbano, os obxectivos xerais citados anteriormente complementábase cos seguintes:

f) CONSERVAR E RECUPERAR O PATRIMONIO CONSTRUÍDO

En solo urbano consolidado a ordenación establecida fomenta a conservación e recuperación do patrimonio construído, dos espazos urbanos relevantes, dos elementos e tipos arquitectónicos singulares, das formas tradicionais de ocupación do solo e dos trazos diferenciais ou distintivos que conforman a identidade local.

En liña co disposto anteriormente, a ordenación tamén fomenta a conservación das tramas tradicionais existentes que aínda manteñen este carácter.

g) COMPLETAR AS ESTRUTURAS URBANAS.

A nivel urbano o obxectivo principal do PXOM, baséase en completar as estruturas dos núcleos urbanos de SILLEDA e A BANDEIRA, xa que, sobre todo no caso de SILLEDA, o proceso de crecemento discontinuo deu lugar á formación de bolsas de solo vacante no interior dos tecidos consolidados, os cales deben integrarse na trama xeral.

Nos solos vacantes, a ordenación establecida equilibra os aproveitamentos lucrativos coa obtención de espazos destinados a dotacións públicas.

h) EQUILIBRAR AS DENSIDADES URBANAS

Nas áreas urbanas obsérvanse desequilibrios na súa densidade entre a zona central, con tipoloxías de edificación en quintero pechado e en altura que acadan as cinco plantas e os bordos urbanos caracterizados pola profusión de vivendas unifamiliares.

Por elo a ordenación establecida trata de buscar o equilibrio entre as densidades de edificación existentes e as novas, coa finalidade de establecer a densidade urbana adecuada, e que á súa vez se axuste aos crecementos demográficos e habitacionais previstos.

i) CUBRIR OS DÉFICITS DE DOTACIÓNS PÚBLICAS

O crecemento das áreas urbanas, non levou aparellado, en xeral, un proceso de creación de novos espazos destinados a dotacións públicas, dando lugar ao incremento paulatino de déficit dotacionais. Por elo o PXOM prevé en tódalas zonas de novo desenvolvemento a reserva de espazos destinados a zona verde, equipamento e aparcadoiros, en proporción ás esixencias legais.

j) FOMENTAR O TRANSPORTE SOSTIBLE

De acordo coa Det 3.1.5 b) DOT, exponse o fomento do transporte sustentable (colectivo, en bicicleta, a pé, etc.) en función das necesidades e características de cada un deles en concreto, tendo en conta as necesidades de desprazamentos existentes e os derivadas das previsións do PXOM. Neste sentido, a localización de centros xeradores de desprazamentos como o polígono industrial desenvolvementos residenciais, equipamentos, etc., deberán considerar a súa articulación con dicha formulas de transporte sustentable (Det 3.1.5.c) DOT).

k) COMPLETAR O SISTEMA VIARIO URBANO

l) POTENCIAR A ZONA NORTE DO NÚCLEO DE SILLEDA COMO ESPAZO LIGADO A USOS TERCIARIOS

m) POTENCIAR A ZONA ESTE DO MUNICIPIO DE SILLEDA COMO ESPAZO LIGADO A USOS INDUSTRIAIS

4.1.2 Estrutura xeral e orgánica do territorio

A estrutura xeral e orgánica do territorio de SILLEDA, está integrada polos sistemas xerais, que constitúen os elementos determinantes do desenvolvemento urbano.

O PXOM distingue no municipio de SILLEDA, de conformidade co disposto no Art. 53º.e) LOUG e cos obxectivos e criterios de ordenación previstos, os seguintes sistemas xerais:

- o SISTEMA XERALES DE COMUNICACIÓNS E AS SÚAS ZONAS DE PROTECCIÓN.
- o SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES PÚBLICAS.
- o SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTO COMUNITARIO PÚBLICO.
- o SISTEMA XERAL DE SERVIZOS URBANOS.

4.1.2.1 Sistema xeral de comunicacións e as súas zonas de protección

a) SISTEMA XERAL VIARIO

α-1) CRITERIOS XERAIS.

Partindo do obxectivo de completar e mellorar a estrutura territorial do termo municipal, os criterios que se establecen en canto a infraestruturas viarias son os seguintes:

- Dotar ao municipio de novas infraestruturas viarias que permitan mellorar as comunicacións cos municipios veciños e distribuír os tráxicos que actualmente se concentran nos puntos de conexión do viario municipal coas vías de maior entidade.
- Dotar ao municipio de novas infraestruturas viarias que permitan a estruturación das áreas.
- Ampliar e mellorar o viario do sistema xeral existente.

a-2) XERARQUIZACIÓN DA REDE VIARIA.

De acordo cos criterios citados anteriormente, o sistema xeral viario xerarquizouse, segundo a función que desempeña cada vía, do seguinte xeito:

- O viario de rango supramunicipal.

Constituído pola rede de estradas cuxa función principal consiste en establecer as comunicacións do municipio de SILLEDA e os seus núcleos principais coa provincia, a rexión e a Comixa Cantábrica. De acordo coa súa función específica e a efectos do presente Plan, integran o viario de rango supramunicipal as seguintes estradas:

TIPO-I:

- Autovía Central Galega AP-53 (Santiago-Dozón).

TIPO-II:

- ESTRADA N-525 (Ourense-Santiago de Compostela).
- ESTRADA N-640 (Vegadeo ao Porto de Vilagarcía de Arousa).

- Viario de Relación.

As vías comprendidas neste tipo establecen as comunicacións de SILLEDA, a partir das estradas citadas anteriormente, cos municipios veciños. Ademais permiten no interior do municipio as comunicacións entre os núcleos de poboación integrados nesta rede, a cal está formada polas seguintes estradas.

TIPO II:

- Estrada Autonómica PO-201 (Silleda-Laro).
- Estrada Autonómica PO-204 (A Bandeira-Vila de Cruces).
- Estrada Autonómica PO-211 (Silleda-Ferrocarril).
- Estrada autonómica PO-205 (Silleda N-525-Vila de Cruces).
- Estrada autonómica PO-534 (Lalín (N-525)-Folgozo (N-541)).

- Estrada provincial EP-7019 (Calobre-Ponte Ledesma).
- Estrada provincial EP-7201 (Cachafeiros-Silleda).
- Estrada provincial EP-6501 (Graba-Escuadro).
- Estrada provincial EP-6502 (Silleda-O Castro-Merza)
- Estrada provincial EP-6503 (Silleda-Siador-Refoxos)
- Estrada provincial EP-6504 (Negreiros-Carboeiro)
- Estrada provincial EP-6505 (Acceso Mosteiro Carboeiro)
- Estrada provincial EP-6506 (Breixa-Manduas).
- Estrada provincial EP-6507 (Acceso á Feira de Silleda).
- Estrada provincial EP-6508 (Somoza-Escuadro).
- Estrada provincial EP-6509 (Escuadro-Silleda)
- Estrada provincial EP-6510 (Lamela-Moalde-Senra)
- Estrada provincial EP-6511 (A Bandeira-Piñeiro).
- Estrada provincial EP-6512 (Vilanova de Oleiros-Elaro).
- Estrada provincial EP-6513 (Piñeiro-Lamela).
- Estrada provincial EP-6514 (Rellas-Escuadro).
- Estrada provincial EP-6515 (Senra-Escuadro).
- Estrada provincial EP-6516 (Graba-Fiestras).
- Estrada provincial EP-6517 (Rúa-Silleda).
- Estrada provincial EP-6518 (Silleda-Ponte).

As restantes estradas e pistas grafadas nos planos de ordenación considéranse vías locais e a súa función baséase en permitir a accesibilidade desde as estradas de rango supramunicipal aos núcleos, entidades de poboación e as súas zonas de influencia.

▪ VIARIO URBANO.

Está constituído polas vías que permiten as comunicacións das áreas urbanas co exterior, así como as comunicacións entre as distintas zonas que as integran.

Esta rede está formada polas travesías das estradas citadas anteriormente que atravesan ou conflúen na área urbana de SILLEDA e A BANDEIRA, así como polas restantes vías urbanas que

comprende as funcións descritas anteriormente. Dentro do sistema xeral viario urbano distinguíronse as seguintes vías:

NÚCLEO DE SILLEDA.

EXISTENTES:

SE-V1.- Travesía da estrada N-525.

Atravesa a área urbana de SILLEDA de leste a oeste.

SE-V2.- Establece as comunicacións do centro urbano de Silleda co núcleo rural Casas do Monte e o Centro de Saúde, ao sur do núcleo. Correspóndese coas estradas autonómicas PO-201 e EP-6517.

SE-V3.- Discorre pola zona leste do núcleo e constitúe o acceso ao Recinto Feiral de Silleda e correspóndese coa estrada autonómica PO-205.

SE-V4.- Circunvala o núcleo urbano de Silleda pola zona norte, servindo de acceso ao Recinto Feiral. Correspóndese coa estrada provincial EP-6518.

SE-V5.- Circunvala polo seu extremo sur o Recinto Feiral correspondéndose coa estrada provincial EP-6507.

SE-V7.- Serve de conexión para os sistemas xerais SE-V2 e SE-V5.

DE NOVO TRAZADO.

Non existen viais de novo trazado

NÚCLEO DE A BANDEIRA.

EXISTENTES

- SE-V8.- Travesía da antiga estrada autonómica PO-210, que parte da estrada N-525 e comunica o núcleo de Bandeira polo norte.

- SE-V9.- permite a comunicación do núcleo de Bandeira polo suroeste coa estrada N-525.

- SE-V10.- Establece as comunicacións do centro urbano de A Bandeira coa estrada nacional N-525.

- SE-V11.- Establece polo oeste as comunicacións do centro de A Bandeira coa estrada nacional N-525.

DE NOVO TRAZADO.

- SN-V3.- Bordea o núcleo urbano de A Bandeira polo sur.

- Nova glorieta no entorno do P.K. 309+900.

b) SISTEMA XERAL FERROVIARIO

O sistema xeral ferroviario está integrado polos terreos, infraestruturas de superficie ou subterráneas e instalacións que serven para a utilización dos ferrocarrís como modo de transporte de persoas e mercancías, que afectan ao territorio de SILLEDA.

O PXOM mantén o actual sistema ferroviario (liña Ourense-Santiago de Compostela).

O presente documento tamén recolle a reserva de solo realizada no concello de Silleda para a construción do eixe Ourense-Santiago do corredor norte-noroeste de alta velocidade. Concretamente, polo municipio de Silleda transcorren os subtramos: Lalín (Anzo)-Silleda (Carboeiro), Silleda (Carboeiro)-Silleda (Dornelas) e Silleda (Dornelas)-Vedra.

4.1.2.2 Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes públicas

Comprende o conxunto de espazos destinados a garantir o lecer da poboación e a mellorar as condicións estéticas e ambientais de determinadas zonas, destinados a parques e xardíns públicos, e que pola súa dimensión ou función o seu eido de servizo se estende a todo o municipio.

No medio rural as dotacións son de carácter local e están constituídas, por prazas públicas e campos de festa. Estas dotacións complementanse coas áreas recreativas existentes no medio rural.

O PXOM completa o sistema xeral actual de espazos libres, fomentando o contacto co medio rural de SILLEDA, de forma que os novos espazos sirvan de elementos estruturantes das áreas residenciais, conseguindo á súa vez protexer os solos rústicos.

De acordo con estas consideracións, os criterios que se adoptaron para a determinación do sistema xeral de espazos libres e zonas verdes foron os seguintes:

- o Respetar tódolos espazos libres e zonas verdes existentes.
- o Establecer as reservas de solo necesarias para cubrir os déficits actuais, así como os que resulten da capacidade máxima de vivendas establecida no PXOM, conforme ás esixencias establecidas no Art. 47º LOUG e Art. 47º LMLUUG.
- o Complementar o sistema xeral actual, cun amplo espazo vinculado ao núcleo de A BANDEIRA e ao de SILLEDA.
- o Complementar as dotacións de espazos libres do sistema xeral, coas dotacións locais existentes e previstas, constituídas por xardíns e áreas de xogo de forma que, sempre que sexa posible, tódolos barrios que integran as áreas urbanas dispoñan de espazos de lecer e recreo.

A distribución do sistema xeral e das dotacións locais de espazos libres e zonas verdes do municipio de SILLEDA, está contida nos cadros nº 4.1.2.2.1 e nº 4.1.2.2.2. En ditos cadros obtense que a superficie destinada polo PXOM ao sistema xeral de espazos libres ou zonas verdes é de 236.742,22 m², que sumada á superficie destinada a dotacións locais de espazos libres e zona verde (155.692,06 m²), ascende a 392.434,28 m²

CADRO Nº 4.1.2.2.1. DISTRIBUCIÓN DE SISTEMAS XERAIS E DOTACIÓNS LOCAIS DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

NÚCLEO URBANO DE A BANDEIRA								
REF. EN PLANO	DENOMINACIÓN	TITULARIDADE	SISTEMA XERAL			DOTACIÓN LOCAL		
			EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)	EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)
16-DE-AX1	Área axardinada	Pública				1.325,75		1.325,75
16-DE-AX2	Área axardinada	Pública				1.699,17		1.699,17
16-DE-AX3	Área axardinada	Pública				808,99		808,99
16-DE-CF1	Praza Tenor Vales Mahía	Pública				923,93		923,93
16-DE-XD1	Praza da Feira	Pública				3.144,56		3.144,56
16-SN-AX1	Área axardinada	Pública		1.305	1.305			
16-DN-P1	Parque	Pública					10.587	10.587
16-SN-P1	Parque	Pública		15.553	15.553			

CADRO Nº 4.1.2.2.1. (Cont.) - DISTRIBUCIÓN DE SISTEMAS XERAIS E DOTACIÓNS LOCAIS DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

NÚCLEO URBANO DE SILLEDA								
REF. EN PLANO	DENOMINACIÓN	TITULARIDADE	SISTEMA XERAL			DOTACIÓN LOCAL		
			EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)	EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)
30-DE-AX1	Praza Señor Aframio	Pública				239,26		239,26
30-DE-AX1	Praza Señor Aframio	Pública				59,08		59,08
30-DE-AX10	Praza Feira Vella	Pública				3.460,51		3.460,51
30-DE-AX11	Parque no polígono industrial	Pública				11.153,27		11.153,27
30-DE-AX2	Praza do Outeiro	Pública				525,59		525,59
30-DE-AX3	Área axardinada	Pública				123,15		123,15
30-DE-AX4	Área axardinada	Pública				370,48		370,48
30-DE-AX5	Área axardinada	Pública				587,28		587,28
30-DE-AX6	Praza Benito Rivas	Pública				519,54		519,54
30-DE-AX7	Área axardinada do polígono industrial	Pública				10.768,17		10.768,17
30-DE-AX8	Área axardinada do polígono industrial	Pública				2.059,28		2.059,28
30-DE-AX9	Praza da Igrexa	Pública				2.640,47		2.640,47
30-DE-P1	Parque ao Sur do polígono industrial	Pública				8.925,18		8.925,18
30-DN-X1	Xardín	Pública					707,64	707,64
30-SE-P1	Parque	Pública	50.492,25		50.492,25			
30-SE-P2	Parque	Pública	5.878,14		5.878,14			
30-SN-P1	Parque	Pública		51.837,29	51.837,29			

NÚCLEO URBANO DE SILEDA								
REF. EN PLANO	DENOMINACIÓN	TITULARIDADE	SISTEMA XERAL			DOTACIÓN LOCAL		
			EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)	EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)
30-SN-P2	Parque	Pública		9.807,99	9.807,99			
30-SN-P3a	Parque	Pública		20.472,34	20.472,34			
30-SN-P3b	Parque	Pública		28.997,25	28.997,25			
30-SN-P4a	Parque	Pública		6.801,74	6.801,74			
30-SN-P4b	Parque	Pública		17.627,75	17.627,75			

CADRO Nº 4.1.2.2.2. DISTRIBUCIÓN DE SISTEMAS XERAIS E DOTACIÓNS LOCAIS DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

NÚCLEOS RURAIS								
REF. EN PLANO	DENOMINACIÓN	TITULARIDADE	SISTEMA XERAL			DOTACIÓN LOCAL		
			EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)	EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)
01-DE-CF1	Campo de festa	Pública				2.195		2.195
01-DE-CF2	Campo da festa	Pública				865		865
01-DE-XD1	Xardín en Abades	Pública				1.020		1.020
02-DE-AX1	Área axardinada	Pública				966		966
03-DE-AX1	Xardín da fonte en Breixiña	Pública				225		225
03-DE-CF1	Campo da festa	Pública				910		910
04-DE-AX1	Área axardinada	Pública				447		447
04-DE-CF1	Campo da festa	Pública				693		693
05-DE-AX1	Área axardinada	Pública				548		548
05-DE-CF1	Campo da festa	Pública				1.176		1.176
05-SE-P1	Parque en O Regueiro	Pública	16.524		16.524			
06-DE-AX1	Área axardinada	Pública				976		976
06-DE-AX2	Área axardinada	Pública				73		73
06-DE-CF1	Campo da festa	Pública				1.806		1.806
07-DE-CF1	Campo da festa	Pública				4.284		4.284
08-DE-AX1	Área axardinada	Pública				1.090		1.090
08-DE-CF1	Campo da festa	Pública				1.359		1.359
09-DE-AX1	Área axardinada	Pública				372		372
09-DE-AX2	Carballeira da capela dos Alfixidos	Pública				2.826		2.826
09-DE-CF1	Campo da festa	Pública				3.168		3.168

NÚCLEOS RURAIS								
REF. EN PLANO	DENOMINACIÓN	TITULARIDADE	SISTEMA XERAL			DOTACIÓN LOCAL		
			EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)	EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)
10-DE-CF1	Campo da festa	Pública				1.148		1.148
11-DE-CF1	Campo da festa	Pública				5.914		5.914
12-DE-CF1	Campo da festa	Pública				1.428		1.428
13-DE-CF1	Campo da festa	Pública				2.496		2.496
14-DE-CF1	Campo da festa	Pública				1.247		1.247
14-DE-XD1	Espazo libre	Pública				296		296
15-DE-CF1	Campo da festa	Pública				1.024		1.024
17-DE-CF1	Campo da festa	Pública				7.910		7.910
18-DE-CF1	Campo da festa	Pública				1.072		1.072
19-DE-AX1	Area de xogos	Pública				1.399		1.399
19-DE-AX2	Adro da eirexa	Pública				285		285
19-DE-CF1	Campo da festa	Pública				4.119		4.119
20-DE-P1	Parque de San Martiño	Pública				1.505		1.505
22-DE-CF1	Campo da festa	Pública				1.179		1.179
23-DE-CF1	Campo da festa	Pública				1.666		1.666
24-DE-AX1	Área de xogos	Pública				132		132
24-DE-CF1	Campo da festa	Pública				3.710		3.710
25-DE-CF1	Campo da festa	Pública				7.504		7.504
27-DE-CF1	Campo da festa	Pública				8.042		8.042
27-SN-P1	Área recreativa	Pública		11.446	11.446			
28-DE-CF1	Campo da Festa	Pública				644		644
29-DE-CF1	Campo da festa de Sestelo	Pública				2.130		2.130
29-DE-EL1	Anfiteatro	Pública				5.554		5.554
29-DE-MD1	Merendeiro en Sestelo	Pública				2.666		2.666
31-DE-AX1	Xardín	Pública				605		605
31-DE-P1	Parque	Pública				4.809		4.809
33-DE-CF1	Campo da festa	Pública				1.576		1.576

4.1.2.3 Sistema Xeral de Equipamento Comunitario Público

Comprende o conxunto de edificios, instalacións e espazos asociados destinados ao servizo directo da poboación, que pola súa función, o seu eido de servizo se estende a todo o municipio.

O equipamento comunitario actual do municipio concéntrase no núcleo urbano de SILLEDA. No medio rural as dotacións locais de equipamento están constituídas fundamentalmente polas antigas escolas unitarias, as cales funcionan na súa maioría como locais sociais, pistas polideportivas, igrexas e cemiterios vinculados en xeral ao equipamento relixioso.

A ordenación establecida cubre os déficits de equipamento comunitario, de acordo cos seguintes criterios:

- Respéctanse tódolos espazos, instalacións e edificacións existentes destinadas a equipamento público.
- Establécense as reservas de solo necesarias para cubrir os déficits actuais, así como os que resulten da capacidade máxima de vivendas establecida no PXOM, conforme ás disposicións contidas no Art. 47º LOUG e Art. 47º LMLOUG.

- Localízanse as correspondentes reservas de solo para equipamento comunitario no núcleo principal, que polo seu tamaño é o eido con maior demanda de equipamentos. Esta opción considérase a máis lóxica, se se ten en conta que a reducida dimensión dos restantes asentamentos de poboación, así como a dispersión da poboación no medio rural, constitúen os condicionantes principais que impiden determinar áreas efectivas para a situación de novos equipamentos comunitarios.
- Complementáanse as dotacións xerais de equipamento comunitario, coas dotacións locais de equipamento existentes e previstas para que, sempre que sexa posible, tódolos barrios que integran as áreas urbanas dispoñan de espazos de lecer e recreo.
- O PXOM, tamén respecta as dotacións públicas de equipamento existentes nos núcleos rurais.

A distribución dos sistemas xerais e dotacións locais de equipamentos do municipio de SILLEDA, figuran nos cadros Nº 4.1.2.3.1 e Nº 4.1.2.3.2. De ditos cadros obtense que a superficie destinada polo PXOM ao sistema xeral de equipamento comunitario é de 122.969 m², que sumada á superficie destinada a dotacións locais de equipamento (71.926 m²), ascende 194.896 m².

CADRO Nº 4.1.2.3.1. DISTRIBUCIÓN DE SISTEMAS XERAIS E DOTACIÓNS LOCAIS DE EQUIPAMENTO

NÚCLEO URBANO DE A BANDEIRA								
REF. EN PLANO	DENOMINACIÓN	TITULARIDADE	SISTEMA XERAL			DOTACIÓN LOCAL		
			EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)	EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)
16-DE-SC1	Antiga escola (San Tirso)	Pública				41		41
16-SE-AD1	Instalacións administrativas (A Bandeira)	Pública	2.972		2.972			
16-SE-D1	Campo de fútbol (A Bandeira, Rúa do Deporte 16)	Pública	7.628		7.628			
16-SE-E1	Colexio Público de A Bandeira (A Bandeira, Rúa Victor M. Fraiz Villanueva 2- 4)	Pública	9.469		9.469			
16-SE-SA1	Centro de Saúde (A Bandeira, Rúa A Devesa 2)	Pública	554		554			
16-SE-SC1	Antiga escola (San Tirso)	Pública	555		555			
16-SE-SC2	Auditorio Manuel Dopazo (A Bandeira, Rúa do Deporte 14)	Pública	2.428		2.428			
16-SE-SC3	Albergue de Peregrinos (A Bandeira, Rúa Louras)	Pública	1.026		1.026			
16-SN-D1	Piscina municipal e pavillón (A Bandeira)	Pública		2.799	2.799			
16-SN-D2	Reserva deportiva (A Bandeira, Rúa do Deporte)	Pública		4.028	4.028			

CADRO Nº 4.1.2.3.1. (Cont.) - DISTRIBUCIÓN DE SISTEMAS XERAIS E DOTACIÓNS LOCAIS DE EQUIPAMENTO

NÚCLEO URBANO DE SILLEDA								
REF. EN PLANO	DENOMINACIÓN	TITULARIDADE	SISTEMA XERAL			DOTACIÓN LOCAL		
			EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)	EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)
30-DE-D1	Deportivo (A Mera , Polígono Industrial)	Pública				5.918		5.918
30-DN-C1	Equipamento comercial (A Mera , Polígono Industrial)	Pública					5.829	5.829
30-DN-S1	Equipamento social (A Mera , Polígono Industrial)	Pública					1.930	1.930
30-SE-AD1	Casa do Concello (Silleda, Rúa Trasdeza 53 - 55)	Pública	331		331			
30-SE-CE1	Cemiterio Municipal (Silleda, Estrada Siador)	Pública	4.099		4.099			
30-SE-D1	Campo de fútbol (Silleda, Avenida Recinto Ferial 24)	Pública	1.616		1.616			
30-SE-D2	Piscina Municipal (Silleda, Avenida Recinto Ferial 22)	Pública	2.290		2.290			
30-SE-D4	Campo de fútbol (Silleda, Rúa Arturo Pérez Lázara 24)	Pública	7.745		7.745			
30-SE-E1	Colexio Público de Silleda (Outeiro, Avenida Recinto Feiral 1)	Pública	7.170		7.170			
30-SE-E2	I.E.S. Pintor Colmeiro (Silleda, Rúa As Ferreiras)	Pública	25.161		25.161			
30-DE-E1	Escola Municipal de Música (Silleda, Rúa Pontevedra 6)	Pública				370		370
30-SE-E4	Escola Taller (Silleda, Rúa Morón 12 - 14)	Pública	281		281			
30-SE-E3	Escola Infantil (Silleda)	Pública	1.112		1.112			
30-SE-GC1	Cuartel da Garda Civil (Silleda, Rúa da Chousa Nova 69)	Pública	2.126		2.126			
30-SE-PB1	Parque de bombeiros (A Mera, Polígono Industrial)	Pública	5.991		5.991			
30-SE-SA1	Centro de Saúde (Silleda, Rúa da Chousa Nova 67)	Pública	1.453		1.453			
30-SE-SA2	Centro de Saúde "Doctor Fernandez Colmeiro" (Silleda, Rúa da Chousa Nova 65)	Pública	2.363		2.363			
30-SE-SC1	Casa da Xuventude "Marisa Soto" (Silleda, Rúa Progreso 41)	Pública	290		290			
30-SE-SC2	Biblioteca (Silleda, Rúa Trasdeza 88)	Pública	198		198			
30-SN-D1	Deportivo (Silleda)	Pública		26.664	26.664			
30-SN-SC1	Sociocultural (Silleda)	Pública		2.619	2.619			

CADRO Nº 4.1.2.3.2. DISTRIBUCIÓN DE SISTEMAS XERAIS E DOTACIÓNS LOCAIS DE EQUIPAMENTO

NÚCLEOS RURAIS								
REF. EN PLANO	DENOMINACIÓN	TITULARIDADE	SISTEMA XERAL			DOTACIÓN LOCAL		
			EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)	EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)
01-DE-SC1	Local social (Abades)	Pública				149		149
06-DE-SC1	Local social - Antiga escola (Renguenga)	Pública				138		138
07-DE-SC1	Local social (A Cruz)	Pública				58		58
08-DE-E1	Gardería (A Cruz)	Pública				243		243
08-DE-SC1	Local social (A Cruz)	Pública				277		277
09-DE-D1	Campo de fútbol e pistas polideportivas (O Burgo)	Pública				6.486		6.486
09-DE-E1	Colexio (O Burgo)	Pública				407		407
10-DE-D1	Espazo Deportivo (Domelas - O Portiño)	Pública				3.748		3.748
10-DE-SC1	Local social (O portiño)	Pública				100		100
10-SN-CE1	Ampliación cemiterio municipal (Domelas)	Pública		6.568	6.568			
11-DE-E1	Colexio - gardería (Escuadro)	Pública				697		697
11-DE-SC1	Local social (Escuadro)	Pública				121		121
11-DE-SC2	Local social (Portovello)	Pública				91		91
11-DE-SC3	Antiga escola (Soldecasa)	Pública				75		75
12-DE-SC1	Local social (Aragonza)	Pública				38		38
13-DE-SC1	Local social - antiga escola (Eirexe)	Pública				147		147
14-DE-D1	Campo de fútbol (Gorís)	Pública				8.817		8.817
14-DE-D2	Pavillón polideportivo (Gorís)	Pública				1.247		1.247
15-DE-D1	Campo de fútbol (Pelures)	Pública				6.713		6.713
15-DE-SC1	Local social - antiga escola (Freixeiro)	Pública				1.200		1.200
15-DE-SC2	Antiga escola (Sante)	Pública				696		696
17-DE-E1	Colexio (San Fiz)	Pública				314		314

NÚCLEOS RURAIS								
REF. EN PLANO	DENOMINACIÓN	TITULARIDADE	SISTEMA XERAL			DOTACIÓN LOCAL		
			EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)	EXISTENTE (m ²)	PREVISTO (m ²)	TOTAL (m ²)
18-DE-D1	Espazo deportivo (A Moa)	Pública				6.195		6.195
18-DE-SC1	Local Social - antiga escola (A Moa)	Pública				162		162
18-SE-SC1	Albergue de Peregrinos ((Medelo))	Pública	21.180		21.180			
19-DE-D1	Campo de fútbol (San Xosé)	Pública				4.383		4.383
19-DE-SC1	Antiga escola (San Xosé)	Pública				171		171
19-DE-SC2	Antiga escola (San Xosé)	Pública				105		105
22-DE-SC1	Local social (O Portapazos)	Pública				105		105
23-DE-SC1	Antiga escola (Pazos)	Pública				66		66
25-SE-D1	Pistas deportivas de O Castro (Os Olmos)	Pública	1.886		1.886			
26-DE-SC1	Local social -Teleclub (Lázara)	Pública				49		49
26-DE-SC2	Antiga escola (Lázara)	Pública				1.352		1.352
27-DE-D1	Campo de fútbol (Eirexe)	Pública				6.237		6.237
27-DE-SC1	Local social (Eirexe)	Pública				188		188
28-DE-D1	Campo de fútbol (A Cañoteira)	Pública				6.302		6.302
28-DE-SC1	Antiga escola (A Cañoteira)	Pública				90		90
31-DE-SC1	Local social (Carral)	Pública				111		111
31-DE-SC2	Local social (Carral)	Pública				35		35
32-DE-SC1	Local social (Mazarelos)	Pública				80		80
33-DE-SC1	Local social (Xestoso)	Pública				448		448

4.1.2.4 Sistema Xeral de Infraestruturas de Servizos

Comprende as construcións, instalacións e espazos asociados destinados á prestación dos servizos de abastecemento de auga, evacuación e depuración de augas residuais, subministro de enerxía eléctrica, gas, telecomunicacións, recollida e tratamento de residuos e outros que sexan necesarios.

Tras realizar un estudo da situación actual e da capacidade dos servizos urbanísticos do concello, a continuación, analizaremos en base á demanda que se estima, a ampliación que precisará a rede existente

para poder dar apoio ao crecemento que se plantexa por medio dos urbanizables delimitados que se planifican no Plan Xeral.

Nun primeiro lugar, descríbense as directrices que se consideran para realizar unha estimación da futura demanda dos distintos servizos urbanísticos.

Posteriormente, realízase unha análise das necesidades de subministro que se xerarán como consecuencia dos novos desenrols que se prevén.

Esta análise céntrase en estudar as infraestruturas de abastecemento e saneamento, por ser estas as que condicionan dun xeito máis ríxido o crecemento dado que a súa ampliación e mellora require unha importante planificación previa e esixen uns recursos, en canto a instalacións e inversión considerables.

a) ABASTECIMIENTO.

O PXOM mantén o actual sistema xeral de abastecemento de auga estendendo as redes as áreas de novo desenvolvemento e a algún núcleo xa existente, ó mesmo tempo que se mostra o funcionamento coas recentes concesións obtidas nas captacións existentes, necesarios para o desenvolvemento proposto nos núcleos urbanos do Concello. Asemade recoméndanse, con simple carácter facultativo, actuacións en caso de alcanzar mínimos históricos.

α-1) Determinación do consumo existente e datos de Augas de Galicia

A situación deste sistema de abastecemento foi avaliado por Augas de Galicia (DHGC) nas fichas para pequenos sistemas elaboradas no Plan Auga. Estas fichas establecían unhas previsións e actuacións con horizonte 2023, o que permite extrapolar os resultados aos tempos actuais. Atópanse 6 sistemas, entre existentes e propostos, dos cales 4 son de xestión veciñal. Os dous máis importantes son os de xestión municipal, o que abastece ao núcleo de Silleda e de Bandeira. A continuación móstranse os datos máis significativos que se proporcionan en dita ficha con relación con este punto da memoria:

Número de abonados (contadores):	
Doméstico:	2168
Non doméstico:	379
Total:	2547
Consumo medio rexistrado en contadores (m3/d):	
Doméstico:	559
Non doméstico:	181
Total:	741

Concello: Silleda		Provincia: Pontevedra	
Poboación total:	10231 habitantes	Poboación total no ano 2023:	10231 habitantes
Poboación afectada polo Plan:	5075 habitantes	Poboación afectada polo Plan no 2023:	5075 habitantes
Dotación considerada:	240 l/hab.día N°de Sistemas:6	Poboación total conectada á rede:	3745 habitantes
Código de sistema: 3605201			
Poboación fixa conectada:	2098 habitantes	Poboación fixa Afectada polo Plan:	2370 habitantes
Poboación estacional conectada:	588 habitantes	Poboación estacional Afectada polo Plan:	606 habitantes
Poboación total conectada:	2686 habitantes	Poboación total afectada polo Plan:	2976 habitantes
Poboación conectada no 2023:	2686 habitantes	Poboación afectada polo Plan no 2023:	2976 habitantes

Concello: Silleda		Provincia: Pontevedra	
Poboación total:	10231 habitantes	Poboación total no ano 2023:	10231 habitantes
Poboación afectada polo Plan:	5075 habitantes	Poboación afectada polo Plan no 2023:	5075 habitantes
Dotación considerada:	240 l/hab.día N°de Sistemas:6	Poboación total conectada á rede:	3745 habitantes
Código de sistema: 3605202			
Poboación fixa conectada:	772 habitantes	Poboación fixa Afectada polo Plan:	1237 habitantes
Poboación estacional conectada:	112 habitantes	Poboación estacional Afectada polo Plan:	162 habitantes
Poboación total conectada:	884 habitantes	Poboación total afectada polo Plan:	1399 habitantes
Poboación conectada no 2023:	884 habitantes	Poboación afectada polo Plan no 2023:	1399 habitantes

Estes consumos en contador mostrados na ficha do Plan Auga, permiten coñecer o consumo da poboación actual, mediante a transformación dos datos desde a data de elaboración do plan ata o presente, pola relación directa existente entre o incremento de poboación e de consumo de auga.

Porén, estes datos sitúanse nun horizonte temporal bastante lonxano, no que os hábitos de consumo poden cambiar. Asemade, as ITOHG e os propios organismo responsables da xestión da auga na demarcación Galicia-Costa, é dicir, os distintos departamentos afectados de Augas de Galicia, recomentan determinar esta demanda actual mediante os métodos determinados nas anteditas instrucións técnicas.

Polo tanto, empréganse ditas normas para obter un valor que empregar na prgnosis da demanda.

A metodoloxía consiste en empregar os valores de poboación do nomenclátor do INE máis actualizados para obter uns valores de consumo do recurso hídrico. Este valores serán os dos núcleos que dispoñen de rede de abastecemento con conexión á rede xeral. Estes son os núcleos de Bandeira, Ferrosos e A Moa, e no caso de Silleda, considerase toda a parroquia, xa que o núcleo urbano estendese ata alcanzar algúns núcleos, e outros quedan moi cercanos, polo que esta decisións posiciona o cálculo do lado da seguridade.

- Coeficientes e dotacións de cálculo

Para a determinación da demanda en solo de tipo residencial pátense da dotación máxima de 210 l/habitante e día, rango permitido polo PHGC para unha actividade comercial baixa. Este valor é o escollido en base a que as concesións actuais foron concedidas considerando dito caudal, ademais do propio feito de que a actividade comercial é baixa en termos comparativos coa actividade que pode marcar o máximo.

Para ter en conta a variación dos consumos ao longo do ano respecto ao valor medio, emprégase un coeficiente estacional. O seu valor ven dado polas ITOHG:

3.1.- Coeficientes punta para variacións estacionais ou diarias en consumos urbanos

Considerarase, de forma xeral, unha punta estacional de consumos medios diarios urbanos (na época estival fundamentalmente) de 1,4 nos sistemas de abastecemento. Este valor afecta directamente á produción da ETAP, que no verao terá que fornecer un incremento de produción aos depósitos (que deberán dimensionarse con máis volume de almacenamento para esas épocas de maior consumo) e para as conducións.

Este coeficiente pode reducirse se na zona de abastecemento do proxecto se xustifica con datos locais ou de zonas similares, unha baixa ou nula estacionalidade dos hábitos de consumo.

O concello de Silleda é un dos casos claros de baixa incidencia turística (cousa frecuente neste tipo de concellos de interior), que se manifesta aínda máis no caso do núcleo de Bandeira. Debido a isto, empregar

un coeficiente de ponderación de valor 1,4 pode levar a xerar unha infraestrutura de abastecemento sobredimensionada que nunca entre en uso en termos de eficiencia. Isto provoca inversións non sostibles, polo que este equipo redactor decide empregar un valor adaptado á realidade.

A metodoloxía empregada é a seguinte:

- Considéranse as prazas dispoñibles con fins turísticos:
- o Empréganse os datos do IGE de prazas de "Aloxamentos turísticos".

Aloxamentos turísticos			
Espazo=Silleda			
2011		Prazas	
Hoteis		259	
Pensións		123	
Albergues turísticos	..		
Turismo rural		98	
Campamentos de turismo		0	
Apartamentos turísticos		0	
Vivendas turísticas	..		
Vivendas de uso turístico	-		

Axencia de Turismo de Galicia. Presidencia da Xunta de Galicia
 Datos referidos ao 1 de xaneiro de cada ano. Ata o ano 2011 a categoría "Pensións" engloba os Albergues Turísticos. O IGE non dispón de información para os anos de 2014 a 2016. Enténdense establecementos unifamiliares illados nos cales se preste servizo de aloxamento turístico, cun número de prazas non superior a dez e que dispoñen, por estrutura e servizos, das instalacións e do mobiliario utilizable inmediata, así como para a conservación, elaboración e consumo de alimentos dentro do establecemento. Son vivendas de uso turístico as cedidas a terceiras persoas, de forma reiterada e económica, para unha estada de curta duración, amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade e coas características previstas neste decreto. A cesión deste tipo de vivendas será de que se permita a cesión por estancias, de conformidade co disposto no artigo 5.e) da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.
 (..) Dato non dispoñible
 (-) Non procede

I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

- o Empréganse os datos do IGE do número de vivendas de segunda residencia (secundarias, segundo as definicións do IGE) a partir do censo de vivendas (2011), e multiplícanse polos habitantes por vivenda.

Vivendas por municipios segundo o tipo de vivenda						
Espazo=Silleda						
Tempo=2011						
Total	Vivendas familiares	Vivendas principais	Vivendas non principais	Vivendas secundarias	Vivendas baleiras	
	5201	5201	3365	1836	617	1219

Fonte: Explotación IGE a partir do ficheiro de microdatos do Censo de poboación e vivendas elaborado polo INE

I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

- Actualízanse as previsións dos anos considerados en función do crecemento turístico de Galicia que nos subministra o IGE, do número de viaxeiros en Galicia (NOTA: empréganse datos ata 2019, pois os datos de 2020 difiren fortemente da realidade por mor da pandemia de COVID 19).

Viaxeiros entrados e noites en establecementos hoteleiros e de turismo rural por procedencia			
Número			
	Hoteles Turismo rural		
	Viaxeiros	Viaxeiros	
Galicia			
Total			
2011	3354068	143235	
2012	3216346	139499	
2013	3374160	129180	
2014	3647571	156991	
2015	4086190	193328	
2016	4326400	213382	
2017	4495652	216520	
2018	4206679	219286	
2019	4453964	227377	

INE. Encuesta de ocupación hotelera. Encuesta de ocupación en aloxamentos de turismo rural

I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Con estes datos oficiais e a devandita metodoloxía, obtemos uns coeficientes estacionais máis axustados á realidade do Concello:

CONCELLO DE SILLEDA		Uds.
PAZAS ALOXAMENTOS TURÍSTICOS (2011)	480	pz
Segundas residencias (2011)	617	viv
Habitantes/vivenda	1,76	hab/viv
POBOACIÓN EN SEGUNDAS RESIDENCIAS	1086	hab
COEF. DE CRECIMENTO TURÍSTICO	1,34	s/u
POBOACIÓN ESTACIONAL ESTIMADA (2019)	2098	hab
POBOACIÓN CONCELLO SILLEDA (2019)	8994	hab
COEFICIENTE ESTACIONAL (Cp,est,urb)	1,233	s/u

Para ter en conta a variación dos consumos ao longo do día respecto ao valor medio, emprégase un coeficiente punta. O seu valor fíxase na táboa resumo de consumos a partir da seguinte expresión, tamén proporcionada polas ITOHG:

3.2.- Coeficientes punta para variacións horarias en consumos urbanos

Dado que se entende que os sistemas de abastecemento contan con regulación (depósitos), as puntas horarias son laminadas por estes. Os valores dos coeficientes punta horarios non afectan á produción en ETAP, senón que inflúen só no diámetro das conducións augas abaixo dos depósitos, que teñen que asumir o incremento de caudal. Proponse para este fin a expresión seguinte (utilizada polo Canal de Isabel II), que permite estimar a punta horaria a partir do caudal medio anual dunha zona de abastecemento.

Para poucos habitantes, o factor limitante do cálculo das conducións será o diámetro mínimo, polo que os altos coeficientes asociados a baixas poboacións carecen de significación real.

Considérase adecuado o uso da expresión utilizada polo Canal de Isabel II introducindo $QD_{m,urb}$ en L/s.

$$C_{P_{h,urb}} = 1,8 \cdot \left(1 + \left(\frac{1}{QD_{m,urb}} \right)^{0,5} \right)$$

En interpretacións destes datos das ITOHG, este plan plantexa o seguinte:

- Atendendo as variacións de consumo entre as épocas baixas e as altas, que implican que non todos os meses se precisa a mesma cantidade de auga, de tal maneira que o valor medio contempla os meses nos que se demanda máis auga cos meses nos que a demanda é inferior á media, o volume anual do que debe dispoñer o sistema determinase mediante os caudais medios.
- Atendendo a que os sistemas de captación non teñen capacidade de regulación intermensual (azudes e mananciais, pero non encoros) será o caudal estacional o que determine a máximo caudal instantáneo do que se debe dispoñer no sistema.
Estado normal	0,58454	1,04454	1,65454	1,45454	1,31454	1,02454	0,90454	0,63296	0,40296	0,26296	0,18296	0,18296
Estado de excepcionalidade	-0,00546	-0,09546	-0,10546	-0,08546	-0,00546	0,00454	0,18454	0,15296	0,21296	0,12296	0,06296	0,02296
RECOMENDACIÓNS SITUACIÓNS DE EXCEPCIÓN												
(5) PTOS DE REFORZO												
Q extraordinario	0,00546	0,09546	0,10546	0,08546	0,00546	-	-	-	-	-	-	-

A situación que se produce para o abastecemento do sistema de Bandeira é unha situación similarmente parecida á do de Silleda, de tal maneira que so se aprecian problemas de seca nos meses de paso de outono a inverno. Esta situación é provocada polo desfase destes meses entre o caudal mínimo e o ecolóxico, avaliado desde un mínimo histórico realmente estrano, xa que se aprecia nos datos proporcionados nos informes de Augas de Galicia que o valor considerado de caudal circulante é aínda inferior que o mínimo de verán, situación realmente pouco probable.

Caudais en réxime natural serie curta: 1980-81 / 2017-18 (m³/s)

	OUT	NOV	DEC	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XULL	AGO	SET
MEDIO	0,732	1,291	1,965	1,810	1,639	1,298	1,145	0,829	0,561	0,413	0,333	0,339
MÁXIMO	2,867	3,957	7,473	5,781	4,902	5,927	4,573	1,776	1,118	0,577	0,466	0,966
MÍNIMO	0,141	0,150	0,211	0,264	0,317	0,283	0,418	0,357	0,365	0,275	0,217	0,179

Atendendo igualmente aos datos establécense unha serie de medidas similares ao sistema anterior que permitan paliar unha situación de seca:

- Como **recomendación extraordinaria**, para días de seca nos meses de baixa dispoñibilidade, e nun escenario que provoque recorrencia nas mesmas, propóñense unha serie de actuacións. Un primeiro lugar, explotarase a totalidade da auga posible dos mananciais de Costela antes de empregar o bombeo. Neste sistema, a diferenza de Silleda, os mananciais aportan case o 50% do caudal demandado, co permiten afrontar, xunto con reservas de depósitos, unha seca diaria sen baixar por debaixo dos caudais mínimos.

En consonancia con esa medida, se se aprecia que a seca se nota especialmente de maneira diaria, a execución dun novo depósito de 900 m³ pode resultar outra medida de gran utilidade. Neste caso, o funcionamento conxunto dos depósitos existentes e o proposto como excepcional, proporcionan dous días de subministro normal, que combinado con medidas sobre o consumo, pode permitir superar secas de carácter diario e case semanal. Para isto, debe existir un control meteorolóxico de secas que poida advertir de dita situación para poder encher ou tratar a auga de dito depósito mentres existe recurso hídrico.

- Como **recomendación excepcional**, nun escenario climático que provoque recorrencia nas secas, recoméndase unha nova captación no Regueiro de Cervaño (coa correspondente concesión), que será unha Captación de Reforzo, que deberá entrar en servizo soamente nos casos excepcionais que se viron no apartado anterior, para os meses de outubro, novembro, decembro, xaneiro, nos casos das situacións máis pésimas posibles. Ou en período estival. É dicir, esta captación emprégase cando se produce un estado de seca que reduce os caudais do punto anterior ao mínimo. Esta situación deberá ser avaliada pola autoridade municipal e autonómica en conxunto no caso de considerarse alcanzado este punto excepcional, e dita captación e a súa utilización será estudada, podendo modificarse o punto e incluso a masa de auga se chegado o momento existe unha opción mellor.

Dita captación, debido á lamina de auga de dito regueiro, precisará dun azud que garanta a altura da lamina de auga para recoller a auga suficiente.

b) SANEAMENTO.

O saneamento actual adoece de importantes déficits, xa que unicamente contan con redes municipais os núcleos urbanos de SILLEDA e A BANDEIRA.

É preciso elaborar un proxecto de saneamento integral do concello que leve a cabo actuacións no actual sistema de depuración e poña en marcha un sistema de colectores e depuradoras que vertan aos ríos.

No cálculo dos caudais de augas negras, é frecuente considerar que toda a auga recibida do abastecemento vai chegar a rede de saneamento, xa que é un criterio que está da beira da seguridade. O dimensionamento das conducións de augas residuais realízase aplicando a fórmula de Manning en base as dotacións establecidas para o subministro de auga potable, establecendo un grado de cheo das tuberías tal que a altura da lámina libre sexa como máximo o 80% do diámetro interno do tubo, para evitar así que a condución entre en carga:

$$Q = \frac{A * Rh^{2/3} * S^{1/2}}{n}$$

Sendo:

Q: caudal (m³/s)

A: area lámina fluído (m²)

Rh: radio hidráulico (m)

n: coeficiente de Manning (0,009 para tubo de PVC)

No caso das augas de choiva, soe empregarse para determinar o caudal de deseño o Método Racional, aplicando a seguinte expresión:

$$Q = \frac{C * I * A}{360}$$

Sendo

Q: Caudal de auga de choiva (m³/s)

C: Coeficiente de escorrentía

I: Intensidade de choiva (mm/h)

A: Área da conca (Ha)

Do mesmo xeito que no caso do abastecemento de auga, o sistema de saneamento previsto polo PXOM ten en conta os caudais de augas residuais xerados polos solos urbanizables delimitados e urbanos (consolidados e non consolidados) dos núcleos de Silleda e Bandeira. Ademais, no caso da rede de Bandeira darase servizo tamén nas parroquias de Chapa, Manduas e Lamela.

En consecuencia as actuacións previstas polo Plan consisten en:

- o Ampliación da EDAR de Ponte ata 15.659 hab (45,31 l/s)
- o Ampliación da EDAR de Bandeira ata 4.917 hab (14,23 l/s)
- o Ampliación do bombeo de Chapa ata 35,57 l/s
- o Substitución da Impulsión de Chapa por unha tubería de FD 250 mm

No que respecta a capacidade dos colectores existentes considérase suficiente para asumir os novos caudais.

c) ELECTRICIDADE

O servizo de enerxía eléctrica subministra actualmente a todo o municipio. O PXOM mantén a actual infraestrutura de enerxía eléctrica.

Á hora de valorar unha nova demanda de subministro eléctrico indícarase cales son os usos da zona de novo crecemento, así como as necesidades de enerxía eléctrica que terán as distintas edificacións que se integren na mesma. Todo elo será a base para xustificar posteriormente o cálculo e dimensionado da rede, así como os tipos de tendido (aéreos ou soterrados), previsión de centros de transformación, etc.

A rede eléctrica gráfase no plano correspondente do documento nº IV.10.

d) TELEFONÍA

En función da previsión da demanda total calcúlase o número de puntos de interconexión, tendo en conta a capacidade dos armarios de telefonía.

Para realizar a previsión da demanda se recoméndanse os seguintes valores:

- Vivendas de utilización permanente:
 - Categoría media: 1.2 a 1.5 liñas/vivenda.
 - Categoría de luxo: 1.5 a 2 liñas/vivenda.
- Vivendas de utilización temporal:
 - Categoría media: 1 a 1.2 vivendas/vivenda.
 - Categoría de luxo: 1.2 a 1.5 vivendas/vivendas.
- Locais comerciais: 1 a 2 liñas por local.
- Hoteis e hospitais: 1 liña/habitación.
- Oficinas: 1 liña cada dúas mesas proxectadas (tamén 1 liña cada 6 m²)
- Polígonos Industriais: mínimo 2 liñas/parcela.
-

e) ALUMENADO PÚBLICO

A demanda de alumenedo público irase producindo na medida que se executen novos viais, zonas verdes e de recreo, camiños peonís, etc.

O punto de partida para determinar a demanda é coñecer claramente que é o que se pretende iluminar, cal vai a ser a súa función, así como o emprazamento e contorno no cal se vai a insertar a actuación.

Para determinar a calidade do alumenedo requirido así como as posibilidades de disposición e montaxe das unidades será necesario analizar a natureza da calzada e os arredores, tamén haberá que ter en conta o tratamento da superficie do firme, que nos determinará as propiedades de reflexión e a luminosidade durante a noite.

f) REDE DE GAS

O PXOM mantén as infraestruturas xerais de gas que se atopan no municipio de SILLEDA.

4.1.3 Obxectivos e criterios ambientais

Os criterios ambientais desenvolven os obxectivos de sustentabilidade definindo o tipo de medidas que deben aplicarse para o seu cumprimento, cuxo seguimento se realizará a través de indicadores específicos para cada obxectivo.

a) PAISAXE

- a-1) Preservar, protexer e poñer en valor a calidade da paisaxe.
- a-2) Favorecer a integración paisaxística das actuacións.

b) PATRIMONIO NATURAL

- b-1) Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais.
- b-2) Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais.
- b-3) Favorecer a conectividade ecolóxica.

c) PATRIMONIO CULTURAL

- c-1) Protexer, conservar e poñer en valor os elementos patrimoniais.
- c-2) Integrar as actuacións cos elementos patrimoniais.

d) OCUPACIÓN DO TERRITORIO

- d-1) Minimizar o consumo do solo e racionalizar o seu uso.
- d-2) Promover unha clasificación do solo en función da súa propia capacidade produtiva e potencialidade.
- d-3) Evitar ou reducir os riscos naturais e tecnolóxicos.

e) SOCIEDADE

- e-1) Favorecer o equilibrio entre a poboación e os equipamentos e servizos.
- e-2) Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade do medio urbano e rural con respecto as áreas residenciais existentes.
- e-3) Favorecer a cohesión social e garantir a non exclusión.
- e-4) Garantir a participación cidadá e a colaboración entre administracións.

f) ECONOMÍA

- f-1) Favorecer o desenvolvemento económico.
- f-2) Optimizar a eficiencia das actividades económicas.

g) MOBILIDADE

- g-1) Reducir as necesidades de mobilidade.
- g-2) Facilitar unha conectividade eficiente.

h) ENERXÍA

- h-1) Promover o aforro no consumo enerxético.
- h-2) Fomentar o uso de recursos enerxéticos renovables.

i) ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO

- i-1) Contribuír á redución das emisións contaminantes.
- i-2) Reducir os efectos negativos da contaminación atmosférica sobre a poboación.
- i-3) Favorecer a redución das emisións dos GEI.

j) CICLO HÍDRICO

- j-1) Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos.
- j-2) Garantir o tratamento axeitado das augas residuais.
- j-3) Garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento en función das demandas estimadas.
- j-4) Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos.

k) CICLO DE MATERIAIS

- k-1) Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos.

4.1.4 Clasificación de solo

4.1.4.1 Consideracións xerais

Mediante a clasificación do solo, o PXOM establece a diferenza entre o solo urbanizado e/ou consolidado pola edificación, o solo susceptible de urbanización e posterior edificación e o solo que debe permanecer á marxe do proceso urbanizador e edificatorio.

A delimitación das distintas clases de solo, realizouse atendendo aos criterios establecidos nos Arts. 10º ao 15º LOUG. De acordo con ditos criterios o eido territorial do termo municipal de SILLEDA, dividiuse nas seguintes clases de solo:

- o - SOLO URBANO
- o - SOLO DE NÚCLEO RURAL
- o - SOLO URBANIZABLE
- o - SOLO RÚSTICO

4.1.4.2 Solo urbano

Para establecer a delimitación do solo urbano, partiuse da delimitación establecida nas Normas Subsidiarias de Planeamento vixentes e, ademais, tivéronse en conta os procesos de urbanización e edificación experimentados durante a súa vixencia, así como os criterios e determinacións contidas no Art. 11º LOUG.

a) MARCO LEGAL

De conformidade co establecido no Art. 11º LOUG, o presente PXOM clasifica como solo urbano, os terreos do termo municipal de SILLEDA que están integrados na malla urbana existente, sempre que reúna algún dos seguintes requisitos:

a-1) Que contén con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministro de enerxía eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas con características adecuadas para servir á edificación existente e a permitida polo presente PXOM.

De conformidade co disposto no Art. 11º.1.a) LOUG, os servizos construídos para a conexión dun sector de solo urbanizable, as vías perimetrais dos núcleos urbanos, as vías de comunicación entre núcleos, as estradas e as vías de concentración parcelaria non se consideraron de soporte para a clasificación como urbanos dos terreos adxacentes, excepto cando están integrados na malla urbana.

a-2) Que, aínda carecendo dalgúns dos servizos citados no apartado a-1) anterior, estean comprendidos en áreas ocupadas pola edificación, ao menos nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela, segundo a ordenación establecida neste PXOM.

De acordo co establecido no Art. 11º.2 LOUG, consideráronse incluídos na malla urbana os terreos dos núcleos de poboación, que dispoñan dunha urbanización básica constituída por unhas vías perimetrais e unhas redes

de servizos das que poidan servirse os terreos e que estes, pola súa situación, non estean desligados do entramado urbanístico xa existente.

b) DELIMITACION DE SOLO URBANO

De acordo coas características morfolóxicas, tipolóxicas e funcionais dos tecidos que conforman o solo urbano consolidado e coas previsións da ordenación en solo urbano non consolidado, o PXOM divide os eidos de solo urbano en zonas homoxéneas coa finalidade de delimitar os eidos de aplicación das correspondentes ordenanzas.

A ordenación adoptada nas áreas urbanas obedece aos seguintes criterios:

Diferenciación do solo urbano, nas súas categorías de consolidado e non consolidado, en función do grao de desenvolvemento urbanístico de ditos terreos.

Respecto dos límites de sustentabilidade establecidos no Art. 46º da LOUG e dos criterios establecidos no Art. 47º LOUPMR para garantir a calidade de vida e cohesión social da poboación, así como das normas de calidade urbana previstas no Art. 48º LOUG. Polo tanto, de acordo coas esixencias legais e coa categorización de solo urbano, os criterios de ordenación establecidos en solo urbano consolidado e non consolidado son os establecidos nos apartados seguintes.

c) CATEGORÍAS DE SOLO URBANO

N o interior dos eidos de solo urbano o PXOM diferencia, de acordo co establecido no Art. 12º LOUG, dúas categorías de solo:

c-1) SOLO URBANO CONSOLIDADO

A delimitación de solo urbano consolidado comprende os soares, así como as parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo presente PXOM, poidan adquirir a condición de soar mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación ou construción.

c-2) SOLO URBANO NON CONSOLIDADO

A delimitación de solo urbano non consolidado establecida no PXOM, está integrada pola restante superficie de solo urbano e, en todo caso, polos terreos nos que o PXOM prevé:

- Procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de beneficios e cargas.
- Unha ordenación substancialmente diferente da realmente existente, así como polas áreas de recente urbanización xurdidas á marxe do planeamento.

A delimitación do solo urbano apóiase, salvo en parcelas de excesiva profundidade, na división parcelaria.

De acordo cos criterios expostos anteriormente, o PXOM clasifica solo urbano nos núcleos de SILLEDA e A BANDEIRA, e o solo urbano industrial do polígono de Silleda.

A delimitación deste solo tamén obedece tamén aos criterios da Det 3.1.2 DOT que establece que unicamente poderán ter a consideración de ámbitos aptos para o desenvolvemento urbano aqueles solos

que reúnan os requisitos de necesidade e idoneidade e que, de acordo coa lexislación urbanística, sexan clasificados como solo urbano ou urbanizable.

4.1.4.3 Solo de núcleo rural

O presente PXOM clasifica como solo de núcleo rural, os terreos que serven de soporte aos asentamentos de poboación singularizados en función das características establecidas no Art. 13º.1 LOUG e delimitados conforme aos criterios establecidos en dito artigo.

No interior dos perímetros delimitadores dos núcleos rurais complexos, o PXOM diferencia, no seu caso, dúas zonas: unha orixinaria á que se denomina "zona histórico- tradicional" e outra zona que procede do desenvolvemento do asentamento primitivo que se denomina "zona común".

a) ZONA HISTORICO-TRADICIONAL

Está constituída pola agrupación das edificacións tradicionais existentes no núcleo (edificacións cunha antigüidade de aproximada de 50 anos ou máis), as cales apóianse normalmente sobre un viario de trazado irregular e de escasa sección.

b) ZONA COMÚN

Esta zona, colindante coa anterior, está constituída normalmente por edificacións máis recentes apoiadas nas estradas e camiños que conflúen no núcleo orixinario. Nos núcleos con escaso crecemento a zona común practicamente non existe.

Para a clasificación do solo dos núcleos rurais tivéronse en conta os criterios establecidos na Det 3.1.6 DOT, que se complementan cos criterios establecidos no Art. 13 LOUG.

A Det 3.1.6 DOT establece que: Terán a consideración de solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan municipal defina e delimite. Para a súa delimitación teranse en conta unha serie de criterios: a súa clasificación en plans anteriores, o número de vivendas, o grao de consolidación, a vinculación e presenza de actividades propias do medio rural e aqueles outros definidos na lexislación urbanística".

O Art. 13 LOUG establece os mesmos criterios que as DOT e complementáoaos, de acordo co seguinte contido: O solo de núcleo rural está constituído polos terreos que serven de soporte a un asentamento de poboación, singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o presente PXOM define e delimita como tales tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, no seu caso, a tipoloxía histórico tradicional do seu armazón e das edificacións existentes no mesmo.

De acordo co "Análise sobre o Modelo de Asentamento da Poboación" e cos criterios establecidos nas determinacións 3.1.7, 3.1.9 e 3.1.11 das DOT e no Art. 13.2 LOUG, os núcleos rurais existentes en SILLEDA delimitáronse de acordo cos seguintes criterios:

- o As súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas, en concreto a súa estrutura morfolóxica, a funcionalidade e a variación tipolóxica existente no sistema de asentamentos rurais.

- o Coa súa capacidade de acollida da demanda prevista do uso residencial no medio rural, a partir dos estudos sobre necesidades de crecemento e dinámicas recentes de transformación contidas no "Análise do Modelo de Asentamento da Poboación"
- o Na delimitación dos asentamentos rurais de tipo polinuclear, tívose en conta a existencia de lazos de cohesión que garantan a súa integración como tales.

A delimitación do perímetro dos núcleos rurais, realizouse atendendo ás condicións topográficas e estrutura da propiedade e, do seu nivel de integración, nas dotacións e servizos existentes no mesmo, axustándose ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes.

A delimitación dos núcleos rurais que o PXOM establece, está referido a algún ou algúns dos tipos básicos contidos no apartado seguinte.

Ademais, de acordo co establecido na Det 3.1.10 DOT, co fin de evitar crecementsos lineais, deséñanse a escala 1:2000 os viarios internos dos núcleos rurais nos que será posible consolidar as novas edificacións.

Tamén se tivo en conta na ordenación dos núcleos rurais, os criterios da Det 3.1.8 DOT que especifica que deberán terse en conta na regulación dos núcleos rurais: o tamaño medio de parcela edificable, criterios de compactación, tipoloxía construtiva, funcionalidade e dinámica dos núcleos ou a disposición das edificacións e as actividades económicas, en particular as agrarias, coa finalidade de garantir a compatibilidade entre a calidade do hábitat e a viabilidade demográfica dos asentamentos rurais.

4.1.4.4 Solo urbanizable

O presente PXOM clasifica como solo urbanizable, de conformidade co disposto no Art. 14º.1 LOUG, os terreos que non teñen a condición de urbano, de núcleo rural, nin rústico e poidan ser obxecto de transformación urbanística nos termos establecidos no presente PXOM.

As reservas de solo urbanizable residencial localizáronse lindeiros co solo urbano do núcleo urbano, coa finalidade de permitir o desenvolvemento harmónico do núcleos urbanos e optimizar os custos de infraestruturas, servizos e dotacións públicas, o que implica tamén o respecto do contido da Det 3.1.5.a) DOT que, prohíbe establecer crecementsos residenciais desvinculados dos asentamentos preexistentes.

Dentro do solo urbanizable, de acordo co establecido no Art. 14º.2, o PXOM establece:

a) SOLO URBANIZABLE DELIMITADO OU INMEDIATO

Inclúense nesta categoría de solo os terreos comprendidos nos sectores delimitados por este PXOM para os que se establece un desenvolvemento preferente, fixando para os mesmos os prazos de execución, e as condicións para a súa transformación e desenvolvemento.

Os sectores de solo urbanizable delimitado son os seguintes:

a-1) Residencial

- SUD-R1= 65.672,10 m2

- SUD-R2= 43.471,86 m2

a-2) Industrial

- SUD-I1= 334.243,52 m2

- SUD-I2= 43.526,67 m2

- SUD-I3= 9.057,93 m2

a-3) Terciario

- SUD-T= 14.552,83 m2

4.1.4.5 Solo rústico

a) CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN

Para a clasificación do solo rústico adoptáronse os criterios establecidos nas directrices de ordenación do territorio (DOT) e na LOUG.

A Det 3.3.14 DOT define como solo rústico: "aqueles terreos que atendendo aos seus elementos singulares de carácter produtivo agrogandeiro-forestal, ecolóxico, paisaxístico, ou como consecuencia da necesidade de previr riscos, preservar o dominio público ou manter espazos aberto, terán como destino preferente os usos que lle son propios, e así, quedar á marxe do proceso urbanizador, co que se poderán incorporar á xestión urbanística do solo preservando os seus valores e manténdoo libre de edificación. Estes criterios complementáanse cos establecidos no Art. 15 da LOUG, que define como solo rústico, os terreos do termo municipal de SILLEDA que o PXOM preserve do proceso de desenvolvemento urbanístico e, en todo caso, polos seguintes:

- o □ Os terreos sometidos a un réxime especial de protección incompatible coa súa urbanización, de conformidade coa lexislación de ordenación do territorio ou coa normativa reguladora do dominio público, o medio ambiente, ou o patrimonio cultural, as infraestruturas e doutros sectores que xustifiquen a necesidade de protección.
- o □ Os terreos que, sen estar incluídos entre os anteriores, presentan relevantes valores naturais, ambientais, paisaxísticos, produtivos, históricos, arqueolóxicos, culturais, científicos, educativos, recreativos ou outros que os fagan merecedores de protección, ou con aproveitamento que deban someterse a limitacións específicas.
- o □ Os terreos que sufrindo a degradación dos valores enunciados no apartado anterior, son protexidos a fin de facilitar eventuais actuacións de recuperación dos seus valores.
- o □ Os terreos ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación, ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que simplemente perturben o medio ambiente ou a seguridade e saúde.
- o □ Os terreos que o PXOM ou os instrumentos de ordenación do territorio consideren inadecuados para o desenvolvemento urbanístico, en consideración aos principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.

Por outra, en aplicación da Det 3.3.15 DOT, o PXOM, ademais de definir as diferentes tipoloxías de solo rústico de todo o termo municipal atendendo aos criterios establecidos na LOUG, tivo en conta, tamén, as delimitacións e determinacións emitidas polas administracións sectoriais con competencia nos usos inherentes

á natureza deste solo rústico, establecéndose un réxime de usos en que se salvagarde a funcionalidade de cada unha das clasificacións e o seu uso sustentable.

o □ CATEGORÍAS DO SOLO RÚSTICO

O solo rústico delimitado no presente PXOM, de conformidade co disposto no Art. 32º LOUG, dividiuse nas seguintes categorías:

a-1) SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA

Está constituído polos terreos que o presente PXOM considera inadecuados para o seu desenvolvemento urbanístico, por razón das súas características xeotécnicas ou morfolóxicas, polo alto impacto territorial que conlevaría a súa urbanización, polos riscos naturais ou tecnolóxicos ou en consideración aos principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sostible.

a-2) SOLO RÚSTICO ESPECIALMENTE PROTEXIDO

Está constituído polos terreos que polos seus valores agrícolas, gandeiros, forestais, ambientais, científicos, naturais, paisaxísticos, culturais, suxeitos a limitacións ou servidumes para a protección do dominio público, ou de outra índole deban estar sometidos a algún réxime especial de protección incompatible coa súa transformación.

De acordo con estas determinacións e compatibilizando a existencia da LOUG e das DOT, dentro do solo rústico de especial protección, o PXOM diferencia no municipio de SILLEDA as seguintes zonas:

- Solo rústico de protección agropecuaria.
- Solo rústico de protección forestal.
- Solo rústico de protección de infraestruturas.
- Solo rústico de protección de interese paisaxístico.
- Solo rústico de protección das augas.
- Solo rústico de protección para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico.
- Solo rústico de protección de espazos naturais.

4.1.4.6 Distribución de superficies segundo a clasificación de solo establecida

O cadro nº 4.1.3.6.1, contén a distribución de superficies segundo a clasificación e categorización do solo establecidas no PXOM. De acordo cos datos do referido cadro despréndese que:

- O solo rústico, cuxa superficie representa o 94,49 % da superficie municipal, ocupa a maior extensión do territorio municipal.

Dentro do solo rústico destaca, o solo rústico especialmente protexido (99,50%), en relación ao solo rústico de protección ordinaria (0,50%).

- Ao solo rústico séguelle en canto a extensión o solo de núcleo rural, cuxa superficie representa o 4,22 % da superficie municipal.

Ao solo de núcleo rural séguelle o solo urbano cunha superficie de 0,98 %. A porcentaxe de solo urbano consolidado sobre o resto de solo urbano é dun 96,67%, sendo 3,33% restante o non consolidado.

CUADRO Nº 4.1.3.6.1 CLASIFICACIÓN E CATEGORIZACIÓN DO SOLO

CLASE E CATEGORÍA DE SOLO		SUPERFICIE (Ha)	PORCENTAXE (Sobre cada clase de solo)	PORCENTAXE (Sobre a superficie total municipal)
URBANO	CONSOLIDADO	159,84	96,67%	0,95%
	Residencial	134,19	83,95%	0,80%
	API Polígono Industrial Área 33	25,65	16,05%	0,15%
	NON CONSOLIDADO			
	Residencial	5,50	3,33%	0,03%
TOTAL SOLO URBANO		165,34	100,00%	0,98%
DE NÚCLEO RURAL		709,47	100,00%	4,22%
TOTAL SOLO DE NÚCLEO RURAL		709,47	100,00%	4,22%
URBANIZABLE DELIMITADO	Residencial	10,91	21,38%	0,06%
	Industrial	38,68	75,77%	0,23%
	Terciario	1,46	2,85%	0,01%
TOTAL SOLO URBANIZABLE DELIMITADO		51,05	100,00%	0,30%
RÚSTICO	De protección Ordinaria	79,21	0,50%	0,47%
	Especialmente protexido	15.808,67	99,50%	94,02%
TOTAL SOLO RÚSTICO		15.887,88	100,00%	94,49%
TOTAL SUPERFICIE DO MUNICIPIO		16.813,74	100,00	100,00

4.1.5 Ordenación e determinacións establecidas en cada unha das distintas clases de solo

4.1.5.1 Solo urbano

a) SOLO URBANO RESIDENCIAL, HOTELEIRO OU TERCIARIO

No municipio de SILLEDA, o presente PXOM clasifica solo urbano no núcleo capital de SILLEDA, así como no núcleo de A BANDEIRA.

a-1) CRITERIOS XERAIS DE ORDENACIÓN

De acordo coas características morfolóxicas, tipolóxicas e funcionais dos tecidos que conforman o solo urbano consolidado e coas previsións da ordenación en solo urbano non consolidado, o Plan Xeral divide os eidos de solo urbano en zonas homoxéneas coa finalidade de delimitar os eidos de aplicación das correspondentes ordenanzas.

A ordenación adoptada nas áreas urbanas obedece aos seguintes criterios:

- Diferenciación do solo urbano, nas súas categorías de consolidado e non consolidado, en función do grao de desenvolvemento urbanístico de ditos terreos.
- Respecto dos límites de sustentabilidade establecidos no Art. 46º da LMOUG, para garantir a calidade de vida e cohesión social da poboación, así como das normas de calidade urbana previstas no Art. 48º LMOUG. Polo tanto, de acordo coas esixencias legais e coa categorización de solo urbano, os criterios de ordenación establecidos en solo urbano consolidado e non consolidado son os establecidos nos apartados seguintes.
- Foméntase, en concordancia co establecido na Det. 3.1.5.e) DOT, a incorporación de usos deficitarios (distintos do residencial) e a mestura de usos complementarios, evitando ordenacións monofuncionais e segregacións sociais.

a-2) CRITERIOS DE ORDENACIÓN EN SOLO URBANO CONSOLIDADO

Nos eidos do solo urbano consolidado dos núcleos de SILLEDA e A BANDEIRA, o PXOM de conformidade co establecido no Art. 46º 1 LOUG, fomenta a conservación e recuperación:

- Do patrimonio construído.
- Dos espazos urbanos relevantes.
- Dos elementos e tipos arquitectónicos singulares.
- Das formas tradicionais de ocupación do solo e dos trazos diferenciadores ou distintivos que conforman a identidade local.

Por iso a ordenación establecida nestes eidos mantén as tramas urbanas existentes, e fomenta que as construcións de nova planta, así como a reforma, rehabilitación ou ampliación das existentes, sexan coherentes coa tipoloxía arquitectónica característica do contorno, en particular en cuanto á altura, volume e fondo edificable.

a-3) CRITERIOS DE ORDENACIÓN EN SOLO URBANO NON CONSOLIDADO

Nos eidos de solo urbano non consolidado dos núcleos de SILLEDA e A BANDEIRA, o PXOM complementa a ordenación, adoptando tipoloxías acordes coas existentes no seu contorno consolidado, adoptando os seguintes criterios.

- As alturas das edificacións establécense en proporción ao ancho das rúas e dos espazos libres, para garantir, de conformidade co establecido no Art. 48º.5 LMOUG, as mellores condicións posibles de soleamento e ventilación natural das vivendas.
- Os viais principais de nova apertura contan cunha anchura non inferior a 16 metros.
- A anchura das vías secundarias oscila entre os 8 metros e os 24 metros.
- A superficie edificable máxima establecida, de conformidade co establecido no Art.46º.2 LOUG, para uso residencial, hoteleiro ou terciario limitase a 0,85 m²/m², xa que SILLEDA conta cunha poboación municipal (9.058 habitantes) superior a 5.000 habitantes e inferior a 20.000 habitantes.

- Nesta categoría de solo establécense as reservas de solo necesarias para a implantación das dotacións urbanísticas establecidas no Art. 47º.2 LMLOUG, concordantes coas establecidas no apartado 4.1.2 desta memoria xustificativa.
- A previsión da reserva de solo para a vivenda suxeita a algún réxime de protección pública de conformidade coa lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia.
- As dotacións urbanísticas establecidas situaranse nos lugares máis adecuados para satisfacer as necesidades da poboación, asegurando a súa accesibilidade, funcionalidade e integración na estrutura urbanística, evitando a situación en zonas marxinais ou residuais. (Art.47º 3 LMLOUG).

α-4) CRITERIOS DE ORDENACIÓN COMÚNS AO SOLO URBANO CONSOLIDADO E NON CONSOLIDADO

De conformidade co establecido no Art. 48.1 LOUG, o PXOM garante a través das súas determinacións as condicións de habitabilidade, salubridade e funcionalidade das vivendas. Neste sentido será de aplicación Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia ou conxunto de condicións de funcionalidade e habitabilidade que deben reunir as edificacións con uso de vivenda, así como as condicións establecidas neste PXOM e demais disposicións e regulamentación vixentes.

A ordenación establecida en solo urbano procurou establecer unha razoable e equilibrada articulación de usos, actividades e tipoloxías edificatorias compatibles, sen romper co modelo tradicional, diferenciando o solo urbano en zonas homoxéneas en canto a usos e tipoloxías edificatorias nas que serán de aplicación as distintas ordenanzas establecidas no PXOM.

O PXOM tamén establece as previsións necesarias para evitar barreiras arquitectónicas e urbanísticas, de maneira que ás persoas con mobilidade reducida se lles facilite ao máximo o acceso directo aos espazos públicos e edificacións públicas e privadas, con arranxo á normativa vixente sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

4.1.5.2 Solo de núcleo rural

No interior dos perímetros delimitadores dos núcleos rurais, o PXOM diferencia, no seu caso, dúas zonas: unha orixinaria á que se denomina "zona histórico-tradicional" e outra zona que procede do desenvolvemento do asentamento primitivo que se denomina "zona común".

A ordenación establecida nos núcleos rurais obedece aos seguintes criterios:

a) FOMÉNTASE A RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DAS TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS TRADICIONAIS

α-1) A ordenación establecida permite:

- Todas aquelas obras de conservación e restauración das edificacións existentes, sempre e cando non supoñan variación das características esenciais do edificio, nin alteración do lugar, do volume e da tipoloxía tradicional.
- As obras de rehabilitación e ampliación que non alteren a tipoloxía tradicional das edificacións.
- A construción de novas edificacións.

- As obras de conservación, restauración, rehabilitación e reconstrución das edificacións tradicionais ou de especial valor arquitectónico existentes no núcleo rural, sempre que non supoña variación das características esenciais do edificio, nin alteración do lugar, do seu volume nin da tipoloxía orixinaria.

α-2) A ordenación establecida prohíbe, con carácter xeral, o derribo ou demolición das construcións existentes (Art. 26º LOUG).

b) COMPLÉTASE A ORDENACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS MEDIANTE A CONSOLIDACIÓN DA TRAMA RURAL EXISTENTE

A ordenación permite a construción de novas edificacións que deberán harmonizar coas existentes no núcleo.

c) RESPÉTANSE OS USOS TRADICIONAIS

A estes efectos a ordenación establecida permite, ademais do uso de vivenda, aqueles outros usos comerciais, produtivos e turísticos ligados á vida rural, sempre que non se altere a estrutura morfolóxica do asentamento e o novo uso contribúa a revitalizar a vida rural do asentamento e a mellora do nivel de vida dos seus moradores e que, en todo caso, resulten compatibles co uso residencial.

d) RESPÉCTANSE OS ESPAZOS DESTINADOS A DOTACIÓNS PÚBLICAS

O PXOM respecta tódolos espazos, instalacións e edificacións destinados a dotacións públicas existentes nos núcleos rurais e permite a implantación de novas dotacións públicas que cumprirán as condicións establecidas neste PXOM.

e) DENSIDADE MÁXIMA DE VIVENDAS

Nos núcleos rurais as densidades actuais oscilan entre as 3 Viv/ha e as 10 Viv/ha. O PXOM fomenta a consolidación dos núcleos rurais admitindo, en función dos niveis de consolidación actuais, densidades máximas comprendidas entre as 6 viv/ha e as 20 viv/ha.

En aplicación do disposto no Art. 72º.h) LOUG, nos eidos das actuacións de carácter integral previstas no solo dos núcleos rurais, o PXOM limita a densidade máxima a 25 viv/ha e ademais as tipoloxías edificatorias deberán harmonizar cas existentes no núcleo.

4.1.5.3 Solo urbanizable

O PXOM establece nos apartados seguintes os criterios de delimitación e de aproveitamento para o solo urbanizable delimitado ou inmediato:

a) SOLO URBANIZABLE DELIMITADO OU INMEDIATO

α-1) DIVISIÓN EN SECTORES.

O PXOM divide o solo urbanizable delimitado en sectores, utilizando preferentemente como límites os sistemas xerais e os elementos naturais determinantes, para garantir unha adecuada inserción do sector dentro da estrutura urbanística establecida no PXOM.

α-2) SUPERFICIE MÍNIMA DE ACTUACIÓN.

A efectos de garantir as dimensións mínimas das reservas para dotacións públicas establecidas legalmente, a superficie mínima dos sectores de solo urbanizable se limita, de conformidade co establecido no Art. 49.2 da LOUG, a 20.000 m². Non obstante nos solos urbanizables inmediatos ao solo urbano do núcleo de SILLEDA, o PXOM, de acordo co establecido no Art. 49.2 LOUG, delimita nalgúns casos sectores de superficie inferior a 20.000 m², garantindo en base á dimensión adoptada e ao aproveitamento asignado, a viabilidade técnica e económica do cumprimento dos estándares urbanísticos.

α-3) ORDENACIÓN.

A ordenación pormenorizada do solo urbanizable delimitado desenvolverase mediante os plans parciais, establecidos neste PXOM.

α-4) APROVEITAMENTO.

- Nos sectores de solo urbanizable delimitado, o PXOM asigna, de acordo co establecido no Art. 57º.1 e) LOUG, os usos globais, as tipoloxías edificatorias e os niveis de intensidade de edificación.
- Para os sectores de solo urbanizable delimitado de uso residencial, hoteleiro ou terciario, contiguos ao solo urbano do núcleo de SILLEDA, de conformidade coas disposicións contidas no Art. 46.3 LOUG, establécese unha superficie edificable máxima total de 0,60 m²/m², xa que a poboación do municipio de SILLEDA (9.058 Hab) é superior a 5.000 habitantes e inferior a 20.000 habitantes.
- No resto do solo urbanizable delimitado de uso residencial, hoteleiro, ou terciario, de conformidade coas disposicións contidas no Art. 46º.4 LOUG, establécese unha densidade e unha superficie edificable máxima total en cada sector de 15 viv/ha e 0,30 m² /m².

No resto do solo urbanizable delimitado, de uso residencial, hoteleiro, ou terciario, de conformidade coas disposicións contidas no Art. 46º.4 LMLOUG, límitase a edificabilidade máxima a 0,30 m²/m².

- En solo urbanizable delimitado de uso industrial, non se permite unha ocupación do terreo polas construcións superior ás dúas terceiras partes da superficie do eido (Art. 46.5 LMLOUG).

α-5) RESERVAS DE SOLO PARA DOTACIÓNS PÚBLICAS.

Os plans parciais establecidos neste PXOM establecerán as reservas de solo para espazos libres públicos, para equipamentos públicos e para aparcadoiro de vehículos, previstas no Art. 47º.2 LOUG.

Estas reservas de solo deberán localizarse, de conformidade co establecido no Art. 47º.3 LOUG, nos lugares máis adecuados para satisfacer as necesidades da poboación, co fin de asegurar a súa accesibilidade, funcionalidade e integración na estrutura urbanística, evitando en todo caso a súa localización en zonas marxinais ou residuais.

α-6) INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓNS E SERVIZOS.

Para os sectores de solo urbanizable delimitado, o PXOM establece:

- O trazado das redes fundamentais de abastecemento de auga, saneamento e enerxía eléctrica. (Art. 57º.1.c) LOUG).

- A determinación das conexións cos sistemas xerais existentes e exteriores ao sector e, no seu caso, a previsión das obras necesarias para a ampliación e reforzo de ditos sistemas en función das necesidades xeradas pola actuación e de forma que se asegure o seu correcto funcionamento.
- A anchura dos viais principais, que non poderá ser inferior a 16 metros. (Art. 48º.2 LOUG).

4.1.5.4 Solo rústico

O solo rústico do municipio de SILLEDA, foi obxecto da súa pormenorización, téndose distinguido, por unha parte, os eidos de interese existentes no municipio por contar con valores merecedores da súa protección e pola outra os eidos suxeitos a limitacións ou servidumes para a protección do dominio público. Todos estes eidos foron incluídos na categoría de "Solo Rústico de Especial Protección". Tamén se diferenciaron dos anteriores, aqueles outros espazos que, aínda que carecen de valores merecedores de protección, son considerados inadecuados para o seu desenvolvemento urbanístico. Este solo último só se inclúe dentro da categoría de "Solo Rústico de Protección Ordinaria".

a) SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN

A delimitación do solo rústico de especial protección, e dentro del a diferenciación en zonas de protección específica, ten como finalidade a preservación dos valores existentes nestes espazos, defendéndolos da súa transformación urbanística e da súa invasión por aqueles usos e actividades que puideran degradar os seus valores, así como o recoñecemento do seu interese agrícola, gandeiro, forestal, ambiental, científico, natural, paisaxístico, cultural, ou pola súa suxeición a limitacións ou servidumes para a protección do dominio público (Art. 32º.2 LOUG).

Os criterios establecidos para a delimitación das zonas que integran o "solo rústico de especial protección", proceden das determinacións contidas no Art. 32º LOUG. Ditos criterios son os seguintes:

α-1) SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA

- O PXOM inclúe na categoría de solo rústico de protección agropecuaria, de conformidade co disposto no Art. 32.2.a) LOUG, as áreas do municipio de SILLEDA que son obxecto de protección pola súa alta produtividade agrícola ou gandeira, posta de manifesto pola existencia das explotacións que a avalan ou polas propias características ou potencialidade dos terreos ou das zonas onde se enclavan, así como polos que son obxecto de concentración parcelaria a partir da entrada en vigor da LOUG ou o foran nos dez anos anteriores a dita data, salvo que deban ser merecedores doutra protección. Tamén se inclúen nesta categoría de solo, as áreas de cultivo libres de edificación de superficie maior de 10 has.
- Os criterios establecidos para a protección dos terreos integrados nesta categoría de solo baséase na preservación dos terreos de alta produtividade agrícola e gandeira, prohibíndose todas aquelas accións que poidan danar e/ou minguar a súa capacidade produtiva, así como garantir a utilización racional dos recursos naturais e o desenvolvemento urbanístico sostible (Art.37º LMLOUG).
- Nesta categoría de solo, de conformidade co establecido no Art. 37º LMLOUG, unicamente se permitirán os usos agrícolas e gandeiros, tolerándose actividades de lecer, científicas, escolares e divulgativas, así como:

- As construcións e instalacións agrícolas e as destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva. As construcións destinadas a actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario.
- As construcións destinadas ao turismo rural, infraestruturas e obras públicas en xeral.
- As construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- Con carácter pormenorizado nesta categoría de solo, permítense ou autorízanse os usos establecidos na Normativa Urbanística deste PXOM, concordantes co disposto no Art. 37º LMLOUG.

a-2) SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL

- O PXOM inclúe na categoría de solo rústico de protección forestal, de conformidade co disposto no Art. 32º 2.b) LMLOUG, os terreos do municipio de SILLEDA que sustentan masas arbóreas que deben ser protexidas por cumprir funcións ecolóxicas, produtivas, paisaxísticas, recreativas ou de protección do solo, e igualmente aqueles terreos de monte que, aínda cando non sustentan masas arboradas, protéxense por cumprir ditas funcións e, en todo caso, polas áreas arbóreas formadas por especies autóctonas, así como por aquelas que sufrisen os efectos do lume a partir da entrada en vigor da LOUG e nos cinco anos anteriores á mesma. Igualmente inclúense nesta categoría de solo aqueles terreos que declare a Administración competente como áreas de especial produtividade forestal.
- Os criterios establecidos para a protección dos terreos integrados nesta categoría de solo baséanse na preservación de ditos terreos pola súa alta produtividade, así como garantir a utilización racional dos recursos naturais e o desenvolvemento urbanístico sostible (Art.37 LMLOUG).
- Nesta categoría de solo permítense, con carácter xeral, as actividades de lecer, científicas, escolares e divulgativas, así como infraestruturas de comunicacións e servizos.
- Autorízanse as construcións e instalacións agrícolas, gandeiras, forestais, así como as construcións destinadas a turismo rural, equipamentos que deban localizarse no medio rural, establecementos de acuicultura, etc., tendo en conta as limitacións establecidas para zonas queimadas na Lei 10/2006 pola que se modifica a Lei 43/2003 de 21 de novembro de Montes (artigo 50.1).
- Con carácter pormenorizado nesta categoría de solo, permítense ou autorízanse os usos establecidos na Normativa Urbanística deste PXOM, concordantes co disposto no Art. 37º LMLOUG.

a-3) SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Comprende, de conformidade co disposto no Art. 32º.2.c) LOUG, os terreos rústicos destinados á localización de infraestruturas e as súas zonas de afección non susceptibles de transformación, como son as de comunicacións e telecomunicacións, as instalacións para o abastecemento, saneamento e depuración de auga, as de xestión dos residuos sólidos, as derivadas da política enerxética ou calquera outra que xustifique a necesidade de afectar unha parte do territorio, conforme ás previsións dos instrumentos de ordenación do territorio e do presente PXOM.
- A protección deste solo ten por obxecto a preservación das infraestruturas existentes e de nova creación (Art. 37º LMLOUG).

- Nesta categoría de solo permítense, con carácter xeral, as actividades de lecer, científicas, escolares e divulgativas, así como as instalacións necesarias para as infraestruturas de comunicacións e servizos.
- Autorízanse as instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como, en todo caso, as de subministro de carburante.
17.03	VILANOVA	1703C01	2	3	66,67
17.03	VILANOVA	1703T01	7	9	77,78
17.04	GAMIL	1704C01	1	3	33,33

Code NR	NomeNR	CodeGRID	Parcelas edificadas (nº)	Parcelas edibicables (nº)	Grao consolidación (%)
17.04	GAMIL	1704T01	8	15	53,33
18.01	MARTIXE DE ABAIXO	1801T01	24	36	66,67
18.02	PARADELA DE ABAIXO - A MOA	1802C01	5	11	45,45
18.02	PARADELA DE ABAIXO - A MOA	1802T01	4	7	57,14
18.02	PARADELA DE ABAIXO - A MOA	1802T02	11	17	64,71
18.03	PARADELA DE ARRIBA	1803T01	8	12	66,67
19.01	CABANA	1901T01	4	5	80,00
19.02	CASAMARÍA	1902T01	10	11	90,91
19.03	COSTELA	1903T01	10	12	83,33
19.04	LIS	1904T01	14	18	77,78
19.05	A MEDA	1905T01	18	25	72,00
19.06	OUTEIRO	1906T01	9	13	69,23
19.07	A PORTELA	1907T01	8	11	72,73
19.08	QUINTEIRO	1908T01	24	32	75,00
19.09	RIBAS	1909T01	8	16	50,00
19.10	XINDIRIZ	1910T01	6	12	50,00
20.01	O CAMPO	2001C01	3	6	50,00
20.01	O CAMPO	2001T01	8	14	57,14
20.02	O COUTO	2002T01	6	8	75,00
20.03	OUTEIRO	2003T01	11	18	61,11
20.04	RIBEIRAO	2004C01	3	4	75,00
20.04	RIBEIRAO	2004T01	15	26	57,69
20.05	RIOCALVO	2005C01	7	11	63,64
20.05	RIOCALVO	2005T01	9	11	81,82
20.06	SACHOCOS	2006T01	12	22	54,55
20.07	SAN MARTIÑO	2007T01	6	9	66,67
20.08	NEGREIRIÑOS	2008T01	4	7	57,14
21.01	LAXE	2101T01	12	21	57,14
21.02	MARZA	2102T01	9	11	81,82
21.03	OLEIROS	2103T01	14	20	70,00

Code NR	NomeNR	CodeGRID	Parcelas edificadas (nº)	Parcelas edificables (nº)	Grao consolidación (%)
21.04	PAZOS	2104T01	11	18	61,11
21.05	VILANOVA	2105T01	5	10	50,00
22.01	O BARRO	2201T01	8	11	72,73
22.02	O OUTEIRO - MEDIODALDEA - EIREXE - O CRUCEIRO - SOUTO NOGUEIRA	2202C01	3	5	60,00
22.02	O OUTEIRO - MEDIODALDEA - EIREXE - O CRUCEIRO - SOUTO NOGUEIRA	2202T01	49	64	76,56
22.03	REDEMUIÑOS - O PORTAPAZOS	2203C01	1	2	33,33
22.03	REDEMUIÑOS - O PORTAPAZOS	2203T01	5	7	71,43
22.04	PORTODABALDE	2204C01	1	3	33,33
22.04	PORTODABALDE	2204T01	5	7	71,43
22.04	PORTODABALDE	2204T02	2	2	100,00
22.05	A COELLEIRA	2205T01	3	4	75,00
23.01	PAZOS	2301T01	8	13	61,54
23.02	QUINTÁS	2302T01	9	11	81,82
24.01	BESTEIRO	2401T01	7	11	63,64
24.02	CASTRAMONDE	2402C01	1	1	100,00
24.02	CASTRAMONDE	2402T01	7	12	58,33
24.03	CASTRO CASTRIÑO	2403C01	2	4	50,00
24.03	CASTRO CASTRIÑO	2403T01	7	10	70,00
24.04	CUIÑA	2404C01	1	2	50,00
24.04	CUIÑA	2404T01	19	24	79,17
24.05	PORTAPIÑEIRO	2405C01	5	9	55,56
24.05	PORTAPIÑEIRO	2405T01	3	5	60,00
24.05	PORTAPIÑEIRO	2405T02	4	6	66,67
24.06	SANTIFOGA	2406C01	7	11	63,64
24.06	SANTIFOGA	2406T01	6	10	60,00
24.07	O CAMPO	2407C01	2	6	33,33
24.07	O CAMPO	2407C02	1	3	33,33

Code NR	NomeNR	CodeGRID	Parcelas edificadas (nº)	Parcelas edificables (nº)	Grao consolidación (%)
24.07	O CAMPO	2407T01	9	14	64,29
25.01	ALDEA DE ABAIXO - SINO	2501C01	2	4	50,00
25.01	ALDEA DE ABAIXO - SINO	2501C02	1	1	100,00
25.01	ALDEA DE ABAIXO - SINO	2501T01	20	27	74,07
25.02	CARDERREI	2502T01	6	12	50,00
25.03	O ESPIÑO	2503C01	3	6	50,00
25.03	O ESPIÑO	2503T01	2	2	100,00
25.04	MEIXOMENCE	2504T01	7	13	53,85
25.05	ROSENDE	2505C01	1	2	50,00
25.05	ROSENDE	2505T01	27	34	79,41
25.06	TRASDOSISTO	2506T01	9	14	64,29
25.07	TRASFONTAO	2507C01	2	3	66,67
25.07	TRASFONTAO	2507T01	7	10	70,00
26.01	A CALZADA - LÁZARA	2601T01	18	29	62,07
26.02	CARDESÍN	2602T01	7	9	77,78
26.03	O COUTO	2603T01	6	8	75,00
26.04	CURROSPEDRIÑOS	2604T01	5	6	83,33
26.05	XASTRES - O OUTEIRO	2605T01	10	15	66,67
27.01	CORVEIRA	2701T01	6	8	75,00
27.02	A LAMA	2702T01	20	31	64,52
27.03	A TORREVEDRA	2703T01	5	8	62,50
27.04	VIS	2704T01	8	9	88,89
28.01	ALDEA GRANDE	2801T01	15	24	62,50
28.02	A CAÑOTEIRA	2802C01	1	1	100,00
28.02	A CAÑOTEIRA	2802T01	4	5	80,00
28.03	CARRACIDO	2803T01	7	13	53,85
28.04	CAXEBA	2804C01	1	3	33,33
28.04	CAXEBA	2804T01	11	16	68,75
28.05	MARAGOUZOS	2805T01	10	16	62,50
28.06	A PENA	2806T01	4	8	50,00
28.07	CASARDOÑO	2807T01	6	10	60,00

Code NR	NomeNR	CodeGRID	Parcelas edificadas (nº)	Parcelas edificables (nº)	Grao consolidación (%)
29.01	BARRO	2901T01	9	14	64,29
29.02	COSTOIA	2902T01	6	9	66,67
29.03	O MARCO	2903T01	17	28	60,71
29.04	SESTELO	2904T01	10	13	76,92
29.05	SIADOR	2905T01	14	18	77,78
30.01	CASAS DO MONTE	3001C01	6	15	40,00
30.01	CASAS DO MONTE	3001T01	6	10	60,00
30.02	FONTEBOA	3002T01	7	14	50,00
30.03	O FOXO	3003C01	5	9	55,56
30.03	O FOXO	3003C02	2	5	40,00
30.03	O FOXO	3003T01	20	26	76,92
30.03	O FOXO	3003T02	5	9	55,56
30.04	MOURELOS	3004T01	12	15	80,00
30.05	TOIRIZ	3005C01	2	2	100,00
30.05	TOIRIZ	3005C02	3	8	37,50
30.05	TOIRIZ	3005T01	15	21	71,43
30.06	TOXA	3006T01	9	17	52,94
30.06	TOXA	3006T02	2	3	66,67
30.07	TRASFONTO	3007T01	11	20	55,00
30.08	AS FERREIRAS (TRASDAIGREXA)	3008C01	11	11	100,00
31.01	CARBALLEDA	3101T01	6	10	60,00
31.02	CARRAL - TRASOVALDO - TABOADA VELLA	3102C02	41	81	50,62
31.02	CARRAL - TRASOVALDO - TABOADA VELLA	3102T01	5	8	62,50
31.02	CARRAL - TRASOVALDO - TABOADA VELLA	3102T02	10	12	83,33
31.02	CARRAL - TRASOVALDO - TABOADA VELLA	3102T03	15	23	65,22
31.03	PONTE	3103T01	5	8	62,50
31.04	REBOREDO	3104T01	13	19	68,42
32.01	O BARRAL - CABO DE VILA - O CAMPO - MAZARELOS - O REDONDO	3201C01	5	10	50,00

Code NR	NomeNR	CodeGRID	Parcelas edificadas (nº)	Parcelas edificables (nº)	Grao consolidación (%)
32.01	O BARRAL - CABO DE VILA - O CAMPO - MAZARELOS - O REDONDO	3201C02	8	11	72,73
32.01	O BARRAL - CABO DE VILA - O CAMPO - MAZARELOS - O REDONDO	3201C03	6	16	37,50
32.01	O BARRAL - CABO DE VILA - O CAMPO - MAZARELOS - O REDONDO	3201C04	3	8	37,50
32.01	O BARRAL - CABO DE VILA - O CAMPO - MAZARELOS - O REDONDO	3201T01	44	54	81,48
33.01	FONTEFRÍA	3301T01	5	10	50,00
33.02	REIGOSA	3302T01	4	7	57,14
33.03	XESTOSO-FONTELAS	3303T01	22	28	78,57

5.4.2 Solo urbano non consolidado

De acordo co establecido no Art. 46°.2 LOUG, ao municipio de SILLEDA por contar con 9.058 habitantes (2006) (poboación superior a 5.000 habitantes e inferior a 20.000 habitantes), a superficie edificable total en solo urbano non consolidado de uso residencial, hoteleiro ou terciario, non poderá superar os 0,85 m² edificables por cada m² de solo.

De acordo cos datos contidos no cadro nº 5.4.2, a edificabilidade establecida no solo urbano non consolidado e as súas correspondentes edificabilidades máximas son as seguintes:

- D1-AR-1: 0,8550 m²/m².
- D1-AR-2: 0,9575 m²/m².
- D1-AR-3: 0,6900 m²/m².
- D1-AR-4: 0,7850 m²/m².

Polo tanto, a edificabilidade establecida no distrito (0,8022 m²/m²) non supera, o límite de 0,85 m²/m² establecido legalmente.

5.4.3 Solo urbanizable

a) SOLO URBANIZABLE DELIMITADO CONTIGUO A SOLO URBANO

De acordo co establecido no Art. 46°.3 LOUG, no municipio de SILLEDA por contar cunha poboación de 9.058 habitantes (poboación superior a 5.000 habitantes e inferior a 20.000 habitantes), a superficie edificable total de cada sector de solo urbanizable delimitado de uso residencial, hoteleiro ou terciario, non poderá superar os 0,60 m² edificables por cada m² de solo.

O PXOM establece os seguintes ámbitos de solo urbanizable delimitado:

- o SUD-R1: Edificabilidade máxima: 0,50 m²/m².
- o SUD-R2: Edificabilidade máxima: 0,40 m²/m².

5.5 XUSTIFICACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS EN MATERIA DE XESTIÓN URBANÍSTICA

5.5.1 Consideracións xerais

No plano da xestión, a viabilidade do PXOM producirase coa determinación do proceso que deberá seguirse para facer efectiva a súa execución. Así, o PXOM establece toda unha serie de determinacións que teñen como finalidade garantir a materialización das actuacións establecidas neste.

As devanditas determinacións perseguen, sempre que sexa posible, a obtención mediante cesión gratuíta dos terreos destinados polo PXOM a dotacións públicas, mediante os mecanismos e técnicas de xestión establecidos legalmente.

Por outra banda, o PXOM no documento de "Estratexia de Actuación" establece a relación de actuacións urbanísticas preferentes, para os efectos de coordinar as actividades establecidas no Plan e garantir a súa materialización.

5.5.2 Criterios xerais de xestión

Como se expuxo anteriormente, as determinacións de xestión establecidas no PXOM adoptáronse tendo en conta os mecanismos, técnicas e procedementos establecidos legalmente, seleccionando aqueles que, de acordo coas circunstancias urbanísticas e coa capacidade económica e de xestión municipal, se consideraron máis axeitados para garantir a materialización das actuacións establecidas.

5.5.2.1 SOLO URBANO

Para definir os criterios de xestión en solo urbano, a parte de diferenciar o solo urbano consolidado do solo urbano non consolidado.

O solo urbano consolidado ao chegar ao final do proceso de conversión en urbano, as actuacións a desenvolver son mínimas. Pola contra o solo urbano non consolidado, ao estar sometido a un proceso de execución integral, precisa desenvolverse no seo dun polígono previamente delimitado.

a) SOLO URBANO CONSOLIDADO

Como se expuxo anteriormente, en solo urbano consolidado as actuacións previstas refírense a obras accesorias e de escasa entidade que poden executarse simultaneamente coas de edificación ou construción.

Nesta categoría de solo cando fose necesario adaptar a configuración física das parcelas delimitaranse, de acordo co establecido no Art. 122° da LOUG, "zonas de normalización de fincas", que poderán estar contidas no presente PXOM ou delimitarse con posterioridade de oficio ou a instancia de parte.

b) SOLO URBANO NON CONSOLIDADO

O solo urbano non consolidado, o seu baixo nivel de desenvolvemento urbanístico, o precisar procesos de reforma interior, renovación urbana ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de beneficios e cargas, o preverse unha ordenación urbanística substancialmente diferente da realmente existente, ou o tratarse de áreas de recente urbanización xurdidas á marxe do plan, está suxeito a un proceso de desenvolvemento de execución integral. Iso implica a necesidade de determinar no PXOM:

b-1) As Áreas de Reparto e os Aproveitamentos Tipo.

De conformidade co establecido no Art. 111°. 1 da LOUG, o PXOM delimita en solo urbano non consolidado áreas de reparto de beneficios e cargas.

Para cada área de reparto, de acordo cos criterios de cálculo establecidos no Art. 113° da LOUG, o PXOM fixa o correspondente aproveitamento tipo.

Mediante a definición das áreas de reparto e a fixación do correspondente aproveitamento tipo, o PXOM establece os "aproveitamentos susceptibles de apropiación", necesarios para garantir a reparto equitativa das cargas e dos beneficios derivados da ordenación.

b-2) Os ámbitos dos Polígonos e o Sistema de Actuación.

Dentro de cada área de reparto, en solo urbano non consolidado con ordenación detallada, o PXOM establece a delimitación dos polígonos de execución, así como o sistema de actuación máis axeitado para a súa execución.

c) CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE ÁREAS DE REPARTO.

Os criterios establecidos para a delimitación das áreas de reparto en solo urbano non consolidado, conxugan as determinacións contidas nos Arts. 111º e 112º da LOUG, coa estratexia propia do PXOM. Polo tanto a delimitación das áreas de reparto efectuouse tendo en conta o equilibrio de beneficios e cargas entre as distintas áreas, así como a proporcionalidade entre edificabilidade resultante e as cargas e dotacións previstas.

d) CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE POLÍGONOS.

A execución do PXOM en solo urbano non consolidado precisa a delimitación de polígonos ao configurarse estes, como os ámbitos territoriais que comportan a execución integral do plan e son delimitados polo presente PXOM ou polo plan que conteña a ordenación detallada, de forma que permitan o cumprimento conxunto dos deberes de cesión, de xusta distribución de cargas e beneficios e de urbanización na totalidade da súa superficie (Art. 123º. 1 da LOUG).

De acordo co establecido anteriormente o presente PXOM establece en solo urbano non consolidado con ordenación detallada os ámbitos dos polígonos, así como o sistema de actuación máis axeitado para a súa execución.

Nas áreas de reparto de pequena superficie, os ámbitos dos polígonos coinciden normalmente cos ámbitos daquelas. Pola contra as áreas de reparto de maior dimensión poderanse dividir en polígonos. Nestes casos os criterios utilizados para a súa delimitación deberán tratar de compatibilizar as esixencias legais (diferenzas de aproveitamento entre polígonos non superior ao 15% do aproveitamento tipo do correspondente área de reparto) coa consecución de ámbitos pertencentes a poucos propietarios.

5.5.2.2 SOLO URBANIZABLE

Para definir os criterios de xestión en solo urbanizable:

a) SOLO URBANIZABLE DELIMITADO.

Os criterios de xestión establecidos en solo urbanizable delimitado, baséanse nas disposicións contidas nos Arts. 111º e 114º da LOUG. o conseguinte para a determinación das áreas de reparto e do cálculo de aproveitamento tipo nesta categoría de solo, a parte de que as áreas de reparto establecidas inclúen un ou varios sectores completos e os sistemas xerais que se integran neles ou que se lles adscriben para os efectos da súa xestión. Iso implica que nalgúns casos as áreas de reparto establecidas son descontinuas.

O aproveitamento tipo de cada área de reparto determinouse de acordo cos criterios establecidos no Art. 114º da LOUG.

5.5.3 Coeficientes de ponderación e aproveitamento tipo

O PXOM, tal e como indica o art. 113.3 da LOUG, debe establecer coeficientes de ponderación, a efectos de valorar as diferenzas de aproveitamento lucrativo entre os distintos usos dunha mesma área de reparto e definir o aproveitamento tipo da mesma.

Para a obtención dos coeficientes de ponderación o presente PXOM utilizou en primeiro lugar o baremo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para a obtención dun orzamento de execución material maiorado ademais por todos os custos intervinientes no proceso edificatorio como son os proxectos, direccións de obra, seguros, licenzas, gastos xerais, beneficio do construtor.

En segundo lugar realizouse un labor de toma de testemuñas na contorna dos sectores de solo urbano non consolidado co fin de conseguir un valor de venda do produto terminado axustado.

En canto as vivendas suxeitas a protección pública, tívose en conta os prezos máximos de venda, incluído a parte proporcional de garaxe e rocho, establecidos para o concello de Silleda polo Decreto 402/2009, do 22 de outubro que toma como referencia o módulo básico estatal previsto no artigo 9 do Real decreto 2066/2008,

O método empregado é o da normativa catastral establecido polo Real Decreto 1020/1993, de 25 de Xuño.

Así calculados os coeficientes para cada uso e tipoloxía relaciónanse a continuación.

COEFICIENTES DE PONDERACIÓN USO PREDOMINANTE VIVENDA COLECTIVA

USO	V. VENTA (€/m2)*	V. CONSTRUCCIÓN (€/m2)*	V. RESIDUAL (€/m2)*	COEF.
Residencial colectiva libre	1.350,00	566,28	398,01	1,0000
Residencial VPO	1.285,95	566,28	352,25	0,8850
Comercial	600,00	187,20	241,37	0,6065
Residencial unifamiliar	1.400,00	686,40	313,60	0,7879

* Inclúe a parte proporcional de aparcamento en planta soto.

Estes coeficientes poderán ser modificados de maneira xustificada no momento que se execute o sector, debido os constantes cambios do mercado inmobiliario.

En consecuencia o aproveitamento tipo establecido nas fichas correspondentes poderá ser modificado, tamén de maneira xustificada pola modificación destes coeficientes ou polas diferentes condicións volumétricas e de uso.

AREA DE REPARTO	SUPERFICIE A.R. A EFECTOS DE CALCULO DE A TIPO (m2)	SUPERFICIE MÁXIMA CONSTRUIBLE (m2)	COEF.	APROV. LUCRATIVO EN USO E TIPOLOXÍA CARACTERÍSTICA (UA)	A.TIPO (UA/m2)	
D1-AR1	13.307,69	V. colectiva	6.195	1,0000	6.195	0,7573
		comercial	2.528	0,6065	1.534	
		V. VPO	2.655	0,8850	2.350	
D1-AR2	6.701,29	V. colectiva	3.493	1,0000	3.493	0,8481
		comercial	1.426	0,6065	865	
		V. VPO	1.497	0,8850	1.325	
D1-AR3	12.902,76	V. colectiva	4.847	1,0000	4.847	0,6111
		comercial	1.978	0,6065	1.200	
		V. VPO	2.077	0,8850	1.838	
D1-AR4	17.071,52	V. colectiva	6.202	1,0000	6.202	0,6817
		comercial	2.978	0,6065	1.806	
		V.unif.	1.094	0,7879	862	
		V. VPO	3.127	0,8850	2.767	

AREA DE REPARTO	SUPERFICIE A.R. A EFECTOS DE CALCULO DE ATipo(m2)	SUPERFICIE MÁXIMA CONSTRUIBLE (m2)		COEF.	APROV. LUCRATIVO EN USO E TIPOLOXÍA CARACTERÍSTICA (UA)	A.TIPO (UA/m2)
SUD-R1	65.672,04	V. colectiva	9.851	1,0000	9.851	0,3684
		comercial	4.691	0,6065	2.845	
		V.unif.	9.851	0,7879	7.761	
		V. VPO	4.222	0,8850	3.736	
SUD-R2	43.471,86	V. colectiva	5.217	1,0000	5.217	0,3402
		comercial	2.484	0,6065	1.507	
		V.unif.	5.217	0,7879	4.110	
		V. VPO	4.471	0,8850	3.957	

5.5.4 Criterios para a determinación do aproveitamento

En aplicación do esixido polo Art. 52.3 da LOUG, o plan xeral deberá garantir a coherencia interna das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, o equilibrio de beneficios e cargas derivados do plan entre as distintas áreas de reparto, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de reparto.

En aplicación do esixido polo Art. 52.3 da LOUG, o presente PXOM, dentro do mercado inmobiliario do municipio de Silleda, xustifica e demostra a coherencia interna das determinacións, a viabilidade da solución proposta e o equilibrio entre cada un dos sectores.

Para iso analízase, dentro de cada área de reparto, cal é a relación de beneficios e cargas da mesma, xustificando neste punto a viabilidade económica e a resultas deste cálculo a proporción e o equilibrio entre cada unha delas.

Segundo o disposto no RDL 7/2015 no seu artigo 37, para realizar valoracións neste tipo de solo, empregouse o método residual estático establecido segundo a expresión establecida polo Real Decreto 1492/2011 de 24 de Outubro, polo que se aproba o Regulamento de Valoracións da Lei do Solo.

Para iso, nunha primeira aproximación, definiuse a ordenación urbanística de cada área de reparto, en función da súa localización, contorno, e cunha relación de espazo libre e espazo edificado proporcionado.

En segundo lugar, partindo dos distintos aproveitamentos lucrativos e custos de urbanización resultado da ordenación establecida a cada área de reparto, conséguese polo método indicado na Lei do solo e no seu Regulamento.

En terceiro lugar, analízanse os custos de reposición, demolición, posibles indemnizacións, sistemas xerais, de cada área de reparto para, naqueles casos deficitarios aumentar o aproveitamento materializable co fin de xustificar en primeiro lugar o equilibrio de beneficios e cargas de cada área de reparto e en segundo lugar a proporción entre elas esixido polo Art. 52.3 da LOUG.

O resultado de tales operacións detállase no cadro que se relaciona a continuación.

XUSTIFICACIÓN ART. 52.3 DA LOUG

AR	SUP A.R.	SUP Comp.	EDIF.	M2 EDIF	V. Colectiva	Outros usos	Viv. Unif.	Viv.VPO	A.Tipo
D1-AR1	14.551	13.308	0,8550	11.378	6.195	2.528		2.655	0,7573
D1-AR2	8.461	6.701	0,9575	6.416	3.493	1.426		1.497	0,8481
D1-AR3	12.903	12.903	0,6900	8.903	4.847	1.978		2.077	0,6111
D1-AR4	19.078	17.072	0,7850	13.401	6.202	2.978	1.094	3.127	0,6817
TOTAIS	54.992	49.983	0,8022	40.099	20.737	8.911	1.094	9.356	

AR	SUP A.R.	Ventas	Ventas/m2 Const	Costes	Costes/m2 Const	Demol./Indem	Margen Bruto A.R.	EQ
D1-AR1	14.551	10.328.176	907,69	7.908.049	695,00	0,00	23,44%	-0,0007%
D1-AR2	8.461	5.823.958	907,69	4.464.871	695,87	153.054,98	23,34%	-0,4600%
D1-AR3	12.903	8.069.399	906,36	6.169.311	692,94	0,00	23,55%	0,4380%
D1-AR4	19.078	12.252.592	914,29	9.379.425	699,90	0,00	23,45%	0,0227%
TOTAIS	54.992	36.474.124	909,61	27.921.657	696,32	153.054,98		

5.6 XUSTIFICACIÓN DAS RESERVAS DE SOLO PARA VIVENDA PROTEXIDA

En aplicación do disposto no Art. 47.11º LOUG os plans xerais deberán prever unhas reservas de solo para a vivenda suxeita a algún réxime de protección pública que, como mínimo, comprenderán os terreos necesarios para realizar o 30% da edificabilidade residencial prevista.

Nas fichas incluídas como anexo a normativa urbanística establécese a necesidade que o 30% da edificabilidade residencial prevista de cada sector de solo urbano non consolidado e solo urbanizable se destinea vivenda suxeita a algún réxime de protección pública, segundo a seguinte relación:

- D1-AR-1: Edificabilidade máxima 0,8550 m2/m2. Vivenda protección mínima 30% edif. residencial
- D1-AR-2: Edificabilidade máxima 0,9575 m2/m2. Vivenda protección mínima 30% edif. residencial
- D1-AR-3: Edificabilidade máxima 0,6900 m2/m2. Vivenda protección mínima 30% edif. residencial
- D1-AR-4: Edificabilidade máxima 0,7850 m2/m2. Vivenda protección mínima 30% edif. residencial
- o SUD-R1: Edificabilidade máxima: 0,50 m2/m2. Vivenda protección mínima 30% edif. residencial
- o SUD-R2: Edificabilidade máxima: 0,40 m2/m2. Vivenda protección mínima 30% edif. residencial

5.7 XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS CRITERIOS E LÍMITES ESTABLECIDOS POLA LEXISLACIÓN URBANÍSTICA E SECTORIAL VIXENTES

5.7.1 Respecto aos criterios establecidos nos Arts. 46º.1, 47º.3 e 48º da LOUG

a) Art.46º.1 LOUG (LÍMITES DE SUSTENTABILIDADE)

En aplicación do disposto no Art. 46º.1 LOUG, a ordenación establecida en solo urbano consolidado fomenta, na medida do posible, a conservación e recuperación do patrimonio construído, dos espazos urbanos relevantes, dos elementos e tipos arquitectónicos singulares, das formas tradicionais de ocupación do solo e dos trazos diferenciais ou distintivos que conforman a identidade local.

En tal sentido a ordenación establecida en solo urbano consolidado procura manter as tramas urbanas existentes e fomenta que as edificacións de nova planta, así como as obras de reforma, rehabilitación ou ampliación das existentes, sexan coherentes coa tipoloxía arquitectónica característica do contorno, en particular en canto á altura, volume e fondo edificable.

b) Art. 47º.3 LOUG (CALIDADE DE VIDA E COHESIÓN SOCIAL)

En aplicación do disposto no Art. 47º.3 LOUG, as reservas de solo para dotacións urbanísticas previstas polo PXOM situáronse, cando o planeamento contén a ordenación pormenorizada, nos lugares máis axeitados para satisfacer as necesidades da poboación, asegurando a súa accesibilidade, funcionalidade e integración na estrutura urbanística.

Nos Plans Especiais de Reforma Interior establecidos en solo urbano non consolidado, así como nos plans parciais que desenvolvan o solo urbanizable delimitado tamén, será de aplicación o disposto anteriormente, facéndose constar este extremo nas fichas correspondentes do solo urbano non consolidado e do solo urbanizable delimitado.

c) Art. 48º LOUG (NORMAS DE CALIDADE URBANA)

En aplicación do disposto no Art. 48º LOUG, a ordenación establecida no PXOM, responde aos criterios e condicións seguintes:

c-1) **CONDICIÓN DE HABITABILIDADE, SALUBRIDADE E FUNCIONALIDADE DAS VIVENDAS E USOS RESIDENCIAIS.**

De acordo coas disposicións contidas no Art. 48º.1 LOUG, os usos residenciais e en concreto no uso de vivenda, cumprirá coas condicións establecidas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, ou conxunto de condicións de funcionalidade e habitabilidade que deben reunir as edificacións con uso de vivenda. A ordenación establecida no presente PXOM respecta as normas de deseño contidas en dito decreto respecto a dimensións, superficies e alturas, iluminación e ventilación, aseos, accesos (escaleiras e ascensores), patios, instalacións, etc., co obxectivo de lograr unha vivenda digna e adecuada.

Ademais para garantir as mellores condicións posibles de soleada e ventilación natural de vivendas, as alturas máximas das edificacións establecéronse en proporción ao ancho das vías e dos espazos libres.(Art. 48º.5 LOUG).

As Normas contidas no Art. 48º LOUG, complementáanse coas Normas de edificación e uso para vivendas e usos residenciais, contidas na Normativa Urbanística do presente PXOM.

A prohibición do uso residencial en soto e semisoto, contida no Art. 48º.1 LOUG, recóllese na Normativa Urbanística do presente PXOM.

c-2) **VIARIOS PRINCIPAIS.**

Os viarios principais de nova apertura en solo urbano non consolidado e en solo urbanizable, deseñáronse con anchos iguais ou superiores a 16 metros (Art. 48º.2 LOUG).

c-3) **USOS, ACTIVIDADES E TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS.**

A ordenación establecida procura unha razoable e equilibrada articulación de usos, actividades e tipoloxías edificatorias compatibles, evitando a repetición de solucións urbanísticas e de tipoloxías edificatorias idénticas.

Neste sentido nas ordenanzas reguladoras contidas na Normativa Urbanística do presente PXOM, establécense as tipoloxías, características e usos pormenorizados aplicables a cada unha das zonas en que se dividiu o solo urbano, en función das súas características morfolóxicas, tipolóxicas e funcionais.

c-4) **BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS E URBANÍSTICAS.**

En aplicación do disposto no Art. 48º 4 LOUG e en concordancia co establecido na Lei 8/1.997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (en diante LASB) e no Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (en diante RASB), a ordenación establecida no presente PXOM respecta os criterios contidos en dita lei, co obxectivo de lograr a accesibilidade integral a tódalas persoas.

A consecución de dito obxectivo implica a eliminación gradual das barreiras arquitectónicas urbanísticas e da edificación, así como a determinación das condicións que deben cumprir as vías e espazos libres de uso público, así como os edificios de uso e concorrencia pública, e de uso residencial sexan de titularidade pública ou privada, para que resulten accesibles a tódalas persoas e en especial a aquelas con mobilidade reducida.

No apartado Nº 5.5.6.11 desta Memoria, desenvólvense as medidas adoptadas no presente PXOM para lograr a accesibilidade integral a tódalas persoas.

5.7.2 Congruencia da ordenación cos obxectivos e fins pretendidos polo PXOM

De acordo co establecido no Art. 52º.2 LOUG, a ordenación establecida no presente PXOM, trata de ser congruente cos fins que nel se determinan, adaptándose a:

As características e á complexidade urbanística do municipio.

A capacidade técnica e económica municipal, coa finalidade de viabilizar as actuacións contidas no PXOM.

A ordenación establecida tamén garante a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais, mediante a priorización de actuacións contida no documento de "Estratexia de actuación".

5.7.3 Xustificación das proteccións establecidas en solo rústico

As proteccións establecidas no solo rústico do termo municipal de SILLEDA, parten das determinacións contidas na lexislación urbanística e sectorial vixentes, en coherencia coas conclusións do Estudo do Medio Rural e do Informe de Sustentabilidade Ambiental.

En consecuencia no solo rústico do municipio de SILLEDA, establecéronse as seguintes proteccións:

- o SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA.
- o SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL.

- o SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURAS.
- o SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DAS AUGAS.
- o SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS.
- o SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INTERESE PAISAXÍSTICO.
- o SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PARA ZONAS CON INTERESE PATRIMONIAL, ARTÍSTICO OU HISTÓRICO.

5.7.4 Xustificación da aptitude para o desenvolvemento urbanístico das áreas clasificadas como solo urbanizable

Os terreos clasificados como urbanizables no presente PXOM, presentan aptitudes adecuadas para o seu desenvolvemento, dende o punto de vista físico, medio ambiental, urbanístico e infraestrutural.

O estudo das características físicas do territorio de SILLEDA (xeotécnicas, morfolóxicas, riscos naturais ou tecnolóxicos) realizouse no Documento II deste PXOM "Estudo do Medio Rural". Polo tanto a xustificación sobre as aptitudes físicas e medio ambientais está contida en ditos documentos.

As posibilidades de conexión das áreas de solo urbanizable clasificado cos sistemas xerais de comunicacións e servizos fundaméntanse na colindancia dos solos urbanizables cos núcleos urbanos ou rurais que dispoñen de servizos urbanísticos.

Finalmente a necesidade da clasificación de solo urbanizable e a súa localización, baséanse tanto na necesidade de completar a ordenación dos bordes urbanos como nas previsións de crecemento poboacional e habitacional contidas nos apartados 5.4.3 e 5.4.5 desta Memoria.

5.7.5 Xustificación das medidas adoptadas en materia de xestión urbanística

De acordo cos criterios de xestión establecidos no apartado 4.2 desta Memoria, as medidas adoptadas polo PXOM en materia de xestión son as seguintes:

- En solo urbano consolidado as actuacións previstas refírense a obras accesorias e de escasa entidade que poden executarse simultaneamente coas de edificación ou construción. Por iso nesta categoría de solo, o presente PXOM non establece áreas de reparto, nin ningún outro instrumento ou técnica de distribución de cargas e beneficios.

Cando fose necesario adaptar a configuración física das parcelas delimitaranse "zonas de normalización de fincas", que poden estar contidas no presente PXOM ou delimitarse con posterioridade de oficio ou a instancia de parte.

- Para o solo urbano non consolidado, o Anexo I do documento de Normativa deste PXOM, contén un cadro resumen coas características das áreas de reparto e dos polígonos establecidos nesta categoría de solo.

Dito documento tamén contén as fichas correspondentes ás áreas de reparto e aos polígonos establecidos en solo urbano non consolidado.

- Para o solo urbanizable, o documento de Normativa do PXOM contén a relación de sectores de solo urbanizable delimitado, así como as fichas das áreas de reparto dos sectores de solo urbanizable delimitado.

5.7.6 Xustificación detallada do cumprimento da lexislación sectorial que afecta á ordenación urbanística.

5.7.6.1 Medio ambiente

Para a protección do medio ambiente do termo municipal de SILLEDA, a ordenación establecida no presente P.G.O.M establece unha serie de medidas de protección ambiental, das augas, da atmosfera e acústica, acordadas coas establecidas na lexislación e regulamentación vixentes.

a) PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN AMBIENTAL

Para a protección do medio ambiente do territorio municipal, estarase ao disposto do contido nas seguintes normas:

- o Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
- o Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

b) PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA

A protección contra a contaminación atmosférica, regúlase polas limitacións establecidas no presente PXOM ás emisións á atmosfera das actividades susceptibles de contaminala e, en particular, das emisións das actividades industriais.

- o Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.
- o Real Decreto Legislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.

c) PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN DAS AUGAS

As augas superficiais e subterráneas que afectan ao municipio de SILLEDA, e os vertidos das actividades susceptibles de contaminar o dominio público hidráulico, regúlase no presente PXOM polas disposicións contidas no Real decreto legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas., no RD 9/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do dominio público hidráulico e polas disposicións contidas na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

O PXOM considerará os obxectivos fixados Directiva Marco da Auga (DMA 2000/60/CE), así como na Lei 5/2006 para a protección, conservación e mellora dos ríos Galegos ou o comprendido na Lei 7/1992 de pesca fluvial.

d) PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

A protección contra a contaminación acústica, regúlase no presente P.G.O.M polas disposicións contidas na Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e polo Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

5.7.6.2 Espazos naturais

Para a determinación dos espazos naturais existentes en SILLEDA partiuse Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior

rango que se opoñan ao establecido en dito decreto. Neste decreto establécese a denominación e a superficie de cada unha delas, así como os concellos onde se sitúan.

No Concello de Silleda aparecen tres zonas de especial protección dos valores naturais que se corresponden con tres ZEC:

- o Sistema fluvial Ulla-Deza (1.633 ha)
- o Serra do Candán (10.699 ha)
- o Brañas do Xestoso (1.077 ha)

5.7.6.3 Paisaxe

O PXOM dará cumprimento aos obxectivos expresados no Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia, na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia e ao Regulamento que a desenvolve (D 96/2020, do 29 de maio). Esta Lei ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, conforme o Convenio europeo da paisaxe aprobado en Florencia o 20 de outubro de 2000 por proposta do Consello de Europa, que entrou en vigor o 1 de marzo de 2004 e foi ratificado polo Estado español mediante Instrumento do 28 de xaneiro de 2008.

O PXOM terá en conta o disposto no Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo (DOG núm. 160, do 25 de agosto).

5.7.6.4 Augas

Os espazos do municipio de SILLEDA cubertos por augas non accidentais como os ríos, encoros, lagos, lagoas, zonas húmidas e pantanosas, así como as súas marxes se protexen no presente PXOM, de acordo coas disposicións contidas Real decreto legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas e no Regulamento que a desenvolve (R.D. 849/1986 de 11 de Abril), así como no Art. 32.d) LMLOUG.

De acordo coas determinacións de dita Lei, o presente PXOM establece a protección do dominio público hidráulico, mediante a delimitación das seguintes zonas:

- o ZONA DE SERVIDUME
- o ZONA DE POLICÍA

Para cada unha de ditas zonas, o PXOM establece as limitacións en canto a edificación e uso co fin de garantir, de conformidade coa lei de Augas, a protección do dominio público hidráulico.

Tamén será de aplicación a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

5.7.6.5 Estradas

A regulación das estradas que atravesan ou discorren polo termo municipal de SILLEDA, así como a protección das súas marxes regúlanse neste PXOM polas disposicións contidas, en función da Administración Titular da correspondente estrada, na Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas

estatais, na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e pola Ordenanza Reguladora de Uso e Defensa das estradas Provinciais.

De conformidade coas disposicións contidas nas citadas leis, o presente PXOM General establece a área de influencia das estradas, a cal está integrada polas seguintes zonas:

- o ZONA DE DOMINIO PÚBLICO.
- o ZONA DE SERVIDUME.
- o ZONA DE AFECCIÓN.

En cada unha destas zonas, cuxas dimensións variarán en función da Administración titular da estrada e do tipo de vía, o PXOM establece as limitacións en canto a edificación e uso, co fin de garantir a protección das estradas e as súas marxes, e permitir, en caso de necesidade novas ampliacións.

5.7.6.6 Ferrocarril

As marxes do ferrocarril que atravesa o termo municipal de SILLEDA, así como os terreos, infraestruturas de superficie ou subterráneas e instalacións que serven para a utilización dos ferrocarrís, regúlanse neste PXOM polas disposicións contidas na Lei 38/2015, de 29 de setembro, do sector ferroviario e no Regulamento para o seu desenvolvemento RD 2387/2004, de 30 de decembro.

De conformidade coas disposicións contidas en dita Lei, o presente Plan Xeral establece as limitacións ao uso dos terreos colindantes co ferrocarril mediante a determinación das seguintes zonas:

- o ZONA DE DOMINIO PÚBLICO
- o ZONA DE PROTECCIÓN
- o LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN

En cada unha destas zonas, o Plan Xeral establece as limitacións en canto a edificación e uso, co fin de garantir a protección do ferrocarril e as súas marxes.

5.7.6.7 Aeroportos

Parte do Concello de Silleda encontrase incluído nas Zonas de Servidumes Aeronáuticas do Aeroporto de Santiago .

Nos planos represéntanse as liñas de nivel das superficies limitadoras das servidumes aeronáuticas do aeroporto de Santiago que afectan a dito ámbito, as cales determinan as alturas (respecto ao nivel do mar) que non deben sobrepasar ningunha construción, modificacións do terreo ou obxecto fixo, así como o gálibo de viario ou vía férrea.

O termino municipal de Silleda encontrase principalmente afectado pola Superficie de Aproximación, Superficie de Subida en Despegue, Superficie de Aproximación Intermedia da manobra VOR RWY 35, Superficie de Aproximación Intermedia da manobra ILS RWY 35, Superficie de Aproximación Final da manobra VOR RWY 35, Superficie de Aproximación Final da manobra ILS RWY 35 e Superficie correspondente aos sistemas visuais indicadores de pendente de aproximación VASIS da cabeceira 35.

5.7.6.8 Patrimonio cultural

Os edificios, conxuntos e elementos de interese histórico, artístico, arquitectónico, urbanístico e/ou ambiental, etnográfico ou cultural existentes no termo municipal de SILLEDA, así como os depósitos e zonas arqueolóxicas, regúlanse polas disposicións contidas na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, na Lei 16/1.985 do Patrimonio Histórico Español, no Decreto 449/1973 de 22 de Febreiro (polo que se protexen os hórreos e cabazos de máis de 100 anos) e no Decreto 571/1963, de 14 de Marzo (polo que se protexen os escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico de máis de 100 anos).

De conformidade coas disposicións contidas en ditas Leis e a efectos de conseguir unha adecuada protección do patrimonio cultural, o PXOM diferencia:

a) PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO E ETNOGRÁFICO

Nos edificios, conxuntos e elementos de interese arquitectónico e etnográfico, o presente PXOM establece varios niveis de protección, en función dos valores a protexer, así como os eidos de protección que abarcan normalmente ao elemento protexido e que se estende ao seu contorno inmediato, coa finalidade de garantir o mantemento do significado do elemento protexido, o libre acceso e a súa contemplación.

En función do nivel de protección asignado o PXOM establece o correspondente réxime de obras e usos.

b) PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Para conseguir unha adecuada protección do patrimonio arqueolóxico, o PXOM en función dos valores a protexer establece as seguintes zonas:

- o ZONA DE PROTECCIÓN INTEGRAL
- o ZONA DE RESPETO

En cada unha destas zonas, o PXOM establece as limitacións en canto a edificación e uso, co fin de garantir unha adecuada protección.

c) CAMIÑO DE SANTIAGO

Coa finalidade de conseguir unha adecuada protección do Camiño de Santiago no tramo que discorre polo termo municipal de SILLEDA, o PXOM, de conformidade co disposto na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, establece as limitacións en canto a edificación e uso, tanto no propio Camiño como nas zonas laterais de protección do mesmo.

5.7.6.9 Cemiterios

A protección dos cemiterios e a zona inmediata aos mesmos, así como as condicións que deben cumprir os novos cemiterios, regúlanse polas disposicións contidas no Decreto 134/1.998, do 23 de abril, sobre policía mortuoria e no Decreto 3/1.999 do 7 de xaneiro que modifica parcialmente o anterior.

5.7.6.10 Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas

En aplicación das disposicións contidas na Lei 10/2014, de 3 de Decembre, de accesibilidade (en diante LASB) e no Real Decreto 505/2007, de 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións (en diante CAEPE), e na Orde VIV/851/2021, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o

documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados(en adiante OVIV), a ordenación establecida no presente PXOM respecta as disposicións contidas en devanditos textos legais, co obxecto de lograr a accesibilidade integral a todas as persoas e en especial a aquelas con mobilidade reducida. De acordo coas disposicións da LASB , o RASB, CAEPE e o OVIV, o PGOM diferencia varios tipos de barreiras:

a) BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS URBANÍSTICAS.

Con a finalidade de eliminar e impedir a formación de barreiras arquitectónicas urbanísticas, o presente PXOM establece, de conformidade coas disposicións contidas na LASB, as condicións que deben cumprir as vías e espazos libres de uso público.

A efectos do presente PXOM se han diferenciado dentro do concepto de vías e espazos libres de uso público os seguintes eidos e elementos:

a-1) URBANIZACIÓNS. (ART 5 LASB)

Dentro de este concepto se engloban as condicións que debe cumprir a urbanización dos itinerarios peonís e mixtos, dos parques e xardíns, e dos aparcamentos.

o Itinerarios. (art. 6 LASB)

Os itinerarios peonís deseñaranse e realizaran se de forma que resulten accesibles a calquera persoa e garantan un uso non discriminatorio.(ART10-11 CAEPE)

- As seccións do viario establecidas no PXOM permiten cumprir coas dimensións esixidas na LASB, respecto a itinerarios peonís (beirarrúas) e mixtos, pasaxes peonís e para vehículos e pasos peonís.
- As vías públicas deberán ser adaptadas de acordo coas condicións esixidas na OVIV.
- As características dos itinerarios peonís ou mixtos de peóns e vehículos, o seu deseño e trazado, así como as súas condicións deberán cumprir có disposto no Art. 5 na OVIV.
- A comunicación vertical dos itinerarios realizarase mediante ramplas ou ascensores que cumprán as condicións establecidas no Art.14-17 da OVIV
- Nas zonas destinadas a estacionamento de vehículos lixeiros, sexan de superficie ou subterráneas, que se sitúen en vías ou espazos de uso público ou dean servizo a equipamentos comunitarios, reservaranse con carácter permanente e tan próximo como sexa posible dos accesos peonís, prazas debidamente sinalizadas para vehículos acreditados que transporten persoas en situación de mobilidade reducida de acordo co art. 35 da OVIV.

a-2) MOBILIARIO URBANO. .(ART 10-14 LASB)

Todos os elementos de mobiliario urbano de uso público deseñaranse e localizaranse para que poidan ser utilizados de forma autónoma e segura por todas as persoas, supoñéndose de maneira que non se invada o ámbito de paso, nin no plano do solo nin en altura dos itinerarios peonís.

Consideraranse elementos do mobiliario urbano ao conxunto de obxectos existentes nas vías e espazos públicos que estean superpostos ou encostados aos elementos de urbanización ou da edificación de forma

que sexa posible o seu traslado ou modificación sen alteracións substanciais de aquelas, tales como semáforos, postes de sinalización e similares, cabinas telefónicas, fontes públicas, papeleiras, veladores, toldos, marquesiñas, quioscos, colectores, varandas, bolardos, controis de aparcadoiro e calquera outros de natureza análoga (art. 25-34 da OVIV)

- Os elementos de mobiliario urbano deseñaranse e colocaranse de xeito que non obstaculicen a circulación de calquera tipo de persoas e permitan, no seu caso, ser usados coa máxima comodidade. (art. 15 CAEPE) A estes efectos cumpriran as condicións esixidas no regulamento.

- Os sinais de tráfico, semáforos, postes de iluminación ou calquera outro elemento vertical de sinalización que se emprace nun itinerario ou espazo de acceso peonil deberán ser deseñadas e colocadas de forma que resulten adaptadas, emprazándose de maneira que non obstaculicen a circulación de calquera tipo de persoas e permitan, no seu caso, ser usados coa máxima comodidade, debendo cumprir coas condicións establecidas na Lei e Regulamento de accesibilidade.

- Os elementos saíntes que se empracen nas aliñacións das fachadas de edificios que interfiran un itinerario ou espazo peonil, tales como marquesiñas, toldos e outros análogos, deberán evitar en todo caso ser un obstáculo para a libre circulación de todo tipo de persoas, debendo cumprir coas condicións establecidas na Lei e Regulamento de accesibilidade.

α-3) ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN. (art. 9 LASB)

A efectos de aplicación do Regulamento sobre accesibilidade e supresión de barreiras, se consideran elementos de urbanización calquera compoñente das obras de urbanización, entendendo por estas as referentes á pavimentación, xardinería, saneamento, sumidoiro, alumado, redes de telecomunicación e redes de subministro de auga, electricidade, gases e aquelas que materialicen as indicacións contidas no presente PXOM.

Los elementos de urbanización integrados en espazos de uso público posuirán con carácter xeral unhas características de deseño e execución tales que no constitúan obstáculo á liberdade de movementos das persoas con limitacións e mobilidade reducida, debendo ademais, no seu caso, axustarse ás condicións de adaptación establecidas na base 1.2 do código de accesibilidade do RASB, no art. 12 do CAEPE e nos art. 10-17 da OVIV.

α-4) PARQUES, XARDÍNS e ESPAZOS LIBRES PÚBLICOS (art. 7 LASB)

Os parques e xardíns e demais espazos libres de uso público deseñaranse e realizaranse de forma que resulten accesibles a calquera persoa.

Os parques, xardíns e demais espazos libres de uso público deberán ser adaptados de acordo coas seguintes condicións de accesibilidade:

- Disporán dun itinerario adaptado que permita un recorrido polo seu interior e o acceso aos elementos singulares do espazo e a os servizos hixiénicos segundo as esixencias sinaladas no art. 11 do CAEPE.

- Os elementos de urbanización (pavimentos, saneamento, alumado, electricidade, subministro de auga, etc.) que forman parte do citado itinerario estarán adaptados, de acordo co art. 12 do citado regulamento (CAEPE).

- O mobiliario urbano (sinales de tránsito, postes de iluminación ou calquera outro elemento vertical de sinalización) será adaptado de acordo co art. 15 do CAEPE e có previsto no ART 25-34 da OVIV.

- Os parques, xardíns e demais espazos libres de uso público deberán cumprir as prescricións sobre itinerarios, comunicación vertical, ramplas, ascensores e escaleiras previstas nos Art. 10 e 18 do CAEPE.

- Os aseos de uso público que se dispoñan nestes espazos deberán dispor polo menos dunha unidade adaptada composta como mínimo por un inodoro e un lavabo que poida ser accesible a calquera tipo de persoa, a cal poderá ser substituída pola adaptación, como mínimo, dun inodoro e un lavabo no interior dos aseos para cada sexo.

- Cando se instalen cabinas de aseo público en áreas de uso peonil como mínimo unha de cada dez ou fracción debera ser admisible.

- As cabinas accesibles cumpriran co disposto no Art. 34 OVIV

- Para acceder a estes servizos hixiénicos deberá existir un itinerario adaptado conforme ás condicións establecidas no Regulamento sobre accesibilidade e supresión de barreiras.

b) BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS na EDIFICACIÓN.

Con a finalidade de eliminar e impedir a formación de barreiras arquitectónicas na edificación e a efectos de garantir nas mesmas a axeitada accesibilidade aos distintos locais e pezas, instalacións o servizos propios que as compoñen, o presente PXOM, de conformidade coas determinacións da LASB e o RASB, establece os tipos de edificios nos que serán de aplicación as disposicións contidas nos textos legais citados:

b-1) EDIFICIOS DE USO PÚBLICO.

De acordo coas disposicións contidas na LASB e no RASB, se considerarán edificios de uso público, os edificios de titularidade pública o privada destinados aos seguintes usos:

o Industrial (cando conte con 50 o máis traballadores).

o Terciario:

o Comercial (Cando a superficie sexa igual o maior de 500 m²).

o Oficinas (Cando conte con máis de 50 traballadores) e en oficinas bancarias (Cando a superficie sexa igual o maior de 500 m²).

o Hoteleiro.

o Espectáculos, hostaleiro e recreativo.

o Dotacional.

o Equipamentos: Docente, sanitario asistencial, sociocultural, deportivo, relixioso e servizos públicos (excepto os no previstos no Art. 27º da RASB).

o Garaxes e aparcamentos colectivos.

- o Comunicacions: Estacións ferroviarias e de autobuses, portos, etc.

Por outra parte, en función dos tipos de obras, as disposicións contidas na LASB e o RASB serán de aplicación:

- o Nos edificios de uso público de nova planta.
- o Nos edificios de uso público existentes, ás obras de restauración, rehabilitación, ampliación o reforma que comporte un cambio de uso o afecten a un 20 % o máis da superficie inicial do edificio.
- o Aos edificios que se encontren declarados bens de interese cultural ou incluídos no catálogo do presente PXOM, no lles será de aplicación o previsto na LASB e no RASB, sempre que as modificacións necesarias afecten a elementos obxecto de protección. Para estes casos se estará ao disposto no Art. 29º.b) RASB.
- o En canto a accesibilidade e mobilidade, os edificios de uso público deberán cumprir as condicións establecidas nos Arts. 15 ao 17 da LASB e Arts. 30º a 32º da RASB, e en concreto as que fan relación a:
 - o Os accesos ao interior dos edificios dende as vías públicas.
 - o A mobilidade vertical entre espazos, instalacións e servizos comunitarios emprazados en edificios de uso público, a comunicación entre plantas que deberá realizarse, como mínimo, mediante un elemento ascensor o rampla que se axustará ás condicións establecidas no Art. 31 RASB. Así como todo aquilo que se refire a escaleiras, escaleiras mecánicas, tapices rodantes, ascensores, etc.
 - o A mobilidade o comunicación horizontal entre espazos, instalacións e servizos comunitarios emprazadas en edificios de uso público. A tal efecto deberá terse en conta o disposto no Art. 32º do RASB en relación cos itinerarios, portas, corredores e ramplas.
- o Edificios de titularidade privada e uso residencial.

En función do tipo de obra e da obrigatoriedade o no de instalar ascensores, os edificios de titularidade privada e uso residencial deberán cumprir as seguintes condicións:

- o Os edificios de nova construción nos que sexa obrigatoria a instalación de ascensor, disporán como mínimo dos itinerarios a que se refire o art. 39º apartado 1 do RASB.
- o Os edificios de nova construción nos que no sexa obrigatoria a instalación de ascensor deberán dispor dos itinerarios coas condicións e excepcionalidades previstas no Art. 39º apartado 2 do RASB, quedando excluídas, en todo caso, de dita condición as vivendas unifamiliares.
- o Os ascensores cumprirán as condicións establecidas no Art. 39º e na base 4 do código de accesibilidade do RASB.
- o Os proxectos de reforma, rehabilitación o restauración de edificios, servizos o instalacións de titularidade privada e uso residencial deberán cumprir os requisitos establecidos no Art.40º do RASB.

b-2) EDIFICIOS DE TITULARIDADE PUBLICA e USO RESIDENCIAL.

Los edificios, instalacións e servizos de titularidade pública e uso residencial de nova construción, así como os proxectos de reforma, rehabilitación o restauración dos mesmos deberán, ademais de axustarse á normativa

propia das vivendas de protección oficial de promoción pública, cumprir como mínimo coas esixencias de accesibilidade establecidas anteriormente para vivendas de uso residencial de titularidade privada.

5.7.6.11 Habitabilidade

En aplicación das disposicións contidas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, da Xunta de Galicia sobre habitabilidade das vivendas de Galicia, a ordenación establecida no presente Plan Xeral respecta as normas contidas en dito decreto e en concreto as seguintes:

a) COMPOSICIÓN E DIMENSIONADO DAS VIVIENDAS.

Tanto a ordenación gráfica como as condicións de edificación establecidas no documento de Normativa do PXOM, respectan os parámetros relativos a ocupación, frontes e fondos edificables, alturas, etc., coa finalidade de que os volumes resultantes garantan vivendas coa composición e dimensionado establecido no citado decreto.

As condicións citadas recóllense nas Normas 3 (Título III, Capítulo I, relativo ó uso residencial), nas Normas 4 (Normas de edificación) e nas Normas 7 (Normas urbanísticas particulares) do Documento de Normativa Urbanística do PXOM.

b) ILUMINACIÓN E VENTILACIÓN.

A ordenación establecida, tamén regula as condicións a que deben suxeitarse as pezas que integran a vivenda, así como as condicións que deben cumprir os patios para acadar unha óptima iluminación e ventilación das estancias. Estas condicións recóllense nas Normas 3 (Título III, Capítulo I, relativo ó uso residencial) e nas Normas 4 (Normas de edificación) do Documento de Normativa do PXOM.

c) ACCESOS A VIVIENDAS.

O dimensionado e condicións que deberán cumprir os accesos ás vivendas, así como as escaleiras e os ascensores regularanse polas disposicións contidas no decreto de habitabilidade de vivendas, as cales recóllense nas Normas 4 (Título III, Capítulo I, relativo ás condicións de accesibilidade e seguridade) do Documento de Normativa do PXOM.

d) INSTALACIÓNS MÍNIMAS.

Tal e como establece o decreto de habitabilidade de vivendas, nos edificios destinados a vivenda será obrigatorio contar con instalacións de auga fría e quente, desaugues e saneamento de augas residuais, electricidade e antena colectiva de televisión e radiodifusión. As condicións destas e outras instalacións recóllense nas Normas 4 (Título V, Capítulos I e III, relativo a condicións de dotación de servizos nos edificios) do Documento de Normativa do PXOM.

5.7.7 Xustificación do cumprimento da lei de comercio interior

Segundo o artigo 27 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, sobre o "Uso comercial do solo" o plan xeral de ordenación municipal de Silleda ordena os usos comerciais, garantindo unha adecuada protección dos contornos urbanos que asegure a necesaria accesibilidade de toda a poboación a unha oferta comercial suficiente e a protección do medio ambiente.

O plan xeral, ao ordenar os usos comerciais, destinará solo adecuado e suficiente para atender as necesidades da poboación, prestando especial atención á densidade comercial, tentando conseguir o equilibrio do territorio.

Nos sectores de solo urbanizable e os polígonos de solo urbano non consolidado, para os cales se prevexan usos residenciais, establecerase unha reserva mínima de edificabilidade para uso comercial nas plantas baixas dos edificios. Resultando uns m2 de uso comercial suficiente para atender as necesidades da poboación.

5.7.8 **Xustificación das infraestruturas de telecomunicacións**

Segundo o artigo 17.3 da lei 3 de 2013 de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, o planeamento cumpre coas especificacións de infraestruturas de comunicacións e redes electrónicas.

O PXOM de SILLEDA permite o cumprimento de ditas leis e dos seus regulamentos en canto a dereitos dos operadores, usos, etc. ... así como a instalación das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento das redes, sendo conveniente a utilización de métodos para a minimización do impacto visual que poidan producir ditas instalacións.

5.8 XUSTIFICACIÓN DA COHERENCIA DAS DETERMINACIÓNS DO PXOM

5.8.1 **Co contido dos instrumentos de ordenación do territorio**

Durante a redacción do presente PXOM, foi aprobado o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, mais non afecta o municipio de Silleda.

5.8.2 **Coas Directrices de ordenación do territorio de Galicia**

Durante a redacción do presente PXOM son aprobadas as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia en fase de aprobación definitiva.

As DOT, inclúen o municipio de Silleda dentro do Sistema Urbano Intermedio denominado Sistema Central Lalín-A Estrada. En xeral, o sistema urbano intermedio engloba vilas entre os 15.000 e os 40.000 habitantes, que enriquecen e achegan variedade ao sistema urbano da Comunidade. Estas vilas localízanse tanto nas zonas periféricas da Comunidade, onde a menor influencia das principais cidades permite a estes núcleos asumir unha maior centralidade e protagonismo. Xunto coas principais vilas integradas nos Espazos Metropolitanos constitúen o segundo chanzo na xerarquía do sistema urbano, de gran importancia para as estratexias de integración e fortalecemento do modelo territorial. Son ámbitos clave para o equilibrio territorial, a cohesión social, e posibilitar un aproveitamento integral das oportunidades de actividade de todo o territorio. Para que o Sistema Urbano Intermedio poida desenvolver adecuadamente estas funcións no Modelo Territorial de Galicia é imprescindible aumentar o seu rango urbano, de forma que se incremente a calidade e variedade dos seus servizos e o atractivo destas poboacións como espazos de residencia e actividade.

As cidades de Lalín e A Estrada son dous núcleos dinámicos, que historicamente desenvolveron funcións como centros comarcais. Constitúen elementos de relación e conexión costa-interior do sistema urbano de Galicia pois ocupan unha posición central no territorio da Comunidade. Lalín é a encrucillada das rutas de conexión de Lugo coas Rías Baixas e de Ourense con Santiago e as Áreas Urbanas do norte mentres que A Estrada ocupa unha posición moi próxima ao denominado eixe urbano do Atlántico e é o principal centro urbano entre Santiago e Pontevedra.

A conexión, mediante unha nova autovía, entre Santiago e A Estrada, a conexión Dozón- Ourense e a conexión Dozón-Santiago, mediante autoestrada, son infraestruturas que fortalecerán aínda máis os vínculos deste espazo coas dinámicas do Eixe Atlántico.

A localización destas cidades medias, a súa dimensión urbana e o seu dinamismo económico configúraas como cabeceiras dun ámbito que debe potenciarse coas novas conexións de gran capacidade previstas para comunicar entre si as principais cidades de Galicia. Silleda, a medio camiño entre ambas as cidades, é un núcleo con vocación de subcabeceira neste espazo.

Trátase de núcleos dinámicos que poden potenciarse a través de melloras na súa calidade urbana e na súa oferta de servizos. A clave é estimular as actividades produtivas e mellorar a súa capacidade competitiva. As melloras infraestruturais que se suxiren neste documento serán decisivas para sacar partido ás súas vantaxes de localización no centro de gravidade de Galicia e a pouca distancia dos principais centros metropolitanos e urbanos da Comunidade.

Os criterios establecidos no PXOM de SILLEDA, son coherentes coas determinacións establecidas nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia:

- a) Consolidar a identidade dos núcleos urbanos de Silleda e Bandeira, impulsando proxectos que melloren a calidade urbana e a súa capacidade competitiva.
- b) Fortalecer os eixos de conexión das principais infraestruturas do municipio.
- c) Fortalecer os equipamentos e dotacións dos núcleos rurais do municipio co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades de poboación.
- d) Manter o carácter e a calidade do patrimonio ambiental paisaxístico e cultural do municipio, harmonizando conservación e desenvolvemento.
- e) A ordenación tamén debe garantir a mobilidade prestando especial atención ao transporte sustentable entre tódolos municipios que integran a mariña oriental.

5.8.2.1 **Relativo ás actividades socioeconómicas**

De conformidade co establecido na Det. 3.1.5.h) DOT, nos apartados da memoria relativos a actividades socioeconómicas desenvólvese a análise, caracterización e diagnóstico das principais actividades económicas do municipio, e o diagnóstico correspondente está contido no apartado 3, relativo ao DIAGNÓSTICO SOCIOECONÓMICO E TERRITORIAL.

5.8.2.2 **Relativo a cuantificación e análise do parque de vivendas**

De acordo co establecido na Det 3.1.4 DOT nos apartados relativos ao parque de vivendas procédese á cuantificación e análise do Parque de Vivendas de SILLEDA, coa finalidade de fundamentar, no seu caso, as previsións de necesidades de novas vivendas ao ano horizonte do PXOM. Para o que se procedeu a analizar o parque de vivendas, inclúen as vivendas baleiras e sen uso, realizando unha valoración das medidas que de

ser o caso, haxa que adoptar para a substitución ou a mellora de edificacións non habitables ou ruinosas, así como de estímulo á rehabilitación.

5.8.2.3 Relativo ás previsións de crecemento da vivenda

Nos apartados relativos á previsión de vivendas realízase a previsión de novas vivendas ao ano horizonte do PXOM (16 anos contados a partir da aprobación definitiva do mesmo), que de acordo co establecido nas Determinacións 3.1.4 e 3.1.5.h das DOT deberán fundamentarse nas previsións do ritmo da evolución de condicións socio demográficas e socioeconómicas.

5.8.2.4 Relativos á clasificación de solo

No PXOM, de conformidade co establecido nas DOT defínense os obxectivos, criterios e solucións adoptadas, tanto de ordenación como de carácter ambiental, para o municipio de SILLEDA.

a) SOLO URBANO

A delimitación deste solo obedece tamén aos criterios da Det 3.1.2 DOT que establece que unicamente poderán ter a consideración de ámbitos aptos para o desenvolvemento urbano aqueles solos que reúnan os requisitos de necesidade e idoneidade e que, de acordo coa lexislación urbanística, sexan clasificados como solos urbano ou urbanizable.

b) SOLO DE NÚCLEO RURAL

b-1) CRITERIOS PARA A CLASIFICACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL

Para a clasificación do solo dos núcleos rurais tivéronse en conta os criterios establecidos na Det 3.1.6 DOT, que se complementan cos criterios establecidos no Art. 13 LOUG.

A Det 3.1.6 DOT establece que: terán a consideración de solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan municipal defina e delimite. Para a súa delimitación teranse en conta unha serie de criterios: a súa clasificación en plans anteriores, o número de vivendas, o grao de consolidación, a vinculación e presenza de actividades propias do medio rural e aqueloutros definidos na lexislación urbanística.

O Art. 13 LOUG establece os mesmos criterios que as DOT e complementaas, de acordo co seguinte contido: O solo de núcleo rural está constituído polos terreos que serven de soporte a un asentamento de poboación, singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que a presente PXOM define e delimita como tales, polo menos, a súa inclusión como tal, ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, no seu caso, a tipoloxía histórico tradicional do seu armazón e das edificacións existentes no mesmo.

De acordo co Análise sobre o Modelo de Asentamento da Poboación e cos criterios establecidos nas determinacións 3.1.7, 3.1.9 e 3.1.11 das DOT e no Art. 13.2 LOUG, os núcleos rurais existentes en SILLEDA delimitáronse de acordo cos seguintes criterios:

As súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas, en concreto a súa estrutura morfolóxica, a funcionalidade e a variación tipolóxica existente no sistema de asentamentos rurais.

Coa súa capacidade de acollida da demanda prevista do uso residencial no medio rural, a partir dos estudos sobre necesidades de crecemento e dinámicas recentes de transformación contidas no Análise do Modelo de Asentamento da Poboación.

Na delimitación dos asentamentos rurais de tipo polinuclear, fíxose en conta a existencia de lazos de cohesión que garantan a súa integración como tales.

A delimitación do perímetro dos núcleos rurais, realizouse atendendo ás condicións topográficas e estrutura da propiedade e, do seu nivel de integración, nas dotacións e servizos existentes, axustándose ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes.

Ademais, de acordo co establecido na Det 3.1.10 DOT, co fin de evitar crecementos lineais, deseñáronse á escala 1:2000 os viarios internos dos núcleos rurais nos que sexa posible consolidar as novas edificacións.

Tamén se tivo en conta na ordenación dos núcleos rurais, os criterios da Det 3.1.8 DOT que especifica que deberán terse en conta na regulación dos núcleos rurais: o tamaño medio de parcela edificable, criterios de compactación, tipoloxía construtiva, funcionalidade e dinámica dos núcleos ou a disposición das edificacións e as actividades económicas, en particular as agrarias, coa finalidade de garantir a compatibilidade entre a calidade do hábitat e a viabilidade demográfica dos asentamentos rurais.

c) SOLO RÚSTICO

c-1) CRITERIOS PARA A CLASIFICACIÓN DE SOLO RÚSTICO

Para a clasificación do solo rústico adoptáronse os criterios establecidos nas directrices de ordenación do territorio (DOT) e na LOUG.

A Det 3.3.14 das DOT define como solo rústico: "aqueles terreos que atendendo aos seus elementos singulares de carácter produtivo agrogandeiro-forestal, ecolóxico, paisaxístico, ou como consecuencia da necesidade de previr riscos, preservar o dominio público ou manter espazos aberto, terán como destino preferente os usos que lle son propios, e así, quedar á marxe do proceso urbanizador, co que se poderán incorporar á xestión urbanística do solo preservando os seus valores e manténdoo libre de edificación". Estes criterios complementáanse cos establecidos no Art. 15 da LOUG, que define como solo rústico, os terreos do termo municipal de SILLEDA que o PXOM preserve do proceso de desenvolvemento urbanístico e, en todo caso, polos seguintes:

Os terreos sometidos a un réxime especial de protección incompatible coa súa urbanización, de conformidade coa lexislación de ordenación do territorio ou coa normativa reguladora do dominio público, o medio ambiente, ou o patrimonio cultural, as infraestruturas e doutros sectores que xustifican a necesidade de protección.

Os terreos que, sen estar incluídos entre os anteriores, presentan relevantes valores naturais, ambientais, paisaxísticos, produtivos, históricos, arqueolóxicos, culturais, científicos, educativos, recreativos ou outros que os fagan merecedores de protección, ou con aproveitamento que deban someterse a limitacións específicas.

Os terreos que sufrindo a degradación dos valores enunciados no apartado anterior, son protexidos o fin de facilitar eventuais actuacións de recuperación dos seus valores.

Os terreos ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación, ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que simplemente perturben o medio ambiente ou a seguridade e saúde.

Os terreos que o PXOM ou os instrumentos de ordenación do territorio consideren inadecuados para o desenvolvemento urbanístico, en consideración aos principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.

Por outra banda, en aplicación da Det 3.3.15 DOT, o PXOM, ademais de definir as diferentes tipoloxías de solo rústico de todo o termo municipal atendendo aos criterios establecidos na LOUG, tivo en conta, tamén, as delimitacións e determinacións emitidas polas administracións sectoriais con competencia nos usos inherentes á natureza deste solo rústico, establecéndose un réxime de usos en que se salvagarde a funcionalidade de cada unha das clasificacións e o seu uso sustentable.

Compatibilizando a existencia da LOUG e das DOT, os tipos de solo rústico de especial protección (SREP) establecidos en SILLEDADA, son os seguintes:

- SRP Agropecuaria
- SRP Forestal
- SRP de Espazos naturais
- SRP de Augas
- SRP de Infraestruturas
- SRP Paisaxística.
- SRP de Patrimonio Cultural.

d) SOLO URBANIZABLE

d-1) CRITERIOS DE LOCALIZACIÓN DO SOLO URBANIZABLE

As reservas de solo urbanizable residencial localizáronse lindeiros co núcleo urbano, coa finalidade de permitir o desenvolvemento harmónico do núcleos e optimizar os custos de infraestruturas, servizos e dotacións públicas, o que implica tamén o respecto do contido da Det 3.1.5.a) DOT que, prohíbe establecer crecementos residenciais desvinculados dos asentamentos preexistentes

5.8.2.5 Obxectivos e criterios ambientais adoptados

a) COMPATIBILIZAR O PLANEAMENTO CUN CICLO HÍDRICO OPTIMIZANDO OS RECURSOS NO MARCO DUN MODELO TERRITORIAL EFICIENTE

- Previr os riscos naturais relacionados mediante a delimitación das zonas inundables, a rede hidrográfica e o seu contorno.

- Protexer a rede hidrolóxica municipal e o seu contorno. De conformidade co establecido na Det 4.7.15 DOT, o PXOM preserva do proceso urbanizador a contorna dos ríos, regatos e encoros do termo municipal, quedando sometidos ao réxime de usos que, para esta clase de solo, establece a lexislación urbanística e sectorial vixentes, limitándose especialmente os usos en zona de fluxo preferente. Optimizar o consumo de auga mediante a construción de redes de saneamento e abastecemento máis eficientes.

- Favorecer a infiltración natural da auga de choiva e o seu retorno ao medio, regulando a creación de superficies permeables.

- Optimizar os recursos de auga mediante a construción de redes de saneamento e abastecemento máis eficientes.

- Fomentar, de acordo co establecido na Det 4.7.27 DOT, o aforro e a eficiencia no uso de auga.

b) MINIMIZAR OS EFECTOS DO PLANEAMENTO SOBRE A CALIDADE DO AIRE E O CAMBIO CLIMÁTICO

b-1) Evitar as expansións e o modelo territorial disperso.

b-2) Planificar de maneira integrada os usos do solo e o transporte, mellorando así a accesibilidade e reducindo a mobilidade obrigada:

De acordo con establecido na Det 4.1.5 DOT, a eliminación progresiva de travesías e de tráfico de longo percorrido do núcleo urbano.

- o A redución gradual da utilización de vehículos persoais e a potenciación, de acordo co contido da Det 4.1.7 DOT, da implantación de varios modos de transporte diferentes (peonil, bicicleta, autobús, vehículo particular), así como a mellora do servizo do transporte públicos, dando prioridade aos modos de transporte colectivo.
- o A adecuación do sistema viario aos novos modos de transporte. Dado que o viario urbano existente é, en xeral, de pequena sección para unha calzada de dúas direccións, aparcadoiros e beirarrúas de anchura suficiente, foméntase o deseño de rúas de dirección única coa finalidade de: reducir a intensidade de tráfico e a contaminación acústica, e potenciar o carácter peonil do viario urbano, aumentar a capacidade de aparcadoiro, aumentar o ancho de beirarrúas para permitir a implantación de arboredo e mellorar as condicións estéticas e ambientais actuais.

b-3) Regular os usos industriais e os niveis de emisións permitidos segundo a actividade.

b-4) Estudar as áreas de risco e as principais fontes de contaminación atmosférica e establecer medidas para reducir as emisións.

b-5) Regular a iluminación pública para reducir o consumo enerxético e minimizar a contaminación lumínica.

b-6) Considerar impactos atmosféricos nas licenzas urbanísticas.

c) FOMENTAR O METABOLISMO URBANO ENERXÉTICO

De conformidade co establecido na Det 4.6.12 DOT, expónse en relación co metabolismo urbano enerxético os seguintes obxectivos:

c-1) Fomentar a integración do concepto de eficiencia enerxética na organización do núcleo urbano, no deseño urbanístico, na edificación, nos sistemas de mobilidade e accesibilidade e na xestión urbana, tanto en sectores residenciais de nova construción como nos tecidos urbanos preexistentes.

c-2) Fomentar a definición dun nivel mínimo de enerxías renovables e un determinado grao de autosuficiencia enerxética que permita combinar a xeración local coas medidas de aforro e eficiencia.

c-3) Fomentar a adaptación da morfoloxía urbana, ás tipoloxías e ao deseño dos espazos exteriores ás condicións bioclimáticas.

c-4) Diseñar, onde resulte posible e de interese, estruturas urbanas compatibles cos sistemas centralizados de calefacción.

d) FOMENTAR A MINIMIZACIÓN DE RESIDUOS, E A RECICLAXE DE RESIDUOS URBANOS

De acordo coa Det 4.8.5 DOT, o PXOM establece como obxectivo, a redución tanto do consumo de materiais como da produción de residuos, así como a reciclaxe de residuos urbanos. Para a consecución destes obxectivos adóptanse os seguintes criterios e medidas:

d-1) DE CARÁCTER XERAL

- o Implantar a recollida selectiva municipal para todo tipo de residuos.
- o Analizar o sistema de recollida de lixo municipal, inventariar os medios e garantir as dotacións necesarias para unha correcta xestión dos residuos.
- o Fomentar a reciclaxe e a reutilización e facilitar a dispoñibilidade de instalacións adecuadas para o seu depósito e tratamento.

d-2) EN RELACIÓN COS RESIDUOS XERADOS NA EDIFICACIÓN O PXOM fomenta:

- o O emprego de materiais locais tradicionais na construción (naturais, renovables), evitando materiais de alto impacto ambiental (Det 4.8.5.a) DOT)
- o A redución dos movementos de terras (Det 4.8.5.b) DOT)
- o A redución, en xeral, do consumo de materiais na edificación, incrementando o uso de materiais renovables ou con menor consumo enerxético na súa fabricación e posta en obra, ou reciclaxes ou reutilizados. (Det 4.8.5.c) DOT)
- o O establecemento de medidas para fomentar o emprego de materiais reciclados ou reciclables e técnicas construtivas que posibiliten a reciclaxe/desmonte, así como a coordinación coa regulamentación da produción e xestión dos residuos de construción e demolición. (Det 4.8.5.d) DOT)
- o O dimensionado e a localización axustada dos espazos necesarios para os sistemas de recollida selectiva de residuos. (Det 4.8.5.e) DOT).

e) CONSERVAR A BIODIVERSIDADE DO TERRITORIO

e-1) Conservar a biodiversidade do territorio

e-2) Ordenar o medio natural mediante unha análise e un diagnóstico idóneos que permitan asignar diferentes categorías de protección..

e-3) Regular as actividades de lecer e recreativas nas áreas de valor natural.

e-4) Inventariar tódalas áreas destacables polos seus valores ambientais, paisaxísticos, culturais e produtivos.

e-5) Fomentar a conservación dos usos sustentables dos recursos cinexéticos do territorio.

e-6) Introducir criterios de sustentabilidade no deseño dos espazos libres e zonas verdes.

e-7) Garantir a conectividade biolóxica mediante a continuidade física da rede de espazos de interese natural.

e-8) Inventariar o territorio segundo as áreas de maior fragilidade ambiental.

f) INTEGRAR, PROTEXER E DIVULGAR O PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO, CULTURAL OU ETNOGRÁFICO DE SILLEDAS

f-1) Integrar, protexer e divulgar o patrimonio arqueolóxico, cultural ou etnográfico

f-2) Inventariar os elementos de valor arqueolóxico, cultural ou etnográfico existentes en Silleda.

f-3) Establecer os perímetros de protección acomodados para cada área ou elemento de valor e preservalos do proceso construtivo.

f-4) Difundir e divulgar os valores educativos do patrimonio cultural, arqueolóxico e etnográfico.

g) PROTEXER E INTEGRAR A PAISAXE NO PLANEAMENTO

g-1) Protexer e integrar a paisaxe no plan.

g-2) Conservar e mellorar a paisaxe en todo o territorio municipal mediante a identificación das unidades de paisaxe e o establecemento de medidas preventivas e correctoras para a súa protección..

g-3) Inventariar as áreas con máis fragilidade paisaxística e tomar este factor como límite para aquelas actuacións con impactos significativos..

g-4) Preservar os valores paisaxísticos de interese, o patrimonio cultural e a identidade municipal.

g-5) Estudar o impacto paisaxístico daquelas actuacións que poidan afectar visualmente aos elementos e áreas catalogadas ou protexidas.

h) ESTUDAR ÁS NECESIDADES DE CRECEMENTO

En relación coas necesidades de crecemento o obxectivo principal fundaméntase no FOMENTO DOS PRINCIPIOS DE SUSTENTABILIDADE, o que leva:

h-1) En aplicación do contido da Det 3.1.16 DOT, prestar especial atención ás características propias e diferenciadoras de cada núcleo ou asentamento, tales como a inserción topográfica, a relación co seu contorno máis próximo, as actividades realizadas nesa contorna próxima e a súa encadre parroquial, morfoloxía viaria e parcelaria, tipoloxías arquitectónicas, elementos patrimoniais e paisaxe que entre eles

compoñen.

h-2) Implantar criterios de sustentabilidade e eco-eficiencia (Orientación, configuración arquitectónica, regulación de materias, illamentos, etc.) nas planificacións e deseño das novas áreas de crecemento e nas edificacións.

h-3) En concordancia co establecido na determinación 3.1.16 DOT, o PXOM adopta, no núcleo urbano os seguintes criterios

- o Previsión de espazos destinados a cumprir funcións ecolóxicas como a redución ou mitigación da contaminación, a integración en corredores ecolóxicos ou a drenaxe e, no seu caso, depuración de augas de escorrentía.
- o Limitación de usos nas zonas con risco de inundación, de face a garantir a protección de canles, evitando e diminuindo os danos ambientais e sobre bens e persoas, seguindo as prescricións establecidas na planificación hidrolóxica e nos plans de xestión de inundacións.
- o Preferencia das actuacións que se desenvolvan en continuidade cos armazóns urbanos xa existentes, respectando en calquera caso as zonas ou espazos que deban preservarse do desenvolvemento urbanístico polos seus valores naturais ou polo seu necesario destino ás funcións ecolóxicas anteriormente citadas.
- o Fomento á aproximación a modelos de ordenación urbana de densidade media ou alta que contribúan a alcanzar niveis de masa crítica suficientes para facilitar as relacións sociais e viabilizar a implantación de dotacións, servizos e actividades terciarias e de lecer, tanto públicas como persoais.

De acordo co contido da Det 3.1.5 DOT, fomento da perspectiva do metabolismo urbano, perseguindo nos novos desenvolvementos a aproximación, na medida do posible, da autosuficiencia en enerxía e o autosubministro hídrico.

5.8.2.6 Estudo da paisaxe urbana

De conformidade co establecido na Det 8.6 DOT, o PXOM na Análise do Modelo de Asentamento realiza un estudo da paisaxe urbana.

a) NÚCLEO DE SILLEDA

Este núcleo, que conta cunha poboación de 2.157 habitantes do total de 9.058 habitantes que conta o municipio, é a capitalidade do municipal.

O viario no centro do núcleo onde o crecemento é entre medianeiras é regular.

No centro urbano as actuacións van consolidando os baleiros que quedan nos quinteiros, algunhas de gran superficie e existen grandes zonas libres de edificación no seu interior.

As tipoloxías van cambiando a medida que nos afastamos do centro, nas zonas máis afastadas, que se atopan en contacto cos solos rústicos ou urbanizables, a tipoloxía xeralmente é de vivendas unifamiliares.

No núcleo de SILLEDA predomina a edificación residencial conformada por tipoloxías densas e que van descendendo a medida que nos afastamos deste.

O núcleo de Silleda está constituído por edificación residencial apegada ou entre medianeiras apoiada sobre un viario bastante regular e cunha sección que varía entre 8 e 22 metros, con edificacións de entre dúas e cinco alturas e con fondos variables. Na maioría dos accesos á trama urbana, e principalmente entorno á N-525, existen zonas de vivendas colectivas con paredes medianeiras vistas, que a medida que nos afastamos do núcleo pasan a unha tipoloxía de vivenda unifamiliar sobre todo exenta.

Os materiais de fachada principais correspóndense coa cantería en vivendas unifamiliares rematadas con cubertas de tella a dúas augas, mentres que nos edificios colectivos predomina o aplacado de pedra en fachada.

Na composición de ocios de fachada predominan as fiestras de dimensións verticais rectangulares, de proporcións ¾ ou ⅔. Os edificios presentan fiestras balconadas, e algúns posúe balcóns en voos cerrados con varandas.

As galerías complementáanse á composición da fachada, empregándose conxuntamente con fiestras balconadas ou fiestras con balcón en voo.

O material máis empregado na carpintería, tanto nas fiestras e portas como nas galerías, son a madeira e a perfilaría lacada ou esmaltada, sendo as cores predominantes o branco e o marrón.

Predomina como revestimento de fachada a pedra e o enfoscado e pintado dos paramentos. As cores máis empregadas nos revestimentos de fachadas enfoscadas é o branco.

Co fin de mellorar as fachadas urbanas exteriores e evitar medianeiras vistas, no núcleo de Silleda, na entrada pola N-525 desde A Bandeira, propónse o establecemento da ordenanza O-2.3 co recuamento grafado nos Planos de Ordenación que permita a apertura de novos ocios en fachada.

Dentro da imaxe urbana interior do núcleo, pola Avda do Parque, o encontro entre a ordenanza O-2 de catro alturas e a ordenanza O-4 de vivenda unifamiliar resólvese por un tratamento da medianeira vista, xa sexa por medio de materiais vexetais (fachada vexetal), madeira u outro material acorde cos existentes da vivenda protexida do seu carón, estando prohibido calquera rótulo sobre el.

Con respecto ao encontro axeitado do sector T1 do solo urbanizable coa ordenanza O-3 do solo urbano establécense como cautela que en dito sector non se podrá xerar novas medianeiras no límite do sector xa que a ordenanza O-3 esixe unha separación a lindeiros lateral de 5m. Ademais no propio sector T1 os frentes cara o solo rústico terán tratamento de fachada.

b) NÚCLEO DE A BANDEIRA

Situado na zona noroeste do municipio, conta cunha poboación de 694 habitantes, sendo o segundo núcleo en tamaño do municipio, despois de SILLEDA.

O crecemento do núcleo apóiase na estrada nacional N-525 e na estrada autonómica PO-204 que se unen perpendicularmente. Paralelas a estas xorden outras vías nas que se apoia o crecemento do núcleo.

O viario no centro do núcleo, onde o crecemento é entre medianeiras é bastante regular.

No centro urbano as actuacións van consolidando os baleiros que quedan nos quinteiros, algunhas delas de gran superficie.

As tipoloxías van cambiando a medida que nos afastamos do centro, nas zonas máis afastadas, que se atopan en contacto cos solos rústicos ou urbanizables, a tipoloxía xeralmente é de vivendas unifamiliares.

No núcleo de A BANDEIRA predomina a edificación residencial.

O núcleo de A Bandeira está constituído por edificación residencial apegada ou entre medianeiras apoiada sobre un viario regular e cunha sección que varía entre 8 e 24 metros, con edificacións de dúas e cinco alturas e con fondos variables.

Nos bordos do núcleo predomina a tipoloxía de vivenda unifamiliar sobre todo exentas.

O material construtivo máis frecuente das vivendas tradicionais e construcións adxacentes é a pedra e as cubertas son inclinadas de tella.

Na composición de ocos de fachada predominan as fiestras de dimensións verticais rectangulares, de proporcións $\frac{3}{4}$ ou $\frac{2}{3}$. Os edificios presentan fiestras balconadas, e algúns posúe balcóns en voo cerrados con varandas.

As galerías complementanse á composición da fachada, empregándose conxuntamente con fiestras balconadas ou fiestras con balcón en voo.

O material máis empregado na carpintería, tanto nas fiestras e portas como nas galerías, son a madeira e a perfilaría lacada ou esmaltada, sendo as cores predominantes o branco e o marrón.

Predomina como revestimento de fachada a pedra e o enfoscado e pintado dos paramentos. As cores máis empregadas nos revestimentos de fachadas enfoscadas é o branco.

Co fin de mellorar as fachadas urbanas exteriores no núcleo de A Bandeira, tómase como medida para evitar as medianeiras vistas, tanto na entrada desde Silleda na beira oeste, como na glorieta de entrada ao colexio público e na entrada pola rúa Fernando Penoucos Pájaro con respecto ao primeiro cuarteirón á dereita, o establecemento da ordenanza O-2.3 co recuamento grafado nos Planos de Ordenación, de cando menos 3m que permita así a apertura de novos ocos en fachada.

Asinan:



Alfonso Botana Castelo
Arquitecto



Beatriz García Becerra
Arquitecta



Paula Fernández Otero
Bióloga